


Como dicilo ?

*Serie publicada no dixital Sermos Galiza
durante os anos 2017, 2018 e 2019*



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)
Citar como: Henrique Harguindey: *Como dicilo?*
<http://palabras desconxeladas.com>

Saudando (Boas ?)

Son moi variadas as formas de saúdo nas distintas culturas. E as fórmulas utilizadas nas diversas linguas. A maiores, moitas veces diferentes grupos (sociais, relixiosos, de idade, etc) teñen os sus propios saúdos. E mesmo hai saúdos persoais que por veces chegan a espallarse e asentarse.

Pódese facer preceder o que é propiamente o saúdo por unha interxección que expresa sorpresa (agradábel) e alegría como *Ola !*, do que existen numerosísimas variantes (dende o portugués *Olá !* e o español *¡Hola !* ao angloamericano *Hello !* e o alemán *Hallo !* ou o hawaiano *Aloha !*). Tamén aparece moitas veces *Ai !/Ei !/ Oi !*, con variantes como o *Hi !* británico, o *Hai !* finés, o *Hau !* siux, o *Hei !* noruegués ou o *Oi !* frisón.

O normal é que o saúdo exprese bo desexo cara á persoa ou persoas que atopamos despois dunha ausencia : desexámoslle un bo momento (*Bo día !*) ou boa saúde (*Saudiña !*) -de aí procede o verbo *saudar*- ou expresamos a nosa ledicia por volvela ver (*Alégrome de volver vela !*) ou interesámonos por como se atopa (*Como lle vai ?*)

En español actual existe unha forma apocopada (é dicir na que se omite a parte final) de *¡ Buenos días ! / ¡ Buenas tardes ! / ¡ Buenas noches !* Trátase de *¡ Buenas !* para saudar en calquera momento do día. Realmente debería ser *Buenos !* (de *¡ Buenos días !*) se se utiliza pola mañá, reservando *Buenas !* para as tardes e noites, mais a comodidade rexíu sobre da lóxica.

Esta solución resulta inédita para outras linguas que teñen as mesmas fórmulas de saúdo : ninguén di nese caso en inglés, francés, alemán ou portugués : *Good ! Bon ! Buona !/Buon !* ou *Boa !/Bom !* Igual de sorprendente lle soa a un falante tradicional de galego sentir alguén saudar dicindo *Boas !*

Á beira das fórmulas de saúdo tradicionais existen tamén outras -para saúdo ou despedida- máis grupais nas que non imos entrar. Lembraremos só algunhas bastante utilizadas entre nós nos últimos tempos : unhas de bos desexos xerais (*Saudiña e que cante o merlo ! / Unha aperta de buxo !*) outras de sintonía política (*Saúdos socialistas/ comunistas, Saúde e República !*) ou outras de vencello galeguista como o pondalián *Boandanza e saúde, raza (ou Terra, ou xente) de Breogán !*

E ao celebrarmos este ano o centenario das Irmandades da Fala non deixaremos nós de lles desexar a lectoras e lectores:

Saúde e Terra !

O falar ten cancelas

Coa linguaxe expresamos as nosas necesidades, sentimentos e ideas. Expresámoslles ás outras persoas. A nosa fala, pois, móvese entre o individual e o social. É unha ferramenta de comunicación –cos demais, claro- que ten que valer para o colectivo mais ao tempo nútrese das aportacións individuais. Constitúe un conxunto estábel no territorio e no tempo, necesario para asegurar a intercomprensión e a continuidade, mais tamén se alimenta constantemente das creacións que a anovan para que non se enferruxe e perda a utilidade. Prodúcese unha tensión entre o control da colectividade, que incorpora ou rexeita elementos novos e vellos, que depura, e o individuo, que ten un papel activo, creador, non unicamente repetitivo. Para avanzar é preciso o equilibrio.

Os países artellan medios de espallamento e unificación da linguaxe dentro da propia comunidade. A estrutura da Administración, o Ensino, a rede da Cultura e os medios de comunicación son nos nosos días o eixo fundamental. E ese dobre camiño de ida e volta cúmprese coa difusión homoxeneizada da lingua e coa proxección de persoas de gran peso social que chegan mesmo a influír lingüísticamente sobre a cidadanía.

Non podemos evitar esa influencia, mais si reivindicarmos o papel de utilizadores autónomos e conscientes da linguaxe. De creadores a partir do noso. A nosa expresión non pode ficar reducida a unha pobre caricatura: ás veces damos mágoa (e mesmo risa). Imaxinemos alguén dicindo:

A día de hoxe, ata onde eu sei, o que hai é que facer os deberes, iso vai a misa. En calquera caso, e como non podía ser doutro modo, hoxe non toca. Para nada, vai ser que non: dalgunha maneira non hai química.

A construción esmagadora do noso discurso a base deses elementos – por outra banda importados recentemente ao galego dende o “madrileñí”- acábao afogando, empobrecido e ridiculizado. Sería ben mellor dicir:

Na actual situación, polo que eu entendo, o que hai que facer é cumprir as obrigas, iso é indiscutíbel. En todo caso, e como resulta evidente, agora non é o momento diso. En absoluto, a resposta é “non”: en certo sentido non hai sintonía.

Ou empatía. Ou feeling.

Porque non se trata de montarmos barreiras que impidan os préstamos entre linguas nin de mantermos artificialmente conxelado un estadio da lingua por riba da Historia, senón de crearmos e innovarmos partindo da cohesión idiomática.

Castelán de Galiza

Durante séculos, o galego impregnou o castelán que se falaba na Galiza. Configurou un dialecto do español coñecido como *castelán de Galiza* e aínda que falase en castelán, un galego, unha galega, era de inmediato recoñecido polo seu *acento*, polas súas peculiaridades morfosintácticas (nunca empregaba un verbo composto, dicindo, por exemplo: *¿Lo has visto?* senón *¿Lo viste?* ou trasladaba o noso dativo de interese ao dicir *No le sé si marchó*) ou pola masiva inclusión de palabras galegas (*pan reseso*, *esmagar*, *la billa del lavabo*, etc.) ou locucións idiomáticas como *echar la lengua a pacer* e exclamacións como *Manda truco!*

Unha das características máis definitorias da nosa lingua, o importante emprego de sufixos expresivos -e nomeadamente dos diminutivo-garimosos- chamaba a atención dos foráneos cando se empregaba no castelán dos galegos. E non era para menos, a súa presenza era constante: *Ábreme la puertiña, aparta la pierniña, sea buen niño*, etc.

Moitas rapazas e rapaces -aínda que daquela non se podían poñer nomes galegos- eran familiarmente chamados, mediante o emprego de sufixos expresivos ou de recursos propios, con formas autóctonas: *Pacucha, Vituco, Carmela, Pancho, Purecha, Quinocho, Cholo, Choncha, Suso, Lucho, Lela, Moncho*, etc. E, claro está, *Pepiño, Carmiña, Mariquiña*, e todos cantos queiramos formar co diminutivo -*ño/-iña*.

Hoxe, o castelán que se fala na Galiza está cada vez máis depurado de incrustacións galegas. Debido, maiormente, á recepción directa do modelo lingüístico do español a través da Administración, do ensino, e sobre todo dos medios de comunicación oral. Cada vez é un castelán máis *ortodoxo*, menos distintivo.

O malo é que agora o proceso inverso, iniciado xa hai séculos, está desgaleguizando a nosa lingua, privándoa de elementos substantivos e modificándoa pola infiltración de elementos alleos.

E podemos sentir unha frase pronunciada como *Vou a o cine* ou ler e escoitar *a leite, ela sabe tanto coma eu, chamáronlle por teléfono, non había feito nada, o sei moi ben*, e outras deturpacións do noso idioma.

Debemos esforzarnos en reintroducir no noso galego cotián todos os trazos da lingua que aínda perduran. Que, por fortuna, son moitos.

A navalla

A nosa lingua ten un riquísimo fondo de frases feitas, expresións idiomáticas e refráns que se foron creando durante séculos. Mais, como o resto da nosa identidade, ese tesouro lingüístico vese ameazado pola perda e a deturpación. Empréganse arreo frases mecanicamente traducidas do español que mesmo aparecen publicadas en manuais e en traballos, co que, ante as persoas inxenuas ou simplemente descoñecedoras do propio, reciben carta de natureza. Por exemplo:

Arrieiros somos e no camiño nos atoparemos

A advertencia ameazante da frase orixinal española (*Arrieros somos y en el camino nos encontraremos*) témola nos expresada dun xeito máis implícito e indirecto nunha advertencia moi galega : *Has vir comer !* (na que sobreentendemos : *...e daquela xa verás como cho pago eu*)

En galego non existe iso de *Arrieiros somos...* igual que en castelán tampouco ; *Está buena la navaja !* nin *¡Me costó hierro y harina !* nin *Tu quieres llegar y llenar !* Unha persoa non galega dificilmente entendería esas frases, e unha galega decatárase da trapallada. O mesmo acontecería se a alguén (en serio ou en broma) lle dicimos *Guarda la navaja !* Para un galego ou unha galega, *Garda a navalla !* -esa eufónica frase monovocálica e pentasilábica- é unha arma de eficaz retranca.

Mais a nosa fraseoloxía tradicional vai sendo arrombada polo desleixo e a ignorancia. Pola contra, circulan arreo nos medios de comunicación galegos frases « novas » como *Anda a tirarlle os tellos* ou *É a pescada que se morde o rabo*. En bo galego diremos *Anda a lle facer as beiras* e mais *É a carioca que leva o rabo na boca*

E a « adaptación » pode, ás veces, chegar ao ridículo, como por exemplo o inventado *Irse de rosiñas* (« saír impune »)

Naturalmente, as linguas constrúense con intercambios, mais non con asolagamentos. O galego tamén ten exportado locucións e frases feitas ao español. Sirvan de mostra a coñecida *Haberlas haylas*, traducida do noso idioma, e outra máis que, curiosamente, se reproduce en galego (se cadra sen sabelo) : « *Tarde piache* ». Esta frase procede dun conto popular no que un mozo, que acaba de sorber un ovo crú, ao sentir cantar un pito pola tragadeira, sentencia co dito *Tarde piache !* é dicir *Demasiado tarde !* »

Non é tarde de máis para recuperarmos a riqueza da nosa fraseoloxía.

Miúdo

Miúdo/miúda é unha palabra que aparece con frecuencia (a miúdo) no noso folklóre (“*É un andar miudiño, miudiño, miudiño, o que eu traio...*”) e que se fixo célebre na voz dos nosos poetas (“*Como chove miudiño, como miudiño chove, pola banda de Laíño, pola banda de Lestrove*”). Non hai dúbida ningunha da súa galeguidade.

A súa orixe está no latín *minus* (é dicir ‘pequeno, menor’) e por iso os portugueses falan dos *miúdos* referíndose aos pequenos, os cativos, os meniños. Derivados galegos son *miudeza*, *miudanza*, *miudalla/miudallo*, *miudaxe*, etc, todos eles co significado de ‘cousa miúda’. En plural, *os miúdos* ou *as miudanzas* é a denominación de certas vísceras de animais.

Outras palabras da mesma procedencia son *menos*, *mínimo*, *minucia*, *minuta*, *minguar* ou *diminuir* (co seu participio *diminuto*, do que veu o adxectivo). E da mesma fonte latina, mais a través do francés, veunos *menú*.

O que non existe en galego (nin noutras linguas románicas) é un uso especial de *miúdo* para dicir precisamente o contrario, é dicir ‘grande’(ou para expresar estrañeza, admiración, crítica ou énfase). É o que o español expresa en frases como *Menuda prisa tienes! Menudo robo! / Menudo día has escogido!* Ou na exclamación “multiusos” *Menuda!* En galego soaría tremendamente mal dicir *Miúda presa tes! Miúdo roubo! Miúdo día escolleches!* ou *Miúda!*

Resulta evidente que se trata dun uso irónico, burlón, semellante ao que, as veces, ao atoparmos na rúa alguén moi grande, facemos comentando como brincadeira: *Pequeniño/a, non?*

En galego utilizamos outros mecanismos para expresar esa idea. Volvendo aos exemplos devanditos, poderíamos dicir: *Moita présa tes! Tés boa presa! Canta présa! Que roubo! Que roubo tan/mais grande! É un roubo manifesto! Que día tan/máis malo escolleches!* E a exclamación “multiusos” *Menuda!* tería numerosos equivalentes posíbeis: *Éche boa! Estámosche bos! Manda chover! Mi madriña! Outra vaca no millo!* e moitas máis utilizabeis para diversas situacións.

Que lectores e lectoras busquen polo miúdo, que han atopar aínda outras maneiras.

Coar sen « coarse »

En galego e portugués utilizamos o verbo *coar* para ‘facer pasar algo por un trebello separando o líquido das partículas sólidas que leva’ (*Coar o zume, coar o arroz*). Unha variante tradicional é *escoar* e sinónimos son *escorrer* e *filtrar*. O trebello coñécese como *coador/coadoiro* aínda que pode recibir outros nomes como *pasador, escorredor* ou mesmo *filtro*, maiormente se adopta formas algo diferentes.

O verbo *coar* ampliou posteriormente o seu significado a ‘pasar ou introducir furtivamente algo’ (*Coaron dous kilos de coca no país*), admitindo tamén un uso reflexivo (*Coouse polo portelo*). Neste caso, o verbo reflexivo pode subliñar que algo se introduce por descoido de quen debería evitalo (*Coóuseme unha falta de ortografía na carta*). Se nos parece rechamante o neoloxismo, podemos substituílo por outros verbos sinónimos (*infiltrar/se, introducir/se, escapar/se, etc.*).

Con todo, a palabra utilizada xeralmente está moi contaminada polo español, que « coou » as súas formas : *colar, colarse, colador, etc.*

O que non existe en galego nin en portugués é o uso español de *colarse* (nin a adaptación en *coarse*) co sentido de ‘pasarse de listo, dicir ou facer irreflexivamente cousas que non se axustan en absoluto á realidade ou que fracasan estrepitosamente’. É un castelanismo dicir:

*Quixeches facerte o simpático e coácheste (ou colácheste)
Explicounos como vía a cousa e coouse (ou colouse) totalmente*

En galego debemos substituílo por expresións nosas equivalentes e igual de coloquiais como *meter a pata/meter o zoco/meter a pezuña, botar a lingua a pacer* (forte é só referida ao acto de falar) e outras.

Para ‘filtro ou escoador de sólidos’ poderíamos tamén empregar a tradicional *peneira* e o verbo *peneirar*. Por exemplo, *Esta é a peneira da fariña* ou *Os buscadores de ouro peneiraban a area no río*.

Peneira e *peneirar* poden adquirir empregos figurados; así, pensando nunha peneira como un espazo con buratos que impide o paso e filtra o acceso a un lugar podemos dicir :

Peneiraron con moito coidado as persoas que accedían á praza

Moito mellor ese verbo tradicional galego que o castelanismo *peinar*.

Debemos, daquela, *peneirar* ben a nosa expresión -maiormente no uso público- para termos un galego ben coidado.

Qué morro !

Un amigo meu, cando sente un rapaz ou unha rapaza (pois ao ser expresión de xente nova adoita ser o caso) dicir « *Qué morro !* » retrúcalle retranqueiro « *Non morras, meu neniño ! /miña neniña !* ».

A brincadeira co xogo de palabras pretende facerlle saber que o meu amigo « non entende » a expresión. Porque aquela é un simple calco do español recente para lle recriminar a alguén (en serio ou en broma) ser insolente, atrevido, aproveitado e descortés : o que en castelán se chama *un cara dura* e en galego chamamos tradicionalmente *un cara lavada*.

Desa persoa que dá mostras de *ter arruallo* podemos dicir nós no mesmo tono coloquial : *Que papo ! Que papo ten !* Non sería esta a única forma posíbel porque –cando menos polo Morrazo- úsase tamén nese caso a expresión *ter pancada* : *Que pancada ten !*

E volvemos ao *morro*, que en galegoportugués tamén significa ‘monte de pequena altura, outeiro’, lembrando os famosos *morros* do Río de Janeiro. Pois ben, o nome do Morrazo, bisbarra de montes na beiramar da Ría de Vigo, ten a mesma orixe, como escribía xa o padre Sarmiento.

Outro calco do español é falar dos « morritos de cerdo ». En galego teríamos que falar do « fociño de porco ». Porque é ben sabido que do porco ou cocho (dispensando) aprovéitase todo, cómese enteiriño, dende o rabo ata o fociño.

Os novos despeces e a moderna comercialización do porcino comezan a afectar (en supermercados, receitas e medios de comunicación) ás denominacións auténticamente galegas. Non só entran as alleas senón que mesmo substitúen ás tradicionais e propias nosas. Séntese así, nun galego inexistente, falar de « carrilleiras » ou de « manciñas de porco ». Son o que aquí toda a vida chamamos *a faceira* e *os pezuños*. E desbótanse as denominacións autóctonas como *raxo* ou *soá* para as trocar por formas coincidentes co castelán ou próximas (*lomo/lombo, espinazo/espiñazo*). Se fai falta impórtase mesmo do francés, como ese *entrecôte* (castelanizado ás veces en *entrecot*) que pretende desprazar o galeguísimo *entrecosto*.

Se consultamos a Internet perderémonos no maremágnum de denominacións en español das partes do porco. Moitas delas responden claramente a unha operación publicitaria, de simple marketing, non hai máis que ver : *secreto ibérico, delicias ibéricas, caprichos ibéricos, abanico ibérico, plumas ibéricas...*

Non é ben mellor usarmos as denominacións galegas de sempre?

Mel

Trasladábame aí atrás o meu vello amigo e entusiasta da nosa lingua, César Varela, a súa ledicia. Escoitara unha muller do Irixo exclamar *Favo de mel!* para expresar o boa que era unha situación. « Canto mellor que ese madrileñí *Miel sobre hojuelas!* » reflexionaba o César.

Efectivamente, aínda que *favo* está rexistrado nos dicionarios galegos dende moi atrás —xa en Sarmiento— e mesmo no actual da Academia Galega ('Conxunto de pequenos compartimentos hexagonais, elaborados con cera, onde as abellas depositan o alimento e os ovos' ou 'cada un deses compartimentos') eu non o tiña escoitado nunca directamente. Sinto tamén a alegría do meu amigo.

Favo é palabra galegoportuguesa, e quen quixer ouvir unha canción brasileira chamada precisamente *Favo de mel* pode chiscar [aquí](#).

En galego temos distintas palabras sinónimas de *favo*; *covo*, *trobo*, *cortizo*, *colmea*...

Quer utilicemos a expresión *Favo de mel!* quer a de *Por riba de mel filloas!* para gabarmos algo —ou para empregala ironicamente— debemos falar do nome deses doces galegos tan coñecidos e apreciados que, baixo diversas receitas e denominacións, tamén se poden atopar en moitas partes do mundo: as filloas.

A palabra *filloa* provén do latín *fōlĭōla*, diminutivo de *fōlĭa*, é dicir é unha folliña, unha lámina feita ao fritir na tixola (ou na pedra filloeira, orixinalmente) o amoadado basicamente feito de leite ou auga, fariña e ovo (e para ben ser algo de caldo). A palabra galega, en normal evolución, debería resultar *folloa* mais unha disimilación —é dicir unha diferenciación de vocais iguais— mudou o primeiro *o* nun *i*. As veces nalgunhas bisbarras o nome é *filló* (e o plural *fillós* ou *filloses*). Mais, ollo! que en portugués as *fillós*, tradicionais no tempo do Nadal, equivalen ás nosas *orellas* e as *fillós de forma* fanse cun molde metálico de determinado feitío. como por exemplo as *flores*.

Hai quen utiliza a palabra *freixó* como equivalente de *filloa* e quen reserva esa denominación para as filloas de sangue ou ben para as máis grosas, feitas cun amoadado compacto e con torresmos. Resulta elocuente que este último prato reciba nalgunhas partes o nome de *afartacáns*.

E, rematamos con outra masa en follas, esta vez de pastelería. Lembremos que o castelanismo *hojaldre* é en galego *follado* (en portugués *massa folhada*). Aínda que tamén se lle chama *follado* á filloa grossa que —vai ti saber se por aparentar máis gorda— recuperou o seu o.

De alimentación e restauración

A variedade de denominacións para os mesmos produtos da natureza - quer especies vexetais quer animais- é habitual en todo o mundo dentro dunha mesma área lingüística. Coa ampliación dos intercambios vaise reducindo esa variedade e téndese moitas veces a fixar unha forma común. Así acontece, por exemplo coas diversas denominacións galegas do « *pisum sativum* » (*chícharo, perico, ervilla/ervella*, etc), algunhas delas en perigo de desaparición. Subsisten, con todo, diferenzas zonais, por exemplo as dalgúns nomes de peixes ou mariscos entre as Rías Altas e as Baixas (*meiga* fronte a *rapante*, *mincha* fronte a *caramuxo*, etc). O peor da desaparición da variedade de nomes é cando se intenta impór a denominación non galega : *guisante, gallo* ou *bígaro*.

Por iso non temos senón que felicitarnos pola existencia dun útil *Diccionario de alimentación e restauración* que -elaborado por un equipo de lingüistas (Inés Veiga, Sandra Romarís, M^a Jesús Paz e Marta Duyos) coordinado polo académico Manuel González- se nos ofrece para consultar e imprimir no portal web da Academia Galega. Este diccionario, utilísima ferramenta para empresas e tendas de alimentación e de restauración e mesmo para particulares, ofrece unha explicación de tres mil conceptos fornecendo aproximadamente tres mil seis centos nomes galegos coa súa correspondencia en español e en inglés. Alí establécense as formas correctas en galego como por exemplo *dourada* e non *dorada*, *compango* e non *montado* ou *montadito*, *cornete* e non *cucurucho*, *lumbrigante* e non *bogavante*, *marmelo* e non *membrillo*, *pebida* e non *pepita* ou *soro* e non *suero*.

Utilizando as nosa formas auténticas e tradicionais (un *grolíño*, non un *chupito*, *rustir*, non *sofreír* ou *pochar*, etc.) evitaremos a invasión de termos foráneos e perpetuaremos o noso tesouro léxico nunha área particularmente rica como é a dos produtos da natureza e a gastronomía.

Sería ben que os responsabeis da Xunta e dos Consellos reguladores de certas « denominacións de orixe » consultasen este diccionario para restituíren os nomes galegos correctos. Aínda que, mesmo sen dispor desta práctica axuda, calquera sabe que a denominación galega, a da orixe, é *augardente* e non *orujo* e mais *tenreira*, *vitela*, *xata* (ou outro sinónimo) e non *ternera*. Mais non se trata só de ignorancia senón fundamentalmente de menosprezo á nosa lingua. Eu sospeito que se os tales « responsabeis » tivesen sabido no seu día que o noso *grelo* é realmente en castelán *grillo* (non é brincadeira) teriamos como denominación de orixe *Grillos de Galicia*. Porque xa temos visto un *Desván de los Monjes* !

A que si ?

Supoñamos que unha persoa de fala francesa nos di, diante de algo que atopa bonito *C'est joli !* Non se nos ocorra apoialo coa pregunta : *A que oui ?* ou *Verité ?* porque non entendería nada : deberíamos empregar *n'est-ce pas* (*Oui, n'est-ce pas ?*) E para preguntarlle a alguén moi expresamente a súa opinión sobre o manifestado utilizaríamos tamén esa fórmula ou estoutra : *pas vrai ?* (*C'est joli, pas vrai ?*)

No correspondente exemplo en inglés, teríamos -creo- *It's nice, isn't it ?* / *It's nice, ain't it ?* / *It's nice, right ?*

Pensei nisto esoutro día ouvindo unha emisión da radio galega na que a locutora non cesaba de repetir a cada paso *A que si ?* a canto afirmaba o entrevistado. Soaba pobre e pouco galego. Un simple calco do castelán.

Tampouco -como apuntamos enriba- a pregunta *verdade ?/ verdade que si ?* (ou *verdade que non ?* cando apoiamos unha negación) resulta un mecanismo válido pois trátase doutro calco (*É bonito, verdade ?/ verdade que si ?*).

En galego contamos con recursos propios e variados para confirmarmos ou apoiarmos unha frase previamente manifestada por outra persoa ou por nós mesmos. Ou para pedirmos da persoa interlocutora confirmación do que nós aseguramos.

Fundamentalmente, o mecanismo galego ven sendo (igual que en francés ou en inglés, como se ve nos exemplos citados) a pregunta de que nos digan se o manifestado é certo ou non :

É bonito, non si ? / É bonito, non é ? / É bonito, non é certo ? (ou *n'é certo ?*) / *É bonito, non ?*

E cando pedimos confirmación e conformidade co que acabamos de dicir, que foi expresado dun xeito máis amplo e non cunha frase simple, a pregunta tradicional ven sendo : *É ou non é ?* , o que equival a *É así ou non é así, É certo ou non é certo ?*

Arriscámonos ao desmentido, pero como di o refrán : *quen pregunta non erra.*

Preguntámoslles, logo, a lectoras e lectores : *É ou non é ?*

É tal.

Mangas verdes

¡ A buenas horas mangas verdes ! di unha expresión castelán para significar que unha persoa ou cousa que se esperaba para solucionar un problema chega tarde de máis e non serve de nada xa.

A locución non existe en galego, por moito que algúns a empreguen como unha simple tradución do español (*A boas horas mangas verdes !*).

Hai, en troca, na nosa lingua distintas locucións e refráns que conteñen esa idea de que « agora xa é demasiado tarde ». Citamos noutro artigo o « *Tarde piache !* » e podería tamén utilizarse en certos casos « *Agora xa foi !Marica, non chores !* », mais o que convén case exactamente e na xeneralidade das ocasións é :

Des que a burra vai no po : « Xo, burra, xo !

De nada serve mandarlle que pare cando xa está caída no chan.

E xa que estamos no po, na poeira, imos falar dun verbo creado a partir desa palabra : *desempoar* ou *desempoeirar*.

Cómpre dicir que os dous substantivos atópanse a nivel popular practicamente substituídos polo castelanismo *polvo/polvareda*, e que os verbos sinónimos *desempoar/desempoeirar*, compartillados co portugués, son lexítimas recuperacións na normalización lingüística. Con todo, hai por veces un emprego algo abusivo de *desempoar* como tradución do español *desempolvar* co significado de 'recuperar algo do esquecemento ou da falta de utilización ou de actividade'. Velaí un exemplo real :

Desempoaron as pancartas que gardaban dende a última manifestación de xaneiro, afinaron as gaitas e os tambores, despregaron as bandeiras e ...

Resulta evidente que ese uso figurado dun verbo que inicialmente significa 'tirarlle o pó a algo' é lexítimo, correcto, logo, mais sinalamos que o portugués utiliza preferentemente outras construcións para expresalo : *exumar, recuperar, restaurar, trazer para a luz do día, trazer de volta*, etc. E poderíamos aínda suxerir, en bo galego non dependente do castelán, outras posibilidades como *tirar do esquecemento, do recuncho, do caixón, do faiado, do pasado*, etc.

E ánimo, que abonda con *desempoeirar* un pouquiño moitas riquezas que temos no faiado da lingua !

Negar o nesgo

Igual *negar* é moito dicir. Deixémolo en *cuestionar*, en *pór en dúbida*, en *tratar de matizar o seu emprego*. Limitar o seu uso irreflexivo e abusivo, abonda con iso.

Hai xa algunhas décadas que a tradución sistemática e subsidiaria do español sufrida arreo polo galego ao través de mentes e linotipias (hoxe procesadores de texto, correctores e tradutores automáticos) ven introducindo os españolismos *sesgo*, *sesgado* etc. disfrazados de *nesgo*, *nesgado*...

O Dicionario da Academia Galega –noutros casos ben tolerante cos españolismos– ten nesta ocasión unha actitude inequívoca. Inclúe só tres acepcións da familia léxica: 1) o substantivo *nesga* («Anaco de tea de forma triangular que se lle engade a unha peza de roupa para darlle máis amplitude», 2) o verbo *nesgar* («Cortar [unha tea] en sen sentido oblicuo aos seus fíos», e 3) a locución *ao nesgo* («En sentido oblicuo»).

En portugués, *nesga*, a maiores do sentido coincidente co apuntado enriba, ten tamén un segundo de «pequeno pedaço, retalho» e un terceiro de «pequeno espaço, fenda». Dáse a palabra como procedente do castelán pois tamén nesta lingua se atopa co primeiro dos significados. Pola nosa banda, sinalaremos a coincidencia de variantes galegas como *nisca/nisco* na segunda acepción constatada en portugués, e *esguellar*, *esguello*, *de esguello*, coincidentes na oblicuidade.

A partir dese sentido de *oblicuo*, o español tirou de *sesgo* (tardamente, no século XVI) *sesgado*, co novo valor de *torto*, *retorcido*; fálase así de *argumento sesgado*, *sesgadas intenciones*, *interpretación sesgada*, etc. É o que agora se infiltra en galego na palabra «disfrazada».

O importante, en todo caso é expresarmos en galego auténtico este matiz, e a cousa está ben clara: temos un amplo abano no que escoller: *torto/torcido*, *retorto/retorcido*, *esguellado*, *esgueirado*, *deformado*, *terxiversado*, *manipulado*, *desviado*, *distorsionado*, *parcial*, etc. E de ser nun alto grao e con malevolencia, chegaríamos a *torticeiro*.

Sexa dito sen retortas intencións.

Pola tanxente

O dicionario on line da Academia Galega define a locución *escapar pola tanxente* /*saír pola tanxente* como « Eludir unha dificultade ou unha situación que presenta conflito, mediante algún artificio, por exemplo, respondendo outra cousa distinta ao que se pregunta. ». A locución existe en varias linguas románicas (galegoportugués, español, catalán, francés, italiano...) e debe ser relativamente moderna, comezando xa o século XIX.

En español existe unha expresión similar moi antiga (aparece xa no Quixote) e ben curiosa : *Irse por los cerros de Úbeda* que, segundo contan, tería orixe nun feito real do século XIII. Un cabaleiro que andaba na guerra contra os mouros escapuliuse da batalla e máis tarde, cando lle preguntaron onde se metera, respondeu que se perdera polos cerros de Úbeda. E a resposta fíxose célebre.

Temos en galego unha locución equivalente?

De certo que *saír* ou *irse pola tanxente* significa o mesmo, aínda que é moito menos expresiva que estoutra.

Para a miña sorpresa, nun grupiño de traballo de recolleita de léxico e fraseoloxía do Morrazo do que formo parte, a compañeira Emma Tilves, de Loira, trouxo un día a expresión *ir* ou *irse polo arco da vella* ‘Responder cun discurso evasivo, dar rodeos’. E Salvador Castro, outro compañeiro da terra de Bueu, ratificouna.

Realmente, a expresión é preciosa e está inscrita na nosa tradición oral. Dis que o *arco da vella* se mergulla nos ríos para beber da súa auga, e se hai algunha mociña nos arredores pode levala tamén ; por iso esta fórmula transmitida ao través dos tempos :

*Arco da vella, vaite de aí,
que as nenas bonitas
non son para ti !*

Esta vella seica é unha divindade mítica que goberna a natureza, da que hai abondosas pegadas no folcklore europeo ; entre nós atribúeselle a xeada (« *Esta noite peneirou a vella* ») e mesmo a calor abafante (« *Como atizaba a vella !* ») e é lóxico que se encarne na luz no medio da escuridade da noite : de aí certas denominacións do vagalume : a *vella facendo as papas*, a *vella facendo o caldo* ou, por antonomasia, *a vella*

Espero que ao falar desta presenza na tradición popular non fora eu polo arco da vella. Nin saíra pola tanxente.

Dez ou doce

Naturalmente, cando nos referimos a unha cantidade exacta non podemos confundila : dez unidades son ben distintas de doce. Ou o que é o mesmo, unha decena distinta a unha ducia.

Na actualidade prima entre nós o sistema métrico decimal : múltiplos e divisores fanse a partir da base 10 para as distintas medidas de lonxitude, de peso, de volume, etc. Este sistema é recente, adoptado en distintas datas segundo os países, a partir de 1875, e representou un avance debido á súa unificación pois anteriormente superficies, pesos, volumes de sólidos ou de líquidos, etc. movíanse nun maremagnum con diferenzas ás veces radicais - non só de denominación senón de concepto- entre países diferentes. E nun mesmo país a discrepancia entre terras podía ser importante : lembremos o ferrado de terra galego, que dunhas bisbarras a outras oscilaba normalmente entre 400 e 600 m², podendo mesmo nalgunhas ter menos de 100 e noutras máis de 700.

No sistema anterior ao decimal (aínda vixente nalgunhas zonas do mundo) abundaba a base 12. Parece que este milenario sistema se orixinou a partir da observación de que no ano ven habendo unhas 12 lúas. Neste sistema, a contabilidade que se leva na man faise sinalando co dedo pulgar enriba de cada unha das falanxes dos outros catro dedos.

A experiencia humana desta base deixou a súa pegada evidente na nosa cultura: as doce horas, os doce meses, os doce signos do zodiaco ou da astroloxía chinesa, os doce principais deuses do Olimpo grego, os doce traballos de Hércules, as doce tribus de Israel, os doce apóstolos, os doce pares de Francia, etc.

Moitos produtos foron tradicionalmente vendidos por ducias, costume que se vai perdendo, aínda que persisten, teimudos, os ovos. E se botamos unha ollada atenta no supermercado atoparemos en doce unidades (ou en fraccións de 6) modernos paquetes de cervexas, refrescos, zumes, envases de leite, auga mineral e moitas cousas máis.

En calquera caso, en galego, cando nos referimos a unha cantidade aproximada e indeterminada, seguimos preferindo falar de *ducia* e non de *decena*. Tanto falemos dunhas poucas ducias como de ducias de miles.

Debemos, daquela, empregala así, pois segue a ser igual de moderna.

Empinar o cóbado

Temos lido ás veces -mesmo en publicacións especializadas galegas- a frase *empinar o cóbado*, que é un simple calco do español *empinar el codo*. Como é ben coñecido, significa *beber* e úsase especificamente para o viño (e en xeral para as bebidas alcohólicas), referíndose a inxerilo en cantidade, en exceso, ou repetidamente. A expresión procede da postura de erguer o brazo cun recipiente na man, en xeral unha bota, odre ou porrón. Orixinalmente bebíase deixando caír o líquido na boca dende unha certa altura (o que se chama *beber á vitola*, *beber de chope* ou *beber á catalá*) mais hoxe en xeral bébese directamente dun vaso, cunca, botelliña, etc.

En galego e na maioría das linguas o campo léxico de *beber viño/tomar alcohol* é moi amplo. Dende a acción e as modalidades de beber até as consecuencias de inxerir de máis. Non imos facer aquí unha exposición detallada das moitísimas expresións que existen senón darnos unhas poucas indicacións elementais para que sexan completadas por lectoras e lectores.

A cantidade non moi grande que se traga dunha vez é *un grolo*, *un goto*, *un chopo*, *un groucho*, *un sorbo*, *un gulapo*, etc. E, naturalmente, *un trago*. Beber así, aos pouquiños, é *bibichar* ou *golechar*. Claro que, por uso retranqueiro, o pouco pode resultar moito se é reiterado, co que *a bibicha* pode ser o exceso e *a pinga* moito viño, ou o viño en xeral.

Beber moito é *beber a potes*, *beber ás cheas*, *beber coma un boi*, *beber coma unha esponxa*, *beber coma un odre*, *beber coma un funil*, *cargar o carro*, *pifar*, etc. E a borracheira ten múltiples denominacións que aluden á cantidade inxerida, ao ruído que se produce, ás pancadas que a persoa se dá ao camiñar, á “tinta” que leva o corpo, ao vómito, etc. como *unha chea*, *unha trompa*, *unha peta*, *unha lura*, *unha ciscalleira*, *unha talanqueira*... Os efectos deses excesos caracterizan o camiñar do bébedo (que *se achega ás paredes*, *carga do dianteiro* ou *leva unha areíña no zapato*), o seu falar (*ten a lingua grossa*) e mesmo a temperatura (*vai quente*, *vai alumeado*)

Todo ten o seu punto, e presta moito *mollar a palabra*, conversando arredor dunhas cuncas de viño. E tamén *mollar a palleta*, para termos a gorxa ben afinada e podermos cantar unha leda cantiga tradicional. Como esta da Coruña:

*Xa chegaron á Palloza
os mariñeiros de Miño;
logo ha de haber cabezudas
para remollar con viño.*

Que lles preste!

O angazo

O *angazo* ou *anciño* (coas súas variantes *engazo* e *enciño*) é un instrumento agrícola formado por un mango rematado nun dos extremos cun pau atravesado onde van uns dentes de madeira ou de ferro. Fundamentalmente está destinado a xuntar herba, follas e restos de vexetación.

O angazo dálle nome a un dos contos máis coñecidos da nosa literatura popular. Xa o narraba no século XVII o padre Sarmiento.

Un mozo dunha aldea galega emigrou a Castela e aos poucos meses regresou á súa terra. E nese breve tempo ocorrera algo asombroso : o rapaz esquecera a fala dos seus, a lingua que falara toda a vida. De volta na casa non facía senón preguntar:

- *Mi padre : como se llama esto ?*

O pai, molesto ante ese fillo desleigado e farto de tanta pregunta parva, cando o mozo preguntou de novo ao atopar no chan da eira tan « exótica » ferramenta, « *Mi padre : y esto como se llama ?* » respondeulle :

- Ponlle enriba o pé xa verás como cho di el mesmo.

O mozo pisou enriba dos dentes e o mango do pau ergueuse e bateu nos fociños do rapaz que recuperou coa mesma a memoria :

- Raio do angazo !

A moitos e moitas viríallles ben probar o método pedagóxico do angazo.

E xusto ía eu ese día pola rúa cando un home alteiro e corpulento berroulle a outro que pasaba a poucos metros turrando dunha motocicleta :

-Ai, carallo, seica xa non *conoces* o angazo !

Viña dicindo, cheo de retranca : « Ai ho, seica xa non coñeces aos da aldea coma ti ? »

É ben non esquecermos nunca o angazo.

Pintar

Un dos significados principais do verbo *pintar* é o de 'cubrir con pintura' (*Temos que ir pensando en pintar a casa*) e outro 'representar unha imaxe mediante pintura' (*Pintou unha paisaxe da beiramar*). Un, máis minoritario e usado en xeral para froitos, é o de 'ir adquirindo cór, ir medrando' (*Xa pintan as viñas*), e de aí que empreguemos ese sentido de 'irse desenvolvendo' para outras cousas e mesmo materias abstractas (*Como pinta ese asunto*) mediante o verbo ou co substantivo *pinta* 'aspecto' (*Que tal pinta ten ?*). *Pintar* –por extensión- adopta o sentido de 'representar, coller o aspecto de' (*Estivo pintando o mono toda a tarde*).

Pintar el mono/pintar la mona, tamén existe en español mais parece que tanto en Latinoamérica como na península predomina o matiz de 'estar ocioso, no hacer nada o no servir para nada' mentras que en galego predomina o sentido de 'dicir ou facer inconveniencias'.

Sexa cal for o aspecto significativo predominante, podería pensarse nunha orixe galega da locución: a abundancia de emprego en galego de locucións co verbo *pintar* con ese significado podería ser un bo argumento. Efectivamente, en galego temos tamén *pintar o parvo*, *pintar a cana verde* ou *pintar o sete*. E dun neno ou nena que fixo moitas trasnadas dicimos que *pintou as do demo*.

Tamén en portugués abundan este tipo de frases feitas: *pintar a macaca*, *pintar o caramujo*, *pintar o burro*, *pintar o sete*, *pintar a manta*, *pintar a bexiga*, *pintar o caneco*, *pintar o diabo*, *pintar o diabo a quatro*...

Citabamos antes *pintar a cana verde* 'armar rebumbio, barullo, follón' e a frase podería ter orixe na flexibilidade e o ruído da planta movida polo vento, maior aínda cando é nova e está verde. Tampouco é casual que unha danza folklórica portuguesa moi movimentada (ben coñecida en Portugal e moi espallada no Brasil) se chame *a cana verde*.

Para rematar aludiremos a unha expresión que aparece –con variantes- en distintas linguas, *a ocasión píntana calva*, como invitación a aproveitar o momento propicio para facer algo.

Na Antigüidade grecolatina, a Ocasión, unha das formas que adoptaba a deusa Fortuna (e así era pintada nos cadros e representacións debuxadas) era a dunha fermosa muller núa, con ás e que levaba un pé pousado enriba dunha roda e o outro no aire. Tiña unha longa cabeleira na fronte e era totalmente calva no resto da cabeza. Cumpría, daquela, pillala cando pasaba por diante, pois des que xa pasara resultaba imposíbel por tras.

Non perdamos a ocasión de mellorarmos a nosa lingua.

O pandote

Como é sabido, en castelán, a partir do adxectivo ou substantivo *pagano* (en galego *pagán*), que significa « alleo ou oposto ao cristianismo », creouse unha palabra homónima (do mesmo son e mesma grafía mais con distinto significado). Este *pagano*, creado por xogo de palabras co verbo *pagar*, significa “persona que paga, generalmente por abuso, las cuentas o las culpas ajenas”. A persoa que *paga o pato*.

En galego temos unha palabra ben viva dende hai séculos para denominar esta persoa: *o pandote*.

Deriva do verbo *pandar* (ou *apandar*), que ten un amplo uso na nosa lingua.

O primeiro sentido é o de ‘empenar, combar, arquear’. Dicimos así, por exemplo: *A madeira do corredor está un pouco pandada*, *A parede do cuarto panda algo* ou *O señor Antonio pandaba xa coa idade*.

Aínda que as causas deste empenamento poden ser varias (peso, humidade, etc) o verbo *pandar* ven sendo sinónimo de *cargar*. Por exemplo: *Tivo ela que pandar co traballo todo / Agora téis que apandar coa responsabilidade*.

De aí, logo, o *pandote*, persoa que carga -as veces inxustamente- con todo ou practicamente todo, pandando coas culpas ou o traballo doutros

Enténdese tamén que por semellanza fonética co *pandote* falemos do *pagote*, o que realmente paga mentres os outros se zafan.

O verbo *pandar/apandar* é moi utilizado no xogo infantil. A persoa que *apanda* é a que carga co traballo de ter que pillar ás outras (se esa é a mecánica do xogo). Varios xogos reciben o nome de *as apandas*, como aquel no que os participantes saltan por riba dun que *apanda* baixando o lombo, ou choutan sucesivamente saltando uns tras dos outros (nós chamabámoslle a este *as apandas corridas*).

Ben sabido é que o xogo infantil é unha preparación dos nenos e as nenas para a vida real, e nesta por veces temos que *apandar* co que nos cargan. Mais temos tamén que aprender a non sermos o *pandote*.

Como quixeran algúns que fósemos sempre.

De churras e de merinas

As cousas, os seres vivos, as accións, os conceptos, aseméllanse e mais tamén diferéncianse. É ben coñecelos axeitadamente para non confundilos, maiormente cando as semellanzas corren o perigo de nos enganar. Así, dúas linguas próximas, o galego e o español, ao seren dúas linguas románicas veciñas teñen concomitancias evidentes, mais tamén diferenzas que as caracterizan como dúas linguas distintas.

Comentamos nesta sección do *Sermos Galiza* casos de locucións galegas propias que son ás veces esquecidas, introducíndose en lugar delas locucións españolas “disfrazadas”. É o caso de *confundir churras e merinas*.

A frase orixinal (*mezclar churras con merinas/confundir churras y merinas*) recalca a diferenza entre as ovellas destas dúas razas casteláns, trasladando o sentido a que non debemos confundir cousas parecidas, mais só parecidas.

E, como tampouco non debemos confundir linguas diferentes, non debemos empregar en galego a expresión calcándoa. Porque en galego – como insistimos sempre- temos as nosas propias locucións creadas ao longo de séculos.

Mesturar allos con bugallos é a nosa expresión equivalente que se ven empregando dende tempo inmemorial Non se deben confundir eses bulbos arredondados que son os allos con outras bolas xeradas por diferentes árbores e plantas como reacción ante determinados insectos e parásitos. En xeral, cando falamos de *bugallo/bugalla* (que recibe moitísimos outros nomes como *coca, carrabouxo, bailarete, mazá do cuco*, etc.) referímonos á excrecencia que se forma nos carballos.

Os bugallos (que deixaron en topónimos e en apelidos como Bugallo, Bugalleira, Bugallal ou Bugallido proba da súa abundancia) foron utilizados nalgúns casos na medicina popular, na decoración de monumentos festivos coma os maios, ou sinxelamente como instrumento de xogo polos rapaces.

Naturalmente, non debemos confundir allos con bugallos. Nin as *churras* casteláns (que son ovellas) coas *churras* galegas (que son galiñas, aínda que tamén usamos a palabra como apelativo garimoso para as rapaciñas).

E xa, se mesturamos ou confundimos *allos con cebolas* é que andamos moito máis desencamiñados.

Inocente

Inocentiño como un neno, unha nena de colo que está a dar as primeiras falas e o os primeiros pasos inseguros. *Un nené* ou *unha nené*, porque o xénero da palabra distínguese só polo artigo ou outro determinante : *Mira ese nené / Bótalle un biquiño á nené*.

Hai persoas que conservan a inxenuidade ao longo da súa vida e por ese exceso de candidez son caracterizadas, ás veces cun aquel de rexouba, como « *ese é dos que cren nos paxariños preñados* » indicando que cre calquera esaxeración ou mentira que lle conten, por máis incríbel que sexa

O mesmo valor ten a frase « *ese é dos que empreñan polas orellas* », é dicir, dos que « tragan » todo o que lles digan, por moi antinatural que poida ser.

Por iso, cando queremos chamarlle a atención a alguén pola súa candidez ou advertilo de que nós mesmos estamos alerta ante o que nos intentan facer crer, dicimos aquilo de :

Ti pensas que os paxaros maman? Cómenche miñocas!

Crér todo sen máis, acriticamente, confundir cousas que son radicalmente distintas, pode tamén ser caracterizado -nun calco do español- como *confundir o touciño coa velocidade*. En galego temos para este suposto unha frase ben nosa, que é moi popular na lusofonía: *pensar que o birimbao é gaita*. Podémola construír en forma interrogativa (*Pensas que o birimbao é gaita?*) ou directamente afirmalo (*Ti pensas que o birimbao é gaita*). E tamén podemos dar a mensaxe en forma de desmentido: *O birimbao non che é gaita, que é un ferriño que toca*. Naturalmente estamos en presenza de dous instrumentos tradicionais galegos: a gaita e o birimbao, coñecido como *trompa* en boa parte do país.

En fin, malia as diferenzas de músicas, de territorios ou de culturas, o mundo é substancialmente o mesmo. O refrán castelán *en todas partes cuecen habas* foi completado ironicamente hai xa moitos anos, polo escritor catalán Noel Clarasó deste xeito: *...menos en algunas tribus salvajes que las comen crudas*. Humor que nos pon en garda ante un agromo de racismo e de engreído supremacismo europeo.

En galego, para significar que todo o mundo se asemella, vimos dicindo: *Toda terra é país*.

E mais é, non si?

Núcleo duro

Vense utilizando moito, duns anos a esta parte, a expresión *núcleo duro* para denominar o elemento central, substancial e cohesionante nun obxecto ou concepto, e maiormente nun grupo de persoas. Así, por exemplo :

A sensación de impunidade segue instalada no núcleo duro dos dirixentes estatais

Parece que a locución ten orixe no francés *noyau dur* que pasou talmente ao inglés e foi traducida a outras linguas, entrando tamén en galego.

En francés *noyau* expresa as múltiples acepcións do que noutras linguas expresamos coa palabra *núcleo* e ten ademais a acepción de 'parte dura e leñosa de certos froitos como pexegos, cereixas, olivas ou ameixas, que encerra a semente'; é a nosa *carabuña*, un núcleo realmente duro pois outros froitos teñen núcleo mol, como a mazá, que ten carozo e non carabuña. Sinalemos ao paso, que a palabra *núcleo* esta vencellada coa idea de parte dura e leñosa do froito ao derivar do latín *nux -nucis*, « noz ».

Naturalmente, o feito de que teñamos en galego a palabra *núcleo* non exclúe outros sinónimos, e mesmo máis tradicionais entre nós. É o caso do *cerne* ou a *cerna* ('parte central e máis dura do tronco das árbores') coñecida tamén co nome de *durame*. De aí proceden os adxectivos *cernudo* e *cernello*. Por extensión, *cerne/cerna* denomina a parte central e fundamental de algo, o núcleo, o miolo. *O cerne*, aplícase tamén ao máis íntimo, o máis interior de algo ou de alguén.

Na terminoloxía científica (Ciencias Naturais e Exactas, Humanas e Sociais) a palabra *núcleo* é abundantemente utilizada : en Botánica, Bioloxía, Matemática, Astronomía, Física, Xeoloxía, Xeografía, Lingüística...

Curiosamente, nalgúns eidos da Ciencia como en Química Inorgánica, Matemática ou Informática, fálase do *cerne* como sinónimo de *núcleo*. Ou, máis concretamente, do seu parente o *kernel*, unha palabra procedente do inglés co significado de 'centro, noz, carabuña', etc. da mesma orixe que o noso *cerne/cerna*.

Por iso, ao traducir un texto francés no que un profesor falaba do *noyau dur* preferín esoutro día *cerna* en lugar de *núcleo duro*, dicindo :

Unha perspectiva que constitúe a cerna da nosa identidade profesional.

Moito mellor, non si ?

Oh!

Ás veces, nunha conversa, para lle darmos un pouco de énfase ou para nos mostrarmos máis próximos á persoa con quen falamos, utilizamos expresamente a palabra *home* ou *muller*, segundo o xénero. Por exemplo:

- *Mercácheslle o libro ao teu sobriño?*
- *Cala, home, cala, que me esqueceu* (ou *Cala, muller, cala...*)

A palabra *home* aparece con moita frecuencia truncada en *hom/ho*; é o que se coñece como “apócope” (igual que en *santo>san*, *grande>gran* ou *friaxe>friax*). No anterior exemplo o apócope podería ser *ho* ou *hom*.

Este *ho* fíxose tan frecuente que, ás veces, as persoas que o usan chegan a perder a conciencia do que significaba orixinalmente e enténdeno só como esa marca de énfase. E, sen se decataren de que están a empregar un masculino (*home*) utilízano con frecuencia para falar cunha muller. Abusivamente, hai quen se dirixe a ela dicindo: *Cala, ho, cala...*

Si, ho!, Non, ho! son negacións moi frecuentes e implican familiaridade entre as persoas que falan. A segunda, a negativa sería a alternativa galega fronte á foránea *Que va!*, outro evidente calco do español.

Para moitas persoas, a fórmula *ho* perdeu tanto o significado que chegan a confundila coa exclamación, a interxección, *oh*. E escribirían, daquela *Cala, oh, cala!*

Agora ben, o que nunca temos ouvido nin lido é *mu* en lugar de *muller*, única forma feminina. Causaría asombro dicir *Cala, mu, cala!*

Próxima fonéticamente a *ho* é a partícula *ou*, en frases como:

- *Mercácheslle o libro ao teu sobriño, ou?*

Neste caso non estamos ante a interxección *ouh!* senón ante unha construción na que está elíptico, implícito, non expresado, o verbo da frase insinuada: *Mercácheslle... ou non llo mercaches? /Mercácheslle... ou non?*

Estas partículas, úsanse preferentemente na linguaxe oral e presupoñen unha certa confianza, mais pasan con frecuencia á escrita nos diálogos.

Como é o caso das mensaxes por móbil, os tuits e demais feisbucs, que algúns culpan de desfavoreceren a conversa e o diálogo.

Cousa discutible, ou?

Excepcional

Excepcional, extraordinario, extremado, explosivo.

En galego, con frecuencia expresamos a nosa sorpresa, a nosa admiración –se cadra tamén a nosa contrariedade ou a nosa indignación– mediante un tipo de exclamacións que forman unha serie moi ampla. Formámolas a partir do verbo *mandar*: *Manda truco!* *Manda mecha!* *Manda castaña!* *Manda carai!* *Manda chover!* e outros máis.

Se ben o pensamos, estas exclamacións remiten a unha que contén unha palabra considerada «vulgar»: *Manda carallo!* E, como non se considera socialmente correcta, nunha situación algo «coidada» substitúese na expresión esa palabra por outra. A palabra nova pode substituír á desprazada por dous procedementos: a) por semellanza co obxecto evocado, como en *Manda nabo!* *Manda mecha!* (evócase aquí un cartucho de dinamita) ou b) por semellanza co son da palabra «vulgar», caso de *Manda carai!* *Manda catano* ou *Manda castaña!*

De creada a serie, estes procedementos de eufemización esváense moitas veces e non se dá explicado doadamente a orixe, como acontece, por exemplo, con *Manda calor!* *Manda truco!* ou *Manda forza!* Ao final quedamos coa noción que interesaba: caracterizar un acontecemento extraordinario, insólito: *Manda chover na Habana!*

Podemos incorporar este asombro ou indignación a frases afirmativas para indicar a intensidade:

Mira ti que manda truco / Vai unha calor que manda forza/ É dun violento que manda nabo.

E de moito nabo, de moito raio, de moito catano, de moito pentello (transformado ás veces en *pendello*) e outras expresións dese tipo convértense tamén en eufemismos ponderativos, tamén marcadas por un destino «coloquial» pois tense presente a palabra que está detrás delas.

En español, para sinalar a boa calidade, o excepcional dunha acción, cousa ou persoa, utilízase moito ultimamente a comparanza *como la copa de un pino*, por exemplo en *Es un jugador como la copa de un pino*. Unha boa equivalencia en galego sería utilizar a expresión *de moito rosmillo* (*É un xogador de moito rosmillo*).

O que nunca poderíamos empregar é a tradución literal do castelán dicindo *É un xogador como a copa dun piñeiro*.

Nin mesmo que –encomendándonos ou non a Pondal– digamos *a copa dun pino*.

Ledo

Ou *alegre*, que as dúas son palabras galegas. Ou –chegado o momento– tamén *contento/contente*. E, naturalmente, en feminino: *leda, contenta*. Porque todo o mundo (case) o está en tempo de festa e Galiza segue a ser malia todo terra de festas, acolledora e ridente.

Alegre coma unha gaita, ou *coma a gaita na festa*, di a frase tradicional. E efectivamente, a gaitiña de fol continúa alegrando o país, de novo posta en estima polas xeracións mozas.

E máis o pandeiro, outro protagonista da alegría da festa. *Alegre coma un pandeiro*.

Tamén en español a alegría se evoca cun instrumento musical: *alegre como unas castañuelas*. En tempos pasados empregáronse en galego os castelanismos *castañetas* e *castañolas* (que aínda se utilizan en portugués e o segundo deles aparece no dicionario da Academia Galega) mais hoxe o habitual, tanto no nome do instrumento como na frase comparativa é directamente o nome español: *castañuelas*.

Outra posibilidade, aínda, é *alegre coma unhas páscuas*. Trátase dunha frase de orixe claramente relixiosa que alude ás páscuas, celebracións cristiás (Páscoa de Nadal, Páscoa de Resurrección, Páscoa de Pentecoste), momentos de alegría no ritual despois de tempos de mortificación, de privación e de oración.

Contento coma un cuco dí tamén a nosa tradición pois o cuquiño, a máis de ser símbolo de listura –e se cadra por iso– éo de fachenda e satisfacción.

Claro que o verdadeiro paradigma desa satisfacción máxima é o dun *reiciño nun cesto* que nos conta outra frase. *Ía coma un reiciño nun cesto* (ou *coma un reiciño nun cesto río abaixo*), que se cadra alude á historia do meniño Moisés deixado no río Nilo contada pola Biblia.

Antes falabamos do ledo pandeiro, mais ollo: que non fagan de vós un pandeiro, porque entón mandan segundo lles pete, a capricho, nin que vos toquen o pandeiro, porque entón zóupanvos no cú.

O que non podemos permitir. A non ser que o pandeiro que toquen sexa *de coiro de cacique*.

Daquela si.

Renxe ou trisca ?

Unha das cualidades máis solicitadas do pan fresco (proba de que a codia está duriña, ben cocida, mais tamén tenra) é que faga un ruídoño como de estalar, cando rompe suavemente, quer baixo a presión da man quer dos dentes. É o mesmo ruídoño que sentimos con eses xelados cubertos de chocolate ou con doces cunha capiña exterior xelificada, caramelizada.

Como expresalo en galego ? Hai moita xente que dubida e faino co castelanismo, dicindo, por exemplo : *Gústame o pan crujiente*.

O *crujir* español (« Dicho de algunos cuerpos, como las telas de seda, las maderas, los dientes, etc.: Hacer cierto ruido cuando rozan unos con otros o se rompen ») correspondería básicamente a dous verbos en galego : *renxer* e *triscar* e as súas variantes (*ronxer*, *runxir*, *ruxir*, *trincar*, etc).

Aínda que este tipo de interpretacións son sempre algo subxectivas, eu diría que *renxer* caracteriza un son máis desagradábel ou neutro (*Sentía renxer o chan baixo os seus pasos*) e *triscar* máis lixeiro (*Ao abrir a man triscáronlle os dedos*). Sinalemos como sinónimos parciais deste os verbos *estalar*, *estalicar*, *estarricar*, *estricar*, etc. Como ese ruídoño pode evocarnos algo agradábel, para o exemplo do pan diríamos : *Gústame o pan que trisca*.

Fronte a esta forma nosa tradicional vai entrando modernamente (en galego, en portugués e en español) o neoloxismo *crocante*, espallado masivamente por receitas e seccións de cociña nos medios de comunicación : *Deixala facer ata que estea crocante / Teñen un sabor moi intenso, son super-crocantes / Fixen unha torta crocante de mazá*

Realmente, *crocante* é unha palabra que procede do francés *croc*, denominación do dentes canino tirada da onomatopeia do ruídoño ao triscar, ao trincar. E de aí o verbo francés *croquer* 'trabar, morder', de onde ven o nome da delicada *croqueta* que «estala » na boca. Mais tamén podemos ver o adxectivo italianizado (*croccante, croccanti*) pois os xeados e doces italianos fixeron daquela cualidade unha imaxe de marca que proxectan á súa cociña toda. Mesmo preparan *polpo croccante* ! (e será ben probalo para comparalo co noso *á feira*)

No entanto, gorentemos tamén uns coñecidos versos de Curros onde a fermosa mestura de ritmo, rima e sentimento nos abala e conmove :

*Da aldea lonxana fumegan as tellas.
detrás dos petoutos vai pódose o sol,
retornan pr'os eidos coa noite as ovellas
triscando nas beiras o céspede mol.*

Popular

Para o Mingos, na emoción

Falamos moitas veces de « cultura popular » sen quereremos dicir coa expresión que os elementos que a constitúen non tivesen autor. Ou que ese autor fose un ser colectivo e intemporal, resistente ao paso do tempo e despregado permanentemente ocupando todo un territorio. Non, *popular* implica que unha colectividade interioriza esa manifestación como propia, que o nome concreto do autor, da autora, desaparece e que outras persoas ao longo do tempo van aportando, enriquecendo ou sinxelamente modificando esa creación que se ten como patrimonio de todos. Mais eses « todos » foron tamén homes e mulleres concretos e individuais da comunidade que coa obra deixaron a súa pegada, mesmo se as máis das veces descoñecemos o seu nome e o lugar e o tempo nos que viviron.

O dito é válido para un cruceiro, para unha cantiga, para un conto, para unha música e demais manifestacións do patrimonio tradicional, material ou inmaterial.

É naturalmente para unha frase feita, unha locución, unha expresión figurada.

Mais o tempo non pasa en van: moitos elementos desa tradición pérdense, morren ou abandónanse. E aparecen outros: créase e recréase, anóvase e innóvase.

As propias frases feitas –aparentemente inmunes ao paso do tempo– perden espontaneidade, capacidade de sorpresa, frescura e poden chegar a ser repetitivas e tópicas, polo que rematan ás veces arrombadas e abandonadas por moitas persoas, cansas de empregalas, que as desbotan do uso. Mais seguimos moitas veces lembrando a sorpresa e a ledicia que nos causou escoitalas por primeira vez.

Eu podo case lembrar cando sendo rapaz escoitei dicir de alguén que estaba *más perdido que un pulpo en un garaje*. Houbo unha época de esplendor da frase, estaba de moda; agora parece que está en total declive. Novas expresións viñeron ou virán substituíla. Creadas por homes e mulleres concretos, coñezámoslos ou non.

Por iso, cando esoutro día un amigo meu, cavilando, propuxo a frase da súa invención *máis perdido ca un piollo no campo da feira* alegreime. Tanto polo seu contido como pola súa forma a frase entronca ben na cultura popular galega.

Porque, como din en italiano, *se non é vero é ben trovato*.

Orde social

Distintos son, a través dos séculos, os modelos para conformar a *orde social*, o que se entendería por unha sociedade xusta. E non só mudan cos tempos: tamén nunha mesma época se enfrontan diferentes visións, segundo atendan aos intereses duns ou outros sectores da poboación. As frases feitas, ditos e expresións, poden por veces translucir distintas ideoloxías pois, como sabemos, aquelas foron creadas e alentadas por mulleres e homes concretos que forman parte dos grupos sociais. Por exemplo, a expresión *Non somos todos iguais: paxariños e pardais!* existente en galego e portugués recalca a diferenciación elitista e engreída dende un suposto nivel social máis alto.

Se reparamos na locución *sóbense os bancos ás mesas*, que se utiliza para caracterizar unha situación na que « os de embaixo » queren ocupar a posición de « enriba », poida que as distintas persoas que a empreguen ou que a escoiten lle dean unha valoración diferente, con graos de acordo ou de desacordo variados sobre a xustiza desa reivindicación, pretensión, alteración, subversión ou como cadaquén queira denominar o propósito. En calquera caso, a frase, clara alusión a unha determinada estruturación da sociedade, tamén pode ser entendida como metáfora da revolta xeneracional -novamente a orde social, ao cabo- na que os mais novos e subordinados reclaman ocupar outro lugar.

Ben transparente é a frase *andan os ladróns atrás dos que rouban* para caracterizar que dúas persoas ou grupos son iguais canto á súa escasa fiabilidade. Seica alguén cre que *os ladróns* van de certo perseguir *os que rouban*? Non hai senón que botar a ollada de arredor. A locución está na liña doutras como *son lobos da mesma camada, tan bo é Xan coma o seu irmán* ou *son bos peixes todos eles*. *Andan os ladróns...* trátase dunha frase tradicional, antiga en galego, aínda que se diría talmente feita para a actualidade. Pura coincidencia, claro, mais tamén proba da perspicacia, a expresividade da experiencia histórica da nosa xente, porque o que temos agora hai ben anos que naceu.

E neste mundo do revés, as cousas poderían chegar a un extremo que parece inverosímil: *Vólvense os paxaros contra as escopetas*. Fartos de seren sempre cazados, sempre vítimas dos que exterminan o mundo, os pacíficos paxariños bótanse ás escopetas nun desafío desigual. Dará a forza da razón triunfado sobre a razón da forza?

Rematemos, logo, cunha cantiga popular que chama polo respecto á vida:

*A aquela pombiña branca
que está no fondo da eira
non lle me tires o tiro,
que é a miña compañeira.*

Drones ou drons ?

Hai meses lera: « *Drones da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) incorpóranse este mércores á busca do octoxenario* ». E agora leo : « *Na busca de drons que fagan a vendima* ». Daquela como é : *drones* ou *drons* ?

E penso : « En galego deberíamos dicir *drons*, non si ? Porque na nosa lingua, o plural das palabras rematadas en *-ón* (*león, camión, canción*, etc.) faise en *-óns* (*leóns, camiós, cancións*, etc.). Empregar o plural *-ones* debe ser un españolismo. »

De contadiño fago a pesquisa. E velaí o resultado :

1) A palabra, como denominación dunha aeronave non tripulada e gobernada por control remoto ou automático, comezou a espallarse no século XXI.

2) Trátase dun termo de orixe inglesa, que emprega metaforicamente a palabra tradicional *drone*, que naquela lingua denomina o abellón. O plural en inglés é *drones*.

3) O normal nas linguas que reciben o préstamo é conservaren a forma *drone* para o singular e faceren o plural seguindo as regras propias de cada lingua (portugués e francés *drones*, italiano *droni*, neerlandés *dronen*, etc). O español e o catalán optan na forma singular por *dron* e os respectivos plurais son *drones* e *drons*. En galego, a Academia Galega non inclúe o termo no seu dicionario en liña, polo que resulta imposible coñecermos o seu criterio.

4) As dúbidas -explicabeis na adaptación dun termo tan recente- non son exclusivas do galego. En italiano, por exemplo, mentres algúns dicionarios e enciclopedias en liña manteñen que a forma *drone* é invariábel e única para singular e plural, outros -e a escrita que se atopa na Internet- distinguen o singular *drone* do plural *droni*, no que parece tratarse da asimilación do estranxeirismo á dinámica dos termos autóctonos. Canto ás linguas en proceso de normalización, o catalán, antes de optar pola parella *dron/ drons*, propuña a opción *drone/drones*, hoxe desaconsellada.

Parecería lóxico situar o galego na opción mais utilizada (e coincidente co portugués) do singular *drone*, o que implica un plural *drones*.

Agora anúncianse estes aparatos como solución milagreira para todo e non deberíamos mitificar antes de tempo esta útil ferramenta tecnolóxica. A min non deixa de me lembrar a rotunda afirmación da Xunta de Fraga de que xa dende aquel ano se ían practicamente rematar os incendios forestais grazas á utilización da vixilancia por satélite.

Porque parece que non foi tal.

Que queiran, que non

As galegas e galegos que contamos xa unha certa idade (de setenta para enriba), lembramos ben que cando eramos rapazas e rapaces o galego impregnaba fortemente o “castelán de Galiza”. Teño aludido xa outras veces a esta presenza constante do garimoso diminutivo en *-iña/-iño*, omnipresente daquela no noso país, mesmo nos que falaban español.

*Anda, pon la chaquetiña, que hace algo de frío.
Cena rapidiño, que ya es tarde.
Ten mucho cuidadiño, que puedes tropezar.*

Hoxe, nin as persoas que falamos arreo en galego e facemos unha defensa activa da nosa lingua coidamos axeitadamente o noso idioma mancado. Faremos todos os esforzos precisos para colocar nas nosas frases un infinitivo conxugado, para enfiar unha construción de inequívoco sabor luso ou para utilizar unha palabra extraída do máis fondo do dicionarios, mais na nosa conversa coas galegas e galegos máis novos (por moito que poidan chamarse Uxía, Brais, Xurxo, Iria, Roi, Sabela ou Xiana) estará con certeza ausente o garimoso diminutivo en *-iña/-iño* (Uxiíña, Braisiño, etc).

Os propios cativos interiorizan a situación. Hai xa tempo atopei un día un rapaciño de catro anos, fillo dunha parella amiga: “Ola, Carliños!” – díxenlle, e ante o meu asombro el respondeume: “No me llamo Carliños, me llamo Carlos”. Revelador.

Naturalmente, debemos fuxir de lles botar sempre as culpas aos demais sen mirar se nós temos algunha parte. Polo que me toca, eu ben puiden escribir, máis enriba, “...*a conversa cos máis noviños*”, que sería se cadra máis acaído.

Somos un país lingüisticamente invadido e acosado e temos a responsabilidade de defendermos e empregarmos unha lingua que non sexa unha caricatura do español. Modelo do que forma parte -entre moitas- a recente importación dese “*si ou si*”, evidente calco foráneo para substituír frases nosas que indican que non se dá unha opción libre e a cousa vaise producir obrigadamente como en *queiras, non queiras, que queiras, que non, guste ou non guste* e tantas outras expresións que poden chegar ao coloquial e eufemístico *Por fociños!* que nos trae lembranzas do amigo Xabarín.

Non cansarei de repetir que o galego é unha lingua rica e con recursos propios abondo ante calquera necesidade expresiva.

“*Non queda outra! É o que hai!*” repite boura que boura o altofalante da resignación co permanente obxectivo de acadar a nosa renuncia.

-*Queda tal!* –respondemos- *É cousa de vontade, de vontade colectiva! De sermos nós.*

Votaron

Moitos galegos e galegas levaron unha sorpresa ao sentiren o pobo catalán proclamar en voz alta unanimemente a súa vontade de votar. Non por ignoraren esta vontade –que a maioría coñecía xa perfectamente- senón pola palabra empregada. Habería quen pensase: “*E logo: non é “votarem!”*”. *Como é que din “vutarem!”?*

É que cómpre distinguir entre a grafía (ou escrita) e a prosodia (ou pronuncia): escríbese *votarem* e pronúnciase *vutarem*. Trátase dun o denominado en Fonética “o pechado”, próximo ao *u*. Esta distinción entre vogais abertas e pechadas existe en moitas linguas como o galego e o portugués. Na área das derivadas do latín, o máis xeral é que contén con sete vogais, como o galego ou o italiano (oito o catalán). Por baixo está o español con cinco, e por riba o portugués con 14, e o francés con 16.

Naturalmente, esta constatación lingüística non deixará en moitos casos de interpretarse ideolóxicamente. Haberá quen defenda que a maior riqueza de sons dunha lingua amosa a súa “superioridade”, ao que outros retrucan que a súa simpleza dalle máis “flexibilidade”. Ningunha das dúas afirmacións ten base científica. Como non o ten, logo, que a sinxeleza vocálica do español lle confire unha magnífica claridade comunicativa.

No galego actual, fortemente españolizado, a pronuncia diferente entre vogais abertas e pechadas vaise perdendo. O modelo fonético imperante é o invasor, e nin mesmo os diminutos medios de comunicación oral propios (de raquítica presenza no mundo da radio e da televisión) propoñen un modelo baseado na nosa propia lingua. Pola contra, aínda segue a bulir nas cabeciñas de moitos galegos e galegas a rexouba contra *lus qui ti hablan cumu lus di laldea*. Un dardo lanzado arreo dende a metrópoli para estigma dos propios colonizados que o asumen.

Lingua galega que intenta ridiculizar este anaco dunha ficticia carta dun galego emigrante en Madrid -multiimpresa no século XIX-, un *marusiño* como lle chamaban á nosa xente:

«Querido hermanu Turibiu: Llegué a esta Corte felizmente la víspera de lus Reyes y te voy a contare lo que pasóme. Digérunme que en día tal, todus lus buenus cristianus van a esperar a lus Reyes, y que para verlus megore, había de cargare con una escaleira. Abracéme a la escaleira por ver lus Reyes el primeru, con tantu gozu como si te abrazare a tí. La noche era fría y aindamais caían unos copus de nieve como mi monteira, y toda la noche andubimus de Heroides a Pilatus; mas lléveme u demo si lus Reyes nu estaban más allá de Santiago».

Lembro, sendo un mociño, a primeira vez que fun a Madrid (algo despois que o tal Toribio): «*Ah, es gallego, pues no se le nota nada*» dixéronme coma quen fala, compasivo, cun eivadiño.

Debemos coidar, orgullosos, a nosa correcta pronuncia galega, e, se é preciso, utilizar ferramentas á nosa disposición como o *Dicionario de pronuncia da lingua galega*, de Xosé Luís Regueira. Mais, sobre todo, escoitarmos atentamente a fala tradicional (non teñamos medo de utilizar a palabra *enxebre*). A voz do povo.

E saberemos, daquela, proclamar con auténtica pronuncia galega:

Claro que votaron

Enrugas

Da palabra latina *rūga* ‘enruga da cara’ procede –como é doado constatar- o galego *enruga/arruga* ; simplemente se lle engadiu o prefixo *en* ou *a*. Actualmente a normativa só contempla como válida a forma *engurra* e o verbo *engurrar*, aínda que como « menos recomendábel » admite o verbo *arrugar*. O portugués mantén o substantivo *ruga* e os verbos *rugar/enrugar* (e admite variantes *arruga, arrugar*, etc.).

A forma que triunfou popularmente en Galiza e que hoxe establece a normativa sufriu unha alteración, un desprazamento de sons dentro da palabra (o que en filoloxía se chama *metátese*): *enruga>engurra, enrugar>engurrar*. Curiosamente, a normativa vixente utilizou en casos semellantes o criterio radicalmente contrario, como na expulsión da normativa do aceptado *probe*, forma con metátese no seu momento trunfante na fala e na escrita e actualmente substituído por *pobre*.

Queremos chamar a atención sobre un feixe de expresións populares que se relacionan coas engurras: *Ir das engurras para as encollas* que expresa moi ben o proceso de envellecemento do corpo, ou as máis sinxelas *ir para as encollas* ou *ir para Val de encollas*.

Como curiosidade sinalaremos que daquel latín *rūga* ‘enruga da cara’, por metáfora, pasouse a outra enruga, esta na superficie da terra, un suco entre vivendas, un camiño entre casas, unha *rúa*, que en rede forma un *rueiro*. Pois, si, velaí a orixe do galegoportugués *rúa* e do francés *rue*, unha enruga.

Enténdese ben agora a expresión tradicional *andar* (ou *ir*) *de ruada*, é dicir, de troula, de festa polos rueiros. Que tamén ten a variante *ir de canella*, co mesmo significado.

En galego triunfaron *rúa* e derivados (como *ruela*, *rúa pequena* e estreita) e son preferíbeis formas auténticas e tradicionais como *rúa cega* antes que *calexón* (ou *canexón*) *sen saída*.

E, desde logo, é inaceptábel que importemos o españolismo *arrugarse* co significado de ‘recuar, botarse atrás, achantar’. Por moito que empreguemos *engurrarse* segue sendo –con ese significado novo- un castelanismo manifesto.

Debemos estar sempre á espreita e non recuarmos na defensa da lingua, mellorando o noso galego e emendando as faltas que inevitábelmente cometemos pola invasión esmagadora da lingua allea.

Papas

Moi frutífera lingüisticamente é a voz *pa* (ou *ba/ta*), balbucida polas criaturiñas e da que deriva en moitas linguas o nome familiar do pai. En galego e portugués temos así *papá/papai*.

Tamén desa voz procede a palabra *papa* para o alimento infantil feito tradicionalmente a base de leite e fariña que se lle dá aos meniños e meniñas nun primeiro tempo. E dela procede igualmente o verbo *papar*, sinónimo de comer.

Delas veñen unha multitude de palabras: *papafigos, papaxantares, papaventos, paparrabias, paparota, papo, paporrubio, papeiras, papanduxa, papelos, paparote*, etc. E as veces hai nelas unha carga pexorativa: *papón, papán, papainas, papaleisón, papamoscas, papallada*, etc

Son tamén moitas, as expresións galegas formadas con *papas*. Entre elas, un grupo ben arraizado entre nós:

Comerlle ás papas a alguén é vencer a unha persoa, triunfar sobre dela, gañarlle. Pode ter o uso máis concreto e propio de ‘ser máis grande’ –ao comparar dúas persoas- como se entende moi ben se reparamos na expresión orixinal completa: *comerlle as papas na cabeza*. Esta locución tería o seu equivalente castelán en *dejar zapatero* ou *dar sopas con honda*. Certo é que neste caso o galego amósase máis rico, pois abranxe tamén o punto de vista da persoa que perde, ao *pedir papas*, é dicir declararse vencida.

Tamén ben expresiva é *non ter papas na boca* ‘falar as cousas claramente, con toda franqueza’.

É con *papo*, a parte do corpo pola que se papa, temos *cantar no papo* (ou *ter/estar no papo*) para expresar que algo está xa en posesión de alguén... ou que o dá como cousa segura: *Xa me canta no papo!* Non sería estraño que houbera unha relación entre este *cantar/estar/ter no papo* e o pito do *tarde piaches!* que xa temos comentado.

Encher o papo é satisfacer cumpridamente a fame.

Coa mesma lembramos que *papo* denomina certas partes carnosas do corpo, que parecen estar “ben mantidas”, como o papo da orella, o papo da man, o papo do dedo, o papo (ou barriga) da perna...

E para rematar outra expresión tamén comentada *ter (moito) papo*, é dicir ter moito arruallo., moita fachenda, cun aquel de atrevemento e de descaro.

E poderíamos –se lles parece a lectoras e lectores- propor este dito novo: *Co papo cheo ben se fala*.

Claro está, sen papas na boca.

Cacho

Para entendermos ben as locucións formadas en galego coa palabra *cacho* debemos ter presentes algunhas cousas :

- 1) En latín clásico «cabeza» dicíase *căput* e desta palabra deriva o italiano *capo*, o catalán *cap* e o francés *chef*. O galego, portugués e español *cabeza /cabeça* procede de *capĭtĭa*, derivado de *căput*.
- 2) En latín serodio, por unha metáfora humorística chámouselle á cabeza *tĕsta* 'ola de barro' (lembremos os nosos *testos*) de onde ven o *testa* do galego e outras linguas románicas e o *tête* do francés.
- 3) Doutro latín serodio, *caccŭlu* 'oliña, cazolo', procede *cacho*, recipiente baixo e de boca ancha, orixinalmente de barro. Por semellanza da forma denomina tamén o caparazón dalgúns crustáceos (centolas, bois...) e o cráneo, a cabeza humana (lembremos *cacha*, *cachola*, *cachimea*) ou de animais (*cachucha/cacheira/cachola* e *cachalote*)
- 4) *Cacho* a maiores do continente denomina o contido, o que naquel se prepara, como o que se fai na noite de san Xoán con herbas aromáticas ou o caldiño feito no caparazón da centola, manxar de exquisitos.
- 5) *Cacho*, recipiente de barro, toma o sentido de 'cacharro vello e roto', e chámanselle *cachos* aos fragmentos. Este sentido de 'anaco' e de 'romper' téñeno moitos derivados galegos de *cacho* como *cachelo*, *cachote*, *cachón*, *escachar*, etc.
- 6) Se cadra ese significado de 'fragmentos' (aínda que unidos todos a un talo) motivou a denominación de *cacho* para o acio, o racimo de uvas ou doutros vexetais.

Imos, daquela, coas locucións :

Andar de cacho para testo (ou *para cabazo/para cribo*) é ir dun sitio para outro sen parar, estando a persoa algo perdida, en español *de aquí para allá*, *de la ceca para La Meca*.

Mexar fóra do cacho (ou *do penico*) é dicir inconveniencias, cousas que non son oportunas ou non veñen ao caso.

Estar mal do cacho/estar fóra de cacho é estar mal da cabeza, da *cachola*, fóra de razón,

Tirar/tirarse os cachos ás olas é asemellaren os fillos aos seus pais.

E *coller/pillar cacho* 'lucrarse, tirar proveito', é unha locución moderna equivalente ás tradicionais *coller bicada*, *tirar tallada*. Puido aparecer dende o galego (lembremos o benéfico *cacho* do líquido sanxoaneiro ou do manxar marisqueiro) aínda que tamén puido ser influída polo español *coger cacho*, no que *cacho* ten clara connotación sexual pois, como apuntaba xa Coromines, significa en castelán dialectal « órgano xenital feminino ». Porén, en galego *pillar cacho/coller cacho* ten un sentido amplo, non restrinxido ao eido sexual como en español.

A excepción e a regra

Dis que non hai regra sen excepción, ou que a excepción confirma a regra, mais non queremos traer aquí un debate sobre a razón ou a precisión deste aserto senón lembrarmos o principio de que, para establecer unha conclusión, é precisa unha importante cantidade de casos que a fundamenten. *Unha vez non son veces*, di a frase popular galega con moito siso.

Existe tamén un bonito refrán equivalente que nos ven xa cando menos da cultura grega e que se basea na observación da vida cotiá e das mudanzas estacionais: *Unha anduriña non fai verán*. O dito aparece en numerosas linguas con moi pouca variación entre as distintas formas: nalgunhas versións fálase da *primavera*, noutras de *unha mosca*, etc.

Esa excepcionalidade é a que nos fai exclamar *O meu can pillou unha mosca!* para sinalarmos que algo aconteceu por casualidade, que non é habitual. E maior evidencia ten a expresión así completada: *O meu can pillou unha mosca. Cando pillaré outra?*

Xa que estamos aquí e falamos de posibilidades, repararemos na expresión española *por si las moscas* que parece motivada pola necesidade de manter cubertos os alimentos para que non se pousen estas neles. En galego non existe *por se as moscas* e o que nós dicimos é -xogando coa dupla posibilidade- *polo si ou polo non*.

Os humanos somos moi dados a tirarmos conclusións precipitadas sen unha experiencia suficiente que as avale e deducimos abusivamente, para ben ou para mal, a facilidade ou dificultade dunha acción, o carácter ou a maneira de actuar que lle apoñemos a unha persoa, etc. E apoiamos moitas veces a nosa xeneralización en refráns tradicionais como *o que fai un cesto fai un cento*.

Claro que fronte a un refrán tamén temos normalmente outro refrán ou dito para utilizarmos na súa contra: o contrarrefrán. E, daquela, ante a acusación xeneralizadora de que *o (ou a) que fai un cesto fai un cento*, retrucamos nós argumentando: *Por un can que matei xa me chaman matacáns*.

Debemos tratar sempre ben os cans e os animais todos, que boa axuda nos dan, aínda que nalgún momento protestemos dicindo que fan como *o can de Xan Torrado [que] canto fai cos pés desfaino co rabo*.

E non será tanto, ho !

Da boca

Coméntame o meu amigo Luís Cachafeiro unha expresión (*Boca pecha non teme o que veña*) dun dos protagonistas do conto de Ánxel Fole *O tesouro*. Ramón, o criado do pazo de Louxío, di nun momento: “A mellor palabra é a que está por dicir, como din os vellos. Boca pecha non teme o que veña”. Efectivamente, a segunda frase asemella un refrán e Luís apunta ben cando a achega ao español *En boca cerrada no entran moscas*. A min gústame tamén máis a frase do Ramón, e vexo no dicionario de Eladio Rodríguez *Boca pechada é forte coma unha muralla*, un refrán que viría corroborar o carácter tradicional da frase do conto.

Coa palabra *boca* fórmanse en galego e na maioría das linguas un amplo feixe de locución idiomáticas e frases feitas que non podemos detallar aquí; fundamentalmente están centradas na boca como como lugar da comida (*ser de boa boca*, por exemplo) ou como lugar da fala (*calar a boca*). Así *andar na boca da xente*, *na boca de todos* ou *de boca en boca* é figurar nas conversas de moitas persoas, atraer a atención pública. *Enchérselle a boca con algo* ou *ter sempre na boca* unha cousa ou un asunto denota unha persoa estar falando constantemente diso. *Dicir coa boca* (ou *a lingua*) *pequena* é facer un comentario en voz baixiña, só para quen fala, ou sen facer moita énfase, como se non se tivese fe no que que se di. Pola contra, *á boca chea* significa falar dando a máxima publicidade, pregoar aos catro ventos. Un (ou unha) *boca podre*, *boca rota* ou *boca rachada* é alguén que fala con frases fortes, consideradas fóra de ton, expresións inconvenientes, mal vistas na sociedade.

Naturalmente, en moitas locucións, mesmo figuradas, consérvase o sentido de *boca* como parte da cabeza: *chegarlle a alguén a auga á boca* é atoparse nunha dificultade extrema; *dicir, contar, algo de boca a orella* é falalo dunha maneira totalmente confidencial, *dicir algo de boca para fóra* é transmitilo sen restriccións, á luz de todos. E *facér da boca cu* é mudar totalmente de opinión, soste o contrario do que se mantiña antes, faltar á súa palabra; é equivalente á expresiva frase española *Donde dije digo, digo Diego*.

O castelán *no decir esta boca es mía* sería en galego *non dar chío*, paralela ao español *no decir ni pío*.

Reparemos na diferenza que establecemos cando utilizamos *dicir/falar/dar fala*, etc. e cando utilizamos *botar*. Comparemos *O que tal botou por esa boca!* con *O que tal falou!* A primeira frase ten unha carga negativa evidente, e a locución non precisaría utilizar a palabra *boca*: *Non fixo máis que botar por ela todo o día*. Por iso dicimos *É un bota por ela* falando dun presumido e fanfarrón

E coa mesma retrucámoslle nós para llo recriminar:

- *Bota por ela, Xan de Varela!*

Vacas

« Un millón de vacas » caracterizaba Manuel Rivas o noso país con fulgurante fórmula no ano 1990. Hoxe, case trinta anos despois : cantas ?

Con todo, o gando vacún segue aínda impregnando a nosa vida e segue presente no noso xeito de falar. Así, seguimos a dicir *Outra vaca no millo !* cando estamos ante algo que sai manifestamente fóra do sentido común : Outra animalada ! E cando estamos ante unha disxuntiva, é dicir cando temos que escoller obrigadamente entre dúas posibilidades, dicimos : *Se non é boi é vaca.*

O boi, grande e voluminoso, anda moi pousadamente, moi amodo, é iso o que expresamos cando dicimos *a paso de boi*. Porque no país galego aínda se ven máis bois ca tartarugas. E entre os bois pousóns os que levan a sona son os das terras padronesas que nos traen ecos rosaliáns : *con máis calma ca un boi de Laiño.*

O boi, animal tradicional da arada, tamén aparece na locución *saber con que bois se ara*. *Ben sei con que bois aro* ven sendo « ben sei con que ferramentas conto » ou « ben sei como é a xente coa que ando ». Sería equivalente ao español *Sé con qué mimbres cuento*.

O boi (ou a vaca) ao arar vai abrindo na terra un rego, e se se desvía hai que volvelo ao rego, ao camiño correcto, ao bo camiño. De aí que teñamos as expresións figuradas para falar de persoas « desviadas » : *Hai que traelo ao rego /Has volver ao rego/ Deixa que xa ha vir ao rego /Levouno outra vez ao rego.*

O rego pode ser unha canle que leve auga, un regueiro, un regato ou regacho, ou unha canalización urbana de auga (velaí temos na Coruña o Rego de Auga) e o rego de sementar non ten a única función de transportar a auga que rega as terras de labor, aínda que tamén aporta algo dela, que é precisa para as plantas. En calquera caso, cando queremos advertirle a alguén dun camiño enganado, dicimos : *Non vai por aí a auga ao rego.*

Rego é unha forma alternativa *a chorro*, aínda que esta palabra non é necesariamente un castelanismo ao existir en euskera e portugués : *Bótalle un reguiño de vinagre.*

Lembremos, ao pasar, que en galego a acción de regar é feminina, *a rega*, en tanto que *o rego* é a canalización. É moi coñecida esta cantigiña popular :

*Eu pedinlle leite á vaca,
a vaca pediume herba,
a herbiña pediume prado
e o prado pediume rega*

A auguiña, boa falta fai !

Non che é por aí

Ás veces, cando alguén está a nos contar algo que nos parece deliberadamente enganoso, facémolles un sinal inequívoco de suave desacordo, de advertencia amistosa. O máis frecuente é que levemos o dedo índice dunha man debaixo do noso ollo dereito e tiremos suavemente da pel cara abaixo dicindo: « *Mírame aquí que teño un lixo!* ». O que lle vimos transmitindo á persoa interlocutora ven sendo « *É tan verdade o que che estou dicindo como o que ti me contas a min, é dicir: nadiña* ».

O mesmo mecanismo de desarticulación de determinadas frases feitas e locucións estereotipadas atopámolo cando unha extensión inesperada desa frase provoca a desautorización da súa mensaxe primitiva. Unha afirmación solemne de alguén que asegura *Palabra!* cai no ridículo ante a retranca do interlocutor cando este retruca *...dixolle o lobo á cabra*. Coma tal: « *Non me enganas, que ben te vexo vir* ». O mesmo ocorre cando alguén que afirma *A cada un o seu* ve que lle continúan a frase con *...dixo o que roubaba*. Estánlle transmitindo neste caso: *Si, ho, ti es ben de fiar!*

Tampouco debemos ver sempre neste procedemento unha mensaxe rotunda e formal, unha caste de acusación. A situación comporta suficiente ironía como para relativizar a parte do enfrontamento coa familiaridade da broma: o humor desarma amistosamente; non hai loita e en certo sentido as dúas persoas que interveñen comparten a rexouba. Por exemplo, se alguén afirma *Veremos* e o interlocutor completa *...e eran dous cegos*, o que se produce é unha mensaxe para os dous que falan: « *igual non imos ver tanto como a nós nos parece* ».

E, decididamente, a carga festeira, de risa, é a que está presente cando « limitamos » e « desautorizamos » determinadas valoracións máis ou menos implícitas nalgúñas expresións e frases feitas e lles rebaixamos as pretensións:

-*Un día é un día*. -*...E seis media ducia*, sente dicir alguén que xustificaba saírse da norma facendo un « exceso ».

-*Un home é un home*. - *...E un gato un bicho*, báixalle os fumes a un aparente machismo.

Lembraremos a conto disto unha frase tradicional galega ben clara da advertencia do que estamos a comentar: *Non vai por aí o gato ás filloas!*

Distanciémonos, por principio, un pouquiño das situacións solemnes de máis, que tenden ao dogmatismo e ao acartonamento. Saibamos rir un alguíño de nós mesmos e con nós mesmos e os outros. Desfrutaremos máis da vida.

Da testa ao rabo (ou viceversa)

O rabo, a parte derradeira do animal se imos de enriba a embaixo ou de diante para atrás, pódese comer ou non, mais está claro que entrementes siga aí, a cousa non está rematada. *Aínda está o rabo por esfolar* dinos a frase tradicional significándonos que non está completado o labor ou que o resultado dun asunto aínda se podería revirar. É como se, prudentemente, dixésemos « Aínda non se pode cantar vitoria », « Aínda hai moito que falar », ou, nun contexto de xogo ou de competición deportiva, « Aínda está a pelota no tellado », « Aínda non rematou o partido ». O resultado é aínda incerto. Porque igual ese tramo final pode ser o máis difícil. *O rabo é o pior de esfolar*, din os portugueses e explican a frase : « a parte final de uma tarefa é a mais trabalhosa »

No outro extremo do corpo está a *cabeza* ou *testa*, palabras que podemos utilizar como sinónimas aínda que propiamente a testa é a zona dianteira da cabeza entre as tempas. Na cabeza está o cerebro e esa sería a sede do siso e da intelixencia ; por iso dicimos as veces de alguén que ten « pouca cabeza » e podemos dicir que é un/unha *cabeza de vento*, unha *cabeciña tola*, unha *chaviña louca*. Son equivalentes galegos do castelán *cabeza de chorlito*. Como é sabido, o *chorlito* é un paxaro e nós atribuímoslle ese mesmo carácter a outro : é un *bubelo/unha bubela* dicimos de alguén falto ou falta de sentidiño.

Conectaremos agora as dúas zonas do corpo a través da locución española « la pescadilla que se muerde el rabo ».

A *pescadilla* é o exemplar novo da *merluza*, do peixe que en galego denominamos *pescada* ou *peixota*. É moi tradicional a preparación dos exemplares novos da pescada, os que nós chamamos *carioca*, fritos co rabo na boca, formando un círculo. E, visto que nese círculo podemos estar dando voltas e voltas sen vermos a entrada por onde comezarmos a comer, creouse unha frase metafórica para denominar a cuestión, a situación, que nos fai dar voltas e voltas sen fin porque non ten saída. É o que chamamos, cunha expresión máis culta, *un círculo vicioso*. A expresión popular galega é ben bonita : *a carioca que leva o rabo na boca*.

E rematamos lembrando, tamén nunha volta cara atrás, unha formuliña tradicional do xogo infantil que empregabamos cando eu era neno e que probablemente segue viva. Para escoller quen pandaba, un dos rapaces ou rapazas ía recitando mentres sinalaba sucesivamente os outros: « *Rabo de cocha* (ou *de vaca* ou *de boi*), *rabo de besta*, *dixo meu pai que estaba nesta* ».

Ter o porco polo rabo é 'dominar unha situación' e equival ao español *tener la sartén por el mango*.

O cocho, ou porco, un animal que moitos consideran case perfecto pois del aprovéitase todo : *do rabo até o fociño*.

Porque, como respondeu aqueloutro, a quen lle preguntaban cal era a ave máis gorenteira: « -*Ai, se o porco voase !* ».

Mais, daquela, se cadra non o dabamos pillado.

Tanto/igual

Para sinalarmos a equivalencia de dúas accións, dúas cousas ou dúas persoas, empregamos en galego frases construídas co verbo *ser/ dar, ter* e os dous termos comparativos *tanto/tan...como, coma... igual/coma...que...*

*É igual que llo digas que non
Dá igual que veñan ás nove coma ás dez
Tanto me ten fritido como guisado
Tanto ten que queiras que non*

Estas construcións aparecen moito en frases feitas e refráns nosos :

*Tanto ten Xan coma seu irmán
Tanto dá touciño como soá
Tan bo é o caldo coma as castañas
Tan bo é o demo como a súa nai*

A máis tradicional e abundosa é a construción co verbo *ter* : *tanto ten*.

Tamén aparece outra construción, hoxe en día menos frecuente na fala, na que o verbo *dar* aparece en forma reflexiva, *darse* :

Tanto se me dá que veña coma que non

Velaí unha fermosa cantiga que a emprega:

*A lúa vai encuberta,
a min pouco se me dá,
que a lúa que a min me aluma
dentro do meu peito está*

Unha expresiva frase popular retrata a igual inutilidade de dúas accións :

É igual que fales con ela como coa vaca marela

Claro que, por aquilo do equilibrio de xéneros, poderíamos dicir estoutra, inventada para a ocasión :

É igual que fales con el como cun boi de papel

E, como remate, dúas frases que caracterizan a persoas equivalentes no seu comportamento :

Se un mata, o outro esfolia

E estoutra, da beiramar e á que non lle vexo doada explicación :

Tal para cal, maragota e media

Con pelica de animal

Como lle cadra á súa importancia e presenza na sociedade galega tradicional, *Xan* tamén é un dos nomes máis presentes nesoutro mundiño dos contos que pinta o noso baixo pelica de animal. É o nome dun dos personaxes máis argalleiros, ocorrentes e paveros, o raposo, que sai triunfante das súas falcatrúas e aduanadas, mesmo se o cativo trunfo é só conservar a vida para preparar outra allada. O raposo, capaz de facer rir á indignada muller que acaba de tirar fóra do galiñeiro ese animal morto que « resucita » e sai correndo a fume de carozo. O raposo, ou a raposa pois pode ser femia e levar o nome de *Maruxa*.

E, á beira del, *Pedro*, o lobo, personificación da forza bruta e parva fronte á finura do seu contrincante pequeneiro. En calquera caso, os nomes humanos pouco importan e ás veces *Xan* é o lobo e *Pedro* o raposo.

Un dos contos máis coñecidos entre os que el protagoniza deixou unha locución moi popular : *cheira a can* , equivalente ao español *huele a chamusquina* , que se di para amosar desconfianza.

O raposo liberara un home de que o comese unha cobra baixo a promesa de lle pagar cun par das súas mellores galiñas. A hora de pagar, o home apareceu cun saco pechado e o raposo desconfiou : « *Cheira a can ! Pitas serán pero chéirame a can !* ». E saíron adoecidos tres cans contra o raposo que corría fungado mentres dicía : « *Arriba, pernas ! Arriba zancas ! Que neste mundo todo son trampas !* ». Finalmente chegou ao tobo onde caíu estomballado dicindo : « *Ai, meus peños ! Ai, meus peáns, se non forades vós, comíanme os cans ! E ti, meu rabo mazaroqueiro, inda tirabas pra atrás !* ».

A mesma raposa que inmortalizou Esopo na fábula das uvas e que noutra frase galega, ao non lles poder chegar, marcha toda fachendosa facéndose a despreciativa. « *Non chas quero, que son caíñas ! -díxolle a raposa ás uvas* »

Os animais, que nos nosos contos falan co home chamándolle « *tío home* ». Igual que un vello amigo da aldea se dirixiu a min un día na complicidade dunha rica cultura compartida. Que non só está poboada por trampulleiros e abusóns senón tamén por toda unha simpática e variada fauna

Porque, malia que un dito popular asegura que : « *Hai homes e homiños, macacos e macaquiños* », na terra hai ben máis xentiña. Para comezar, mulleres. E tampouco só *macacos* senón xente de valía.

Ou como é ?

Contos

Os contos dos que falabamos esoutro día son relatos, en xeral ficticios aínda que poidan basearse en sucesos reais ou con visos de ser certos. Poden transmitirse oralmente ou por escrito e coñecemos nós ou non o nome do seu autor, o que nos serve para deslindar a literatura « popular » da « culta ».

Outra cousa son os contos como invencións, fabulacións, lérias e trapalladas que os humanos inventamos, non sempre con ánimo desinteresado e moitas veces por encerrar. *Non me veñas con contos*, dicimos así, ou *Son contos que van para a feira*, descualificamos. E a aqueles que sempre andan con contos chamámoslles *contiqueiros*, *contomiñeiros*, *contomeleiros*, etc.

Conto, sen matiz pexorativo ningún, chega a ser equivalente de ‘asunto, cuestión’ (*Veña, vai ao conto !/ O conto é que temos que facelo*). Unha frase moi empregada en galego é *Morra o conto!*, equivalente do español *No se hable más ! Conto* é tamén termo familiar para un obxecto calquera que non nomeamos, un equivalente, logo, a *couso*, *choio*, etc : *Pásame o conto ese*.

Diferente é o substantivo *conta* ‘cáculo, cómputo’ aínda que ten a mesma orixe que *conto*: as dúas palabras proceden do verbo latino *computare*. *Sáíronlle as contas furadas*, dicimos de alguén cando os seus cálculos, as súas expectativas, resultaron fracasadas. E é porque moitas veces non se teñen en conta detalles moi importantes : *Non se poden botar as contas sen a taberneira*, advirte o consello tradicional. E *ter conta* é equivalente a ‘ter coidado’ (*Ten conta do leite mentres eu baixo*).

Volvendo ao conto (ao conto popular) imos entender a expresión irónica *Fuxe, laxe que te esfarelo* ou *Fuxe, laxe, que te fendo !* lendo unha versión breve de *As vodas do ceo*:

“Ía unha vez unha raposa polo monte e viu voar unha aguia moi alta.

-Ai! - berroulle - Onde vas?

-Vou ás vodas do ceo - respondeulle a aguia.

-E logo, hai vodas hoxe?

- Hai, e moi boas, por certo.

-Pois eu quería ir. Como faremos ?

-Eu te levarei.

Entón a aguia pousouse no chan, a raposa subíulle ás costas e botaron a voar.

**Ao iren xa moi altos, a aguia fixo un recorte e chimpou a raposa
embaixo. E a raposa, ao ver que ía caír enriba dun penedo, púxose a berrar:**

***Fuxe laxe que te esfarelo,
que se saio desta
non torno ás vodas do ceo! “.***

E despedámonos con este remate tradicional ao contar contosl:

Conto contado, burro aparellado; agora ti tíralle polo rabo!

Do poleiro

Pitas e galos, polos e pitos.

A galiña (ou pita), tras ser fertilizada polo galo, pón ovos durante algúns días e despois chócaos, incúbaos, nacente delas os pitos, as crías. Estas, ao medraren convértense en polos e polas, e xa son capaces de subir ao poleiro, lugar do curral algo elevado onde se acochan as aves maiores en tanto que os pitos teñen que seguir sempre embaixo, no chan.

Subir ao poleiro é, en sentido figurado, medrar, sobrevivir, irlle ben na vida, e *cantar no poleiro* mandar, gobernar, como se dixeramos levar a voz cantante. É o que fai (ou se lle atribúe) o galo.

O galo, que todo fachendoso dá voltas de arredor da pita á que galantea. E daí ven a frase de *facer a rosca do galo* (en español é «la rosca del galgo») ou, por antonomasia, *facer a rosca*, é dicir *facer as beiras* (en español *tirar los tejos*), dar voltas de arredor de alguén para gañar o seu favor.

Aos pitos atribúenselles dúas características: comeren moi pouco (*comer coma un pitiño, coma un paxariño*) e andaren sempre mollados (*Puxémonos coma pitos*). Unha frase irónica para lle dicir a alguén que non moleste é mandalo a lles botar auga auga aos pitos cando chove (*Vailles botar auga aos pitos, ho*), algo que polo que resulta tan innecesario que calquera se decata da burla.

As galiñas, daquela, poñen ovos e chócanos, andando con eles con moito tino (*andar como a galiña cos ovos*) e sería unha perda que a pita non puxera e só fose boa para chocar: por iso dicimos cando algo fracasa *saíulle a galiña choca*. A galiña, cando choca está febril, de aí que en sentido figurado digamos dunha persoa *está chocando unha gripe*

Á imaxe do pitiño que aínda non hai moito naceu, ou ten pouca pluma ou é feble, dicimos dunha persoa que *aínda leva a casca no cu* ou que é un *pito caíro* ou un *pito serodio*. E para evocar a hipótese de algo que non vai acontecer dicimos *cando mexen as galiñas*, é dicir: nunca.

Cando existían as grandes salas de cinema con tres e catro plantas de altura, a máis elevada, a derradeira, era coñecida popularmente como *o poleiro*. Polo seu prezo máis baixo acudiamos os rapaces, e os adultos das clases populares; e bromeabamos: *é onde máis custa...subir*.

Lembremos unha cantiga:

*As galiñas dan os ovos,
os ovos dan os pitiños,
das falas nacen amores,
dos amores os filliños*

Así fose sempre.

Regañar

En galego o verbo *regañar* é sinónimo de ‘fender, lañar, abrirse en regañas’ (*A parede regañou/ Coa seca a terra estaba toda regañada*, etc.). Non ten na nosa lingua o significado que é habitual en español, sinónimo do verbo *reñir* (*Les regañó por no haber obedecido/ Llevan mucho tiempo regañados*). En galego empregariamos preferentemente os verbos *roñar, rosmar, fungar* e outros para o primeiro exemplo castelán, e os participios *enfadados, enfrontados, mancornados*, etc. para o segundo.

Cando falamos de *regañar os dentes, regañar a moa*, facémolo cun sentido negativo, agresivo ou ofensivo. É ben diferente *regañar* e *rir*. Nun coñecido conto popular, o gato dille ao raposo morto (cando menos aparentemente), estrado no chan co fociño aberto e os dentes regañados:

*-Ei, mil mañas, ti ris ou regañas?
Tí con mil e máis un saco e gañouche con unha o gato!*

O español conserva na expresión *a regañadientes* (‘a disgusto, mostrando mala cara’) un resto dese significado que hoxe non ten e antigamente tiña.

A raña regaña, dicíamos os rapaces de Lugo no xogo cando eu era cativo. *Raña* era equivalente de ‘trampa’; e un *rañán* era un trampón, un trampulleiro. Naquel castelán agalegado dicíamos.:”*¡La raña regaña! ¡Chaval, eres un rañán, siempre estás haciendo raña!*”.

Como é sabido, o verbo *rañar* é sinónimo de *rascar*, e temos un dito moi coñecido no que el aparece: *Cada un se raña onde lle proe*, que ten en castelán un equivalente literal (*Cada uno se rasca donde le pica*) e mais algún outro figurado (*Cada uno sabe donde le aprieta el zapato*).

Leva que rañar! dise en sentido figurado de quen recibiu unha boa rosmadela.

Naturalmente, *proer* é sinónimo de *picar*.

Unha lle proe e outra lle doe é frase que indica que a alguén lle manca o corpo todo.

E rematemos cunha cantiga:

*A castaña no ourizo
quixo rir e regañou,
caiu do castaño embaixo:
mira ti o que gañou!*

Area

A area é un conxunto de partículas de orixe mineral, aínda que tamén pode referirse a unha partícula ou a algunhas por separado. E en sentido figurado, falamos de *unha area* ou *unhas areas* para partículas doutras materias dicindo, por exemplo *unhas areíñas de sal*. Neste sentido, *unha area* aplícase a unha cantidade insignificante : *non val unha area*.

Resulta incómodo que se nos metan areas nos zapatos, pois dificulta andar ben, e de aí procede a frase *poñerlle areas nos zapatos a alguén*, é dicir poñerlle atrancos e dificultades. E en sentido irónico dise de alguén que, por ter bebido viño, camiña con dificultade : *leva unha areíña*.

Dun labor imposíbel dicimos que é como *contar as areas do mar*

Andar coa area no zoco é sinónimo de 'desconfiar'. Ven sendo como o español *Andar con la mosca tras la oreja*.

E se unha area é algo minúsculo, o conxunto, a area é, pola contra, pode ser unha extensión moi grande, que usamos para caracterizar a abundancia de algo : *como area*. Poderemos escoitar así frases como : *Había xente como area*.

A area aparece tamén nun contexto negativo dada a súa pouca consistencia e firmeza como alicerce. Dicimos así que é *construír na area*, *sementar na area* ou *escribir na area* un labor que non se ten e que vai durar pouco.

Area ou *areeiro* semella a denominación antiga do que hoxe denominamos como *praia*. A denominación consérvana un elevado número delas, aludindo á súa extensión (Area Longa, Area Grande, Area Pequena, Area Maior...) ás características da area (Area Blanca, Area Brava, Area Basta, Area Milla, Area Triga, Area Doce, Areíña...) ou dalgunha localización específica (Area Alta, Area da Balea, Area Cova, Area do Porto, Area da Vila, Area da Cruz, Area da Agra...) ou outras circunstancias (Canto da Area, Area da Fame, Area das Vacas...). Subliñemos que a praia mundialmente coñecida que une a illa do Faro coa illa de Monte Agudo, nas Cíes, chámase Area das Rodas.

E velaí unha cantiga que sen dúbida ven de moi atrás :

*O mariñeiro ao domingo
bo zapato e boa media,
e ao luns pola mañán
vai descalzo pola area*

Castelos no ar

Din os portugueses *Fazer castelos no ar*, para, sen base ningunha, sen alicerces, levantar algo que axiña se pode derrubar doadamente como cartas en pé. É como construír na area. Máis que fabricar algo consistente pois é tecer soños.

Os españois din *Hacer castillos en el aire* e os franceses *Faire des châteaux en Espagne* (facer castelos en España) se cadra porque facelo lonxe do país de un, a máis de impedir comprobar a veracidade do que se afirma, equival a perder o control, a descontrolarse.

Dende o francés entrou en diversas linguas outra frase equivalente, que en portugués di *vender a pele do urso antes de o ter morto* (ou *antes de o matar*) e en español *vender la piel del oso antes de cazarlo*.

Unha e outra veñen sendo o conto da leiteira, botar as contas dela Vemos que está moi perto daqueloutro consello ou conclusión galega que xa citamos: *non se poden botar as contas sen a taberneira*. Ou, o que ven sendo o mesmo: non se pode cantar vitoria antes de tempo.

Por outra banda, temos en galego unha frase que acaí perfectamente a esa situación na que xa andamos a repartir os bens na nosa cabeza antes de dispormos deles. Dicimos, daquela: *Aínda non asamos e xa pingamos*. Aínda non puxemos a carne no forno e xa estamos nós vendo como escorrega o pingo, a graxa.

Pingar non o dicimos só da graxa, senón de todo líquido que escorre e cai en pingas, en gotas. E o verbo tamén ten algunhas outras acepcións figuradas, moi especificamente galegas, como cando lle dicimos a alguén que lle *pinga* unha prenda de roupa; estamos sinalando que lle pende, que lle cai de mais nun punto descompensando a regularidade ou sobresaíndo.

Como xa dixemos, tamén ás veces o substantivo *pinga* denomina un líquido moi concreto e específico, o viño ou o alcohol.

O verbo *pingar* forma algunhas outras frases feitas galegas: *pingar o moco* é chorar, *pingar laceira* (e de aí *ser un pingalaceira*) é atoparse nun estado de total miseria. *Poñerse pingando* é mollarse moitísimo, mais cómpre non confundir esta frase con *poñer a alguén pingando* pois a primeira ten un sentido propio, literal, e a segunda figurado, ‘criticar moi duramente, dar unha boa reprimenda’.

Estas expresións non existen en español, aínda que si entraron dende o galego no “castelán de Galiza”. Tampouco non existe –nova sorpresa para moitos e moitas– a palabra *pinganilla*, que os galegos e galegas usamos tan habitualmente para denominar a secreción nasal acuosa propia da catarreira. Non existe en español: trátase dunha construción léxica galega.

Outro caso como *esmagar, colo, reseso, toro de pescado* e tantos outros galeguismos.

Lume

A produción e o control do lume foi unha das máis gandes conquistas da humanidade. A partir dese momento puido cociñar e comer quente, combater o frío, protexerse ante ataques de depredadores e realizar outros labores esenciais na vida das persoas. O lume controlado, naturalmente, non o que ameaza a supervivencia.

Disque *non hai lume sen fume*, ou viceversa, que *non hai fume sen lume*. Efectivamente, da combustión despréndense os gases e partículas, e hai materias que ao arderen botan máis fume que outras. Se temos en conta que o fume chega a caracterizar o secundario fronte ao substancial, que é o lume, entenderemos unha locución como *Moito fume e pouco lume* (equivalente ao castelán *Mucho ruído y pocas nueces*) que descualifica algo ou alguén, igual que a tamén galega *cacarexar e non poñer ovos*.

Tamén son doadas de entender as expresións *moita palla e pouco gran*, para sinalar cousas secundarias fronte a outras importantes, e máis *é fume de palla*, para caracterizar tamén o secundario que podería cegarnos ou afogarnos apartándonos do substancial, e a locución *é un boi de palla* para caracterizar un home presentado como seguramente grandote e algo manso de máis.

E ollo con aquelas persoas que *teñen o rabo de palla*, é dicir que teñen un flanco feble, porque o refrán galego di que *o que ten o rabo de palla sempre pensa que llo queiman*, é dicir, sempre están á defensiva.

Medrar coma o leite no lume é unha comparanza que utilizamos con frecuencia para expresar a rapidez, igual que estoutras dúas locucións: *a fume de carozo* (será que o fume da mazaroca de millo corre máis rapidamente que outros fumes?) ou *a lume de biqueira*, motivado porque a biqueira, a punta do zapato, estaba moitas veces reforzada cun pequeno semicírculo de ferro e botaba faíscas ao bater contra as pedras.

Da rapidez pasamos á inmediatez, conceptos moi próximos: cando queremos expresar dúas accións, na que a segunda é continuación inmediata da primeira, utilizamos moito en galego a locución *coa mesma* (*Chegou á casa e coa mesma encerrouse no seu cuarto*). Esa inmediatez leva algo de atrevemento, (*Díxolle que non estaba disposta a facelo, e coa mesma plantouse diante del*). Un equivalente español podería ser *ni corto ni perezoso* (no exemplo *ni corta ni perezosa*) frase que xa temos visto algunha vez incorrectamente traducida como *nin corto nin preguiceiro*.

E cando o que subliñamos é o cumprimento da primeira acción mediante a segunda, é dicir a coherencia no propósito, utilizamos en galego *meu dito, meu feito* (español *dicho y hecho*): *Chamoume para dicir que viña e meu dito, meu feito: de alí a un par de horas apareceume pola porta*.

Nin eira nin beira

Unha bonita locución moi empregada en Portugal e o Brasil caracteriza certeiraamente a persoa que está nunha pobreza extrema dicindo que *não tem eira nem beira*. Normalmente incorpórase á frase unha pequena prolongación : *Não tem eira nem beira nem raminho de figueira* (ou *nem pé -ou pau- de figueira*)

A explicación máis espallada da orixe da expresión baséase nas construcións coloniais do Brasil, que diferenciarían a simple vista os ricos dos pobres pois as casas dos ricos seica terían tres tellados, tres andares : a eira, a beira e a tribeira. Nós preferimos outra explicación máis sinxela, como a que subliña a carencia de eira (ese tan importante terreo integrante da casa rural onde facer labores agrícolas e vida comunitaria) de ningún espazo libre rente da vivenda, ou mesmo dunha sombría de árbore ou de froitos que comer.

Ignorabamos a existencia desta locución entre nós, mais as notabeis especialistas Carme López Taboada e M^a do Rosario Soto Arias xa recolleron a frase hai anos nun seu útil traballo (*Como falan os galegos*, GaliNova 1995). Sería en galego *Non ter eira nin leira, nin pao de figueira* (repárese na variante *leira*) e o seu significado o mesmo que o da devandita : « Non ter nada ».

En calquera caso, aínda que con menos frecuencia, en portugués *não ter eira nem beira* aplícase tamén a algo para caracterizalo como feito de maneira totalmente desorganizada, sen lóxica nin sentido ; viría sendo unha expresión semellante a *sen pés nin cabeza* ou *sen orde nin concerto*. Mais se cadra a mellor equivalencia en galego sería outra de igual construción : *sen xeito nin dereito*. Por exemplo : *iso que fixeches non ten xeito nin dereito*.

A que si é unha locución ben constatada en galego (entre outras fontes polas mesmas autoras) é *Alí non hai lume nin fume nin pinta de estrume*, frase que a maiores de ter igual feitío trinario ten tamén o mesmo significado, o de « alí non hai nadiña » indicando pobreza e carencia total de vida nun lugar. Non se dan as condicións necesarias para sobrevivir ante a imposibilidade de se gardar do frío, de poder cociñar, de realizar toda unha serie de labores domésticos e agrícola-gandeiros.

Nunha e noutra locución, parece que estamos ante a dramática situación dos sen-terra ou sen-casa, mesmo se as persoas que teñen que acocharse nela dispoñen dunha choupana, unha casarella.

O que resulta claro é que estas dúas frases constitúen un fermoso exemplo de ritmo, rima e expresividade na construción e no contido. Unha desas moitas xoíñas da fala que debemos agarimar sempre transmitíndoas ás xeracións vindeiras.

Madia leva !

Madia leva, ou *Madia che leva*. Ou tamén *Madia levas*, *madia ten* e outras variantes. E mesmo co acento no *i* : *Madía*. Velaí unha construción ben galega e ben polivalente. E ben misteriosa canto á súa orixe. Imos só poñer tres exemplos antes de tratar de explicala :

1) - *Por fin viñestes ! Madia leva, xa pensei que vos esquecerades de nós !*

2) - *Na carreira quedei de segunda.*
- *Madia leva, podes estar contenta !*

3) - *Tedes un fillo grandeiro.*
- *Madia leva, tamén os pais non son pequenos !*

Vemos, daquela, que a tradución está bastante aberta ao contexto : *Menos mal ! / Que sorte ! Era boa ! / Non faltaba máis !* etc. E temos que estar ben atentos para ver se a din con retransa, con ironía.

Naturalmente, a exclamación pode non ir acompañada dunha frase que nos orienta do seu significado, Nese caso, só a situación, a entoación e os acenos da persoa que a pronuncia serven de axuda.

Seguiremos o fío do verbo *levar* para aludir a algunhas locucións :

Levar coso, ir a todo coso é equivalente a 'levar presa, ir rápido'. Ao parecer é un termo de orixe marítimo (que procedería do latín *cursu* 'carreira, navegación' ao igual que o *corso* dos « corsarios ») e que se aplicaba á sardiña cando corría polas nosas rías.

Andar, estar ou *ir levado do demo* é estar enfurecido.

Esa pera rabo leva afirmámolo cando lle supoñemos unha intención retorta a algo que alguén acaba de dicir.

E un *levaetrai* é unha persoa que anda sempre con seicas e díxomes, con lérias e comentarios sobre os demais, un contomiñeiro.

Unha frase bulreira, irónica, sería *Ti que non podes, lévame ás costas* para descualificar unha petición que consideramos excesiva.

E un dístico con alegre ritmo de muiñeira, tráenos agora a afirmación do poder da solidariedade :

Ti que me levas e eu que me axudo,
imos os dous cabo do mundo

Subliñemos tamén o especial significado do verbo *levar*, moi usado en galego como ‘cobrar por unha transacción comercial’ (*Que che levaron por eses zapatos ?*)

Coa mesma non deixaremos de lembrar os versos de Martín Códax co seu *mar levado*, o seu *mar salido*, o *alto mar* que tamén cantou Mendiño :

*Ondas do mar levado
se vistes meu amado ?
e aí, Deus, se verrá cedo ?*

Raxo

Ben sabemos que o galego procede do latín : a súa fonética, a súa morfoloxía, o seu léxico e a súa sintaxe condicionaron os nosos. As nosas palabras son evolución das latinas (clásicas ou serodias) e normalmente esa evolución se fixo ao través de varios séculos, modificándose na boca das persoas segundo unhas tendencias ou leis fonéticas. É a vía popular ; así de *vīnum* temos *viño*, de *capitū* *cabeza* e de *factu* *feito*. Ora ben, as veces no decurso dese tempo aparece unha palabra sen rematar de evolucionar, que se fixa nese estadio : é o semicultismo, que non lle impide ao termo popular seguir evoluíndo (como o semicultismo *caravilla* fronte a *chavella*). E outras veces, xa cando apareceu plenamente a lingua romance, tírase do latín unha nova palabra independentemente das leis que seguiría a vía popular xa rematada (*cátedra* fronte a *cadeira*).

Da palabra latina *rādiu* temos os tres casos : vía popular *raxo*, vía semiculta *raio* e vía culta *radio*. O *raxo* en galego é unha tira de carne do lombo do porco (ou algún outro animal) e tamén o nome dos tentáculos do polbo. O *raio* é un feixe de luz ou unha descarga eléctrica no ceo. E o *radio* o nome dun oso do brazo ou o dun elemento químico, e se é feminino, a *radio*, é unha abreviación da palabra *radiodifusión* (e tamén de *radiografía*)

Raxo tamén o empregamos como eufemismo para non dicirmos *raio* (*Raxo de rapaz ! Malo raxo te fenda !*) e del deriva a *raxeira*, o raio do sol, a caloríña (*Gústame sentarme á raxeira*).

Por certo que anterior a *raio* é *raia*, e en galego é máis tradicional a *raíña* do sol ou a *raioliña*. E o verbo *arraiar* (o sol) é ‘abrir o día’. *Raia* tamén é ‘liña’ (fundamentalmente recta) e de aí o significado de ‘fronteira’, a *raia* sinalada no mapa.

Fonéticamente próximo a *raxo* (aínda que nin pola significación nin pola orixe teña nada que ver) é o verbo *rachar* ‘esgazar, fender’ (ollo, *raxar* é castelanismo !) que dá lugar a unha locución que dicimos ás veces para sinalar que imos facer un derradeiro intento á desesesperada : *Ou vai ou racha !*

E as *rachas*, ou *achas* son fragmentos de pedra ou de madeira que se desprenden e saltan ao fender aquela. Isto lévanos á expresión *facen achas* ou *facen rachas*, é dicir, ‘triunfar, ser o amo, quedar moi por riba dos outros’. (*Foi á festa e fixo achas*)

Equivalente a ela é a locución *facen maghas*, o que nos leva de volta ao polbo. Dise que as partes do polbo son os *raxos* e a *capeleira*, a cabeza. E dentro ten o *maghorro*, que se lle tira e non se come. Son as *maghas* ou tripas que atopamos na expresión xa citada e no verbo *esmagar* (‘tirar as maghas’). *Facer maghas* é, como se dixeramos, ‘esmagar, pisar aos demais, quedar por riba deles’.

Aresta

Aínda podemos escoitar en galego palabras como *aresta*, *argana*, *argueiro* ou *aruxo* que normalmente son infrecuentes e adoitan ser substituídas por outras palabras sinónimas, do mesmo significado. Debido á rareza do seu emprego son ás veces de difícil comprensión, máxime cando son palabras que poden ter varias acepcións.

Poñamos por caso a palabra *aresta*, da que reproducimos as definicións do dicionario en liña da Academia Galega :

« Substantivo feminino :

1 Liña formada pola intersección de dous planos. *As arestas dun poliedro. Deu coa cabeza contra a aresta da mesa.*

2 Filamento ríxido que se prolonga da casca do gran de trigo e doutros cereais. *Quedáronme arestas na roupa.*

SINÓNIMO *argana*

3_ Residuo que se lle tira ao liño ao mazalo. *Despois de quitarlle as arestas, dispuxo o liño para tascalo.*

SINÓNIMOS *tasco, tomento*

4 Partícula moi pequena, mínima porción dalgunha cousa. *Co que devolveu non debe ter nin aresta no estómago. »*

Tamén en portugués existen as palabras devanditas, ou variantes delas. Imos sinxelamente reproducir os sinónimos de *aresta* que cita o Dicionário de Sinónimos da Porto Editora: *alfinete; argalha; argueiro; aspereza; bagatela; canto; dificuldade; esquina; insignificância; limpadura; ninharía; palhinha; pragana; quina; rebarba*. E de *arujo* son sinónimos: *argueiro; fagulha; faúla, maravalha*.

A Academia Galega arrequecéenos cunha frase feita as definicións reproducidas de *aresta* :

« *Facer dunha aresta un palleiro*».

Esaxerar.

Non está tan mal como di, pero gústalle facer dunha aresta un palleiro.

Facer dunha aresta un palleiro, dunha palliña unha meda, dunha cousa cativreira unha cuestión enorme. Coma quen di de alguén que *afoga nun vaso de auga* ou que fai un problema grandísimo dunha dificultade mínima.

A existencia exclusiva de *Aresta*, *argana*, *argueiro* e *aruxo* (talmente ou en variantes) na área da Península Ibérica, fundamentalmente en galego-portugués, levou a algúns filólogos a soste que esas palabras poderían proceder de formas prelatinas.

Seguiremos a falar delas e dalgunhas locucións que forman.

Arganas

Citabamos esoutro día a frase galega *Facer dunha aresta un palleiro*, é dicir 'facer dun asunto miúdo un problema enorme'. Os portugueses teñen unha frase equivalente en *Fazer de um argueiro um cavaleiro*. Como tamén teñen outra próxima: *Ver o argueiro no olho do vizinho e não ver a trave no seu*, que é equivalente á galega *Ver o argueiro no ollo alleo e non ver no seu o fungueiro*.

Diciamos tamén que *argana* era unha palabra sinónima de *aresta* e reproduciamos a correspondente definición do dicionario da Academia Galega en liña :

« 2 Filamento ríxido que se prolonga da casca do gran de trigo e doutros cereais. *Quedáronme arestas na roupa*.

Ese é tamén un dos significados da palabra *argana*, e numerosas testemuñas falan de que no labor da malla dos cereais os filamentos eses, as arganas, ao voar, podían resultar molestos para os malladores e malladoras por se lles meteren nos ollos, no nariz ou a boca e por lles entraren na roupa e picaren o corpo.

Mais *argana* ten un segundo significado, o da espiña dos peixes, que é doado de entender pola semellanza entre os filamentos vexetais e as finas arestas laterais do esqueleto deses vertebrados. As arganas dos peixes poden tamén ser mesmo perigosas se quedan entaladas na nosa gorxa.

E de metáfora en metáfora: calquera comprende tamén que cando dicimos de alguén que *está feito unha argana* queremos dicir que esa persoa está extremadamente delgada.

Temos que ter coidado coas partículas miúdas para que non se nos meta un *aruxo*, un lixo, no ollo.

En calquera caso, podemos perfectamente empregar en lugar de *aresta*, *argana*, *argueiro* ou *aruxo* outras palabras sinónimas tan nosas como *palliña*, *espiña* ou *lixo*.

Lembremos para remate a idea contida na frase que xa citamos enriba e que aparece no Evanxeo en galego deste xeito :

¿Por que reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán, e non te decatas da trabe que está no teu propio ollo? (Lucas, 6, 41-42)

Cousas e lousas

Hai cousas que mesmo parecen lousas. Velaí unha frase feita que recollía Federico Zamora no seu útil libro *Refráns e ditos populares galegos* (Galaxia, 1972). Esa recadádiva presenta, con todo, unha eiva : non explica o sentido das frases. Afortunadamente, si aparece explicada a expresión nos traballos de Carme López Taboada e M^a Rosario Soto Arias *Así falan os galegos* e *Diccionario de Fraseoloxía Galega* (Xerais, 2008). *Hai cousas que parecen lousas* « dise dos despropósitos » e mais « dise cando algo semella disparatado ».

E curioso porque os dous substantivos forman unha locución portuguesa que semella en principio ter un sentido distinto : *coisas e coisas*.

António Nogueira Santos (*Novos Dicionários de expressões idiomáticas*. JSC, 1990) explicaa como frase familiar que significa « muitas coisas variadas ; muitos assuntos » e Guilherme Augusto Simões (*Dicionário de expressões populares portuguesas*, p&r, sen data) como « isto e aquilo ». Ese é o significado da expresión en todos os dicionarios portugueses dos que dispomos; porén, en certos contextos podería non estar moi lonxe da nosa –a que citamos enriba- se temos en conta o exemplo que dá José da Fonseca Lebre en *Locuções e Modos de Dizer* (Livraria Clássica Editora, 1924) : *Vocês estão para aí a dizer coisas e coisas ; não sejam massadores ; comam primeiro e conversem depois* ».

En calquera caso, *coisas e coisas* poden ser tamén en portugués *cousas e lousas* porque o diptongo *oi* ten moitas veces alén Miño a forma alternativa *ou*. Igual que en galego temos dialectalmente a variante en *oi* fronte a *ou* (*couro/coiro, nacedouro/nacedoiro, outro/oiro*, etc).

Aproveitamos para sinalar a expresión galega *cousa con cousa* que aparece en frases como : *Alí non hai cousa con cousa. Non dí cousa con cousa, Non deixaron cousa con cousa... Cousa con cousa* é estaren elas ordenadas, ben dispostas, con coherencia, e o contrario é todo confusión, desorde, barullo, falta de sentido e estrago.

Cousa (ou *cousa ningunha*) pode ser locución equivalente ao adverbio de negación ‘nada’ como na frase *Non fixo cousa en todo o día*.

Repárese en que o tradicional en galego é colocar o indefinido *ningún/ningunha* preferentemente despois do substantivo ao que acompaña. Diremos así, por exemplo *Non existe problema ningún en facelo*, aínda que tamén podemos dicir *Non existe ningún problema en facelo*. Mais o que nunca debemos dicir é *Non existe problema algún en facelo*. Porque esa construción é un calco do español.

Rematemos cunha cantiga que, de seguro, os máis das lectoras e lectores terán cantado algunha vez :

*Aparta, loureiro verde,
deixa clarear a lúa,
que estou perdido no monte,
non vexo cousa ningunha.*

Mallar

Mallar é, primitivamente, bater cun instrumento agrícola chamado *mallo* para separar o gran da palla nos cereais despois da colleita. Ese labor, en tempos efectuado manualmente na eira e hoxe por aparatos mecánicos, é a *mallá*.

Posteriormente, o verbo *mallar* pasou a significar en xeral 'bater' para referirse a todo tipo de golpes e todo tipo de momentos e finalidades nos que tivesen lugar. Converteuse nun sinónimo máis de *bourar*, *zoupar* ou *zascar*

Na fraseoloxía galega aparecen tanto o primeiro contexto como a súa ampliación. Así, unha frase tradicional é *Mallar [en alguén ou en algo] coma en centeo verde* é dicir bater con moita forza, dar sen dó, sen contemplacións. Enténdese que separar o gran require petar con máis forza canto máis verde estea a espiga. Igualmente sabemos ben que para traballar o ferro é preciso roxalo, poñelo ao roxo, a unha temperatura que permita moldealo, darlle forma, e de aí que cando dicimos dunha acción que é *como mallar en ferro frío* signifique caracterizala como inútil, infrutuosa, totalmente afastada do resultado pretendido. Pola contra, o refraneiro aconsella aproveitar a situación cando as condicións son favorabeis: *A ferro quente non parar de bater*.

Ir mallar e vir mallado expresa moi ben a situación dunha persoa que recibe o resultado totalmente contrario ao que esperaba. É equivalente ao español *ir por lana y volver trasquilado*.

Unha *malleira* é, logo, unha *tunda*, unha *zurra*, unha *tolena*, unha *trepiá*, unha de tantas palabras galegas sinónimas. Nalgúns das que se formaron a partir do verbo *mallar* produciuse a substitución do son m polo son p (moi próximos entre eles) debido ao cruce entre as palabras *mallá* e *palla*, e apareceron as variantes *palleira*, *pallusca/pallosca* (e *chosca*), *pallougada*, empregadas a miúdo nun contexto de competición deportiva ou de xogo e a un nivel coloquial (Por exemplo: *Pensaron que ían gañar e levaron unha pallosca*).

Lembramos, de pasada, a frase tradicional *Non se fai palleiro sen palla* coa que animamos a outros a comer ou nos xustificamos nós de facelo dun xeito que outros coidan excesivo.

Naturalmente, debemos distinguir a acepción de *mallar* 'bater co mallo separando o gran da palla', labor agrícola, do outro *mallar* 'coller con mallá no mar', labor mariñeiro que se fai coa rede, coa mallá de pescar.

E como remate diremos que tamén a un nivel coloquial e dentro dun contexto mais ou menos familiar se emprega ás veces o verbo *mallar* co significado de 'facer perfectamente unha acción', (sentido equivalente ao que

pode tomar o español *bordar*). Por exemplo : *Tiña medo en non aprobar o exame e ao final saíulle mallado.*

Seguro que estamos empregando o verbo *mallar*, orabén : de mallo ou de malla ?

Ou sol ou chuvia

Non poden producirse, ao mesmo tempo e no mesmo lugar, dúas accións contrarias. É o que exemplifica ben esta cantiga galega :

*A un tempo non pode ser
o ter e mais o gastar,
nin que luza o sol na eira
e que chova no nabal*

Efectivamente, por ben que, moi esporadicamente e cesando axiña, poida haber sol e chuvia nun mesmo momento (e todos algunha vez temos lembrado aquilo de que « cando chove e fai sol anda o demo por Ferrol... »), esta situación non se produce senón extraordinariamente.

De aí a frase feita *Non se pode ter (ou querer) sol na eira e chuvia no nabal*, é dicir non podemos pretender ter as dúas cousas contrarias que nos benefician : auga nas plantiñas e sol no espazo de lecer e de traballar ao ar libre. E, pola mesma razón, podemos descualificar unha pretensión dicindo que *é sol na eira e chuvia no nabal*. A frase emprégase tamén en portugués.

Afirmo así mesmo estoutro dito : *Non se pode fiar e munxir a vaca ao mesmo tempo*.

Poderíase igualmente salientar a imposibilidade de estar en dous sitios ao mesmo tempo ; é o que aparece na locución española equivalente a estas nosas: *No se puede estar en misa y repicando*.

Aproveitamos o soliño que nos quenta e alumea para sinalarmos que son moitas as palabras en galego derivadas de sol que a maioría dos falantes temos ignoradas ou esquecidas. E por que ? Pois, entre outras razóns, porque estamos invadidos polo castelán que nos fai optar –mesmo inconscientemente– polos castelanismos ou polos termos comúns con esa lingua fronte aos máis autóctonos e tradicionais nosos. Por exemplo, cando empregamos o participio ou adxectivo *soleado* fronte a *solleiro*, *solleiroso*, *sollento*, *sollío*, *solloso*, *asollado* ou *asolleirado*. Igualmente cando esquecemos os substantivos *solleira*, *solleiro*, *solleirado*, *sollía* ou *sollío* e os verbos *asollar* ou *asolleirar*.

Non deixaremos, daquela, de citar a locución tradicional de *asollar o diñeiro* (ou *os cartos*) para significar gastalos (tiralos da sombra para o sol). Algo que todos faríamos de bo grado se non fose que escasean

E xa que estamos a falar da calor non será mal lembrar a diferenza entre *quentar* e *quecer*.

Quentar é producir ou infundir calor nun elemento distinto, en tanto que *quecer* é ir xerando calor en si propio (o que o castelán di *entrar en*

calor) Diremos pois, por exemplo : *Quentei o café que estaba na pota, logo tomei un cafeciño e axiña quecín.*

O día dos burros

Non sei se seguirá a celebrarse por algunhas terras galegas o “día dos burros”. Cando eu viñen vivir ao Morrazo – hai máis de corenta anos- celebrábanse aínda reminiscencias: unha boa parte do alumnado do Instituto de Cangas gastáballe unha broma a compañeiros e compañeiras contándolles un suceso moi esaxerado pretendendo que o crera, outros e outras penduraban un macaco de papel no lombo dos demais e había quen pintaba do revés na carteira con xiz a palabra “burro” para lla escribir no lombo a outro calcándolle. Era o que se chamaba “meterlle un burro” a alguén.

O primeiro de abril (*O primeiro de abril van os burros onde non teñen que ir*, proclama un noso dito) é unha festa tradicional que se veu celebrando en Europa dende a Idade Media ligada á rexouba, e ao destronamento carnavalesco, á derruba, momentánea e controlada, da orde establecida. En Francia segue a ser o día equivalente ao dos Inocentes español. Na Galiza, o testamento ou o sermón do burro teñen formado parte das burlas do Entroido. O burriño, tantas veces aldraxado e abusado recibía momentáneamente o mando e o rango na inversión da xerarquía.

Chámalle burro ao cabalo! dicimos así con sorpresa ante cualidades insospeitadas de alguén, e daquela, na nosa consideración facémolo *pasar de burro para cabalo*, para a primeira categoría. Claro que tamén se pode dar o caso contrario, o descenso, a degradación, é dicir *pasar de cabalo para burro*. Diferenciamos ben as dúas castes de cuadrúpedos e por iso, cando falamos de alguén o de algo que comeza con moita fogosidade e de súpeto para, dicimos: *Arrancada de cabalo e parada de burro*. Certo que tamén as veces referímonos indistintamente a un ou outro animal como por exemplo en *Burro morto, cebada ao rabo!* –que pode aparecer como *Cabalo morto, cebada ao rabo!*- cando algo resulta xa fóra de tempo pois é tarde de máis.

A pensar morreu un burro lanza unha mensaxe negativa que entronca co problema atribuído ao filósofo medieval Buridán polos seus contrarios.

Orneos de burros non chegan ao ceo, dise para desestimar e desacreditar as protestas dos disconformes. Desdeñosamente afirmamos que non son perigosos (*non has morrer de cornada de burro*) e para caracterizar unha acción de totalmente inapropiada e inútil dicimos que é *como darlle sopas de mel a un burro*. Porén, como ciumentos de que a ese “ser inferior” lle poida ir ben na vida, afirmamos: *canto máis burro, máis peixe*.

Convén, daquela, ter a situación ben controlada, *ter o burro pola corda* (locución equivalente á española *tener la sartén por el mango*) e evitar *pegar do burro para que outro o monte*, evitar que outro se aproveite do noso traballo.

O pacífico burriño, a burriña, que panda con todo, cun traballo que a canga e un trato que moitas veces a asoballa.

Bo é que tamén de cando en cando lle expresamos o noso agarimo:

*A miña burriña cando vai pra o muiño, vai
toda enfariñada, cheiña de frío.
Cheiña de frío e máis de xeada, ai!
A miña burriña sempre vai cargada!*

Axiña

Repararon as lectoras e os lectores en que nos últimos tempos está a desaparecer da lingua escrita a palabra *axiña*? Pois si, está sendo sistematicamente substituída pola palabra *pronto*. E se desaparece da escrita acabará desaparecendo da fala.

Existe unha explicación que imos expor. Mais, antes, unhas breves liñas sobre *axiña* e *pronto*:

O adverbio *axiña* (portugués *asinha*) parece proceder dun termo latino que só tería deixado descendentes en galegoportugués, en castelán (hoxe estes desaparecidos) e nalgún dialecto italiano.

O adverbio *pronto*, tamén derivado do latín, existe pola contra en maior ou menor medida no conxunto das linguas románicas. En galegoportugués a palabra pode ser adxectivo (con sinónimos como *disposto*, *preparado*, *disponíbel*, *rápido*, *inmediato* e outros) ou ben adverbio (con sinónimos como *decontado*, *deseguida*, *logo*, *cedo*, etc.).

Por que, daquela, habendo variedade, se tende a substituír unha palabra nosa tan tradicional e viva como *axiña* (e tamén *decontado* e mais *logo* no sentido de “rapidamente, sen demora”) por *pronto*?

O motivo é dobre: o castelanismo -que nos impulsa á facilidade, a empregarmos o termo común co español esquecendo o autóctono e tradicional- e mais o uso moitas veces do tradutor automático, esa útil ferramenta informática que pode ter, se non se revisa o resultado, aspectos negativos que xa temos posto de relevo. O tradutor automático fornece un único resultado -aquel con que o “cargaron” ou o primeiro se ten varios- e este adoita ser o termo común co español (*crecer* fronte a *medrar*, *recordar* fronte a *lembrar*, *taller* fronte a *obradoiro*, *cerca* fronte a *perto/preto*, *ovas* fronte a *míllaras*, *nana* fronte a *arrollo*, etc.). E a lingua españolízase e esvaise. Como na frase *Basta xa!* que en bo galego sería *Abonda!* ou *Abonda xa!*

Non se trata, naturalmente, de desbotar termos que son plenamente galegos, como *pronto*, *crecer*, *ovas* ou *bastar*, senón de promover as formas autóctonas totalmente vivas. De evitarmos, logo, que *axiña* apareza nos dicionarios (como acontece en portugués) sinalado como « arcaísmo ».

O adxectivo e adverbio *pronto* -que é, por certo, a fórmula utilizada en italiano para chamar por teléfono, igual que en francés *Allô !*, en español *Oiga !* ou en portugués *Estou ?* aínda que poidamos empregar outras como un sinxelo *Si !* - ten os seus usos igual que *axiña*, *decontado* ou *logo* teñen os seus.

Como por exemplo aquel de :

... *E pousa, pousa axiña*
e non me toques aquela cousiña !

Voces e noces

Son máis as voces que as noces dicimos en galego e en portugués. Explica moi ben a locución António Nogueira Santos : « Diz-se quando a fama excede a realidade, quando as pretensões vão muito além das possibilidades », e dá como equivalente *ser mais a fama que o proveito*. A expresión ven indicando o mesmo que o español *mucho ruido y pocas nueces*.

E pois que estamos a falar de dar voces podemos falar do ruído mediático xerado en español a conto da recentemente aparecida *portavoza* que non imos tratar aquí. E non o trataremos, entre outros motivos, porque en galego temos xa un substantivo noso que podemos poñer no xénero que queiramos sen problema ningún. Falamos, así, dunha *voceira* ou dun *voceiro*. O realmente triste é que se caía -unha vez máis- en falar dos temas pola única razón de que o marcan dende Madrid, debatendo o que nos ditan e adoptando as actitudes e ritmos que nos pautan : o que « toca ». En vez de pensarmos libremente e totalmente en por nós.

Utilizar *voceiro /voceira* non desbota o emprego de *porta-voz*, termo tamén correcto, mais *voceiro/voceira* foi xerado dende o propio galego, xa de antigo, fronte a unha construción moderna e importada, *porta-voz*, que foi pasando do francés a outras linguas no século XVIII. Paradoxalmente, o que está a acontecer agora é que organizacións e medios de comunicación galegos están desbotando o emprego de *voceiro/voceira*.

O proceso de aparición e desaparición, de substitución de palabras, non é raro senón habitual como mecanismo de renovación en todas as linguas. Mais esa renovación debe facerse baixo dirección filolóxica competente e tendo sempre como norte a conservación da fasquía da lingua.

Na nosa historia lingüística moderna a renovación dende o interior produciuse maiormente no século XX coa emerxencia do « galego culto », elaborado por xeracións ilustradas aínda que non sempre suficientemente coñecedoras do patrimonio popular e vivo do idioma. Nese traballo necesario e urxente producíronse ás veces lóxicos erros lingüísticos, unhas veces por « invencións » incorrectas e outras por saturación de termos : os famosos *non embargantes, ren, cicais, encol* e outros afondaban un pequeno divorcio entre o galego popular e o culto. Mais cómpre decatarse de que o balance para o idioma foi moi positivo e que as instancias filolóxicas pertinentes foron depurando erros tanto dun segmento como do outro á par de numerosos castelanismos. O que non exclúe nunca totalmente algún erro dentro dese beneficioso labor.

O galego presenta con frecuencia pares de palabras sinónimas das que unha procede da evolución da palabra orixinal latina ou dunha creación patrimonial (antiga ou moderna) e a outra dunha transposición culta dende o latín ou da importación doutras linguas. É -como xa dixemos- o caso de *voceiro/voceira* fronte a *portavoz*, ou dos relativamente recentes *persoeiro/persoeira* (si, o feminino ten que existir) fronte a

personalidade ou *personaxe*, *xurdir* fronte a *surxir*, *desenrolo* fronte a *desenvolvemento* ou *inmorredoiro*, *inmorrente* fronte a *inmortal*. Debemos depurar ben o seu emprego seguindo o criterio dos filólogos, mais se é correcta – e chega a ser asimilada pola comunidade como propia- esa palabra ou o seu novo uso non ten por que ser eliminada. O que cómpre é conservar a cohesión da lingua e da comunidade que a fala, o equilibrio da liberdade creativa e a riqueza individual co tesouro colectivo e a súa unidade.

E, sobre todo, cómpre termos a cabeciña e a lingüiña ben na Nosa Terra. Sempre en Galiza.

Apertar a porca

Unha acepción da palabra *porca* é, segundo o dicionario da Academia Galega, a de “Peza de metal cun oco no centro, labrado en espiral, onde se enrosca o parafuso”. O mesmo en portugués, onde, como en galego, se usa con frecuencia nos contextos de apertar, desapertar, soltar, etc. Tamén se pode empregar nun sentido figurado - paralelo ao que ten na frase *dar unha volta de porca* - para significar un paso adiante no progreso ou endurecemento de medidas, por exemplo na frase *é unha nova volta de porca contra as liberdades*

Este significado figurado, aceptado pola normativa galega, non tén moito emprego en portugués. Os lusos prefiren outras construcións que en principio son semellantes como *apertar o torniquete* ou *apertar o parafuso*. Tamén botan man de todas aquelas que, sendo diferentes, cadran na nova frase co sentido orixinal: *outro passo em frente, uma nova abordagem, novas possibilidades, uma utilidade extra, um novo impulso, uma reviravolta, uma guinada, uma torção*, etc.

Hai dúas razóns para o portugués abrirse tanto a construcións diferentes e evitar aqueloutra. A primeira é que a palabra *porca* fai pensar antes de máis nada no animal e no adxectivo tirado del (‘suja’); e a segunda é que parece tratarse dun uso importado. O lingüista José Pedro Machado dinos tocante á palabra “*não se sabe até que ponto este vocábulo é vernáculo*”, para nos informar a seguido que a máis antiga referencia que el coñece sería a edición de 1813 do dicionario de Moraes.

Igual acontece en galego. A locución *dar unha volta de porca* é recente e a palabra *porca* no sentido que apuntamos aparece por primeira vez, que saibamos, no dicionario de Eladio Rodríguez González (1958-61). Serodía, logo, e provocadora da mesma incómoda asociación que xa comentamos.

A reserva das galegas e galegos a empregala (tanto no uso literal como no figurado) xoga a prol da posibilidade de formas alternativas, igual que vimos en portugués. Mesmo poderíamos pensar en utilizar palabras como *apertadela* ou *calcadela*. Por exemplo: *A empresa deulle unha nova apertadela á situación dos traballadores*. Reescribamos coa mesma a frase que puxemos enriba por exemplo: *É unha nova calcadela contra as liberdades*.

Claro está que podemos tamén empregar unha locución sinónima máis antiga e totalmente galega: *apertar as caravillas*. Por exemplo: *Vas ter que lle apertar as caravillas ao rapaz, senón non che fai caso*. Ou, se queremos, outra semellante a ela: *apertar as cuñas*.

Como se ve, temos abondo onde escoller.

Nin traza nin baraza

Pode que se siga a empregar a expresión *non ten traza nin baraza*, que o padre Sobreira documentaba na segunda metade do século XVIII. Unha locución que lembra decontadiño outras de estrutura bímembre que xa temos sinalado como *non ten eira nin beira* ou *non ten xeito nin dereito*. A que si seguimos a empregar é a locución básica sobre a que se creou a expresión rimada: *non ten traza*.

É moi frecuente o emprego desta construción tan distintiva do galego para afirmar algo con rotundidade. Por exemplo:

-Díxome que viría seguro. -Pois non che ten traza.

-Seica hoxe vai facer moi bo día. -Pois non ten traza ningunha.

Naturalmente o substantivo *traza* ('aparencia, aspecto, indicio, etc.') convive en galegoportugués con outro homónimo, formalmente igual mais de significado diferente: *traza* 'couza, caruncho, rela, insecto que se alimenta de materias vexetais como a madeira e os tecidos' (*Nesa mesa entroulle a traza e derramoulla todiña*).

Vaíamos agora con *baraza*:

Esta palabra característica do galegoportugués que ten tamén a variante *barazo* é de orixe discutido entre os lingüistas; Joan Coromines pensa que pode ser de orixe celta. Como é sabido, o seu significado é o de 'Corda delgada, tira de coiro, fita etc. con que se ata algunha cousa' en definición do dicionario da Academia Galega.

Presente xa en escritos galegos redactados en latín medieval, *baraça* aparece nos cancioneros en composicións de Pedro Amigo de Sevilha, João de Gaia ou João García de Guilhade. Neste último ten o sentido concreto de 'cinta ou fita para adornar os vestidos femininos'.

De *baraza* proceden o verbo *embaraçar*, 'impedir, estorbar, entorpecer' que o lingüista Ramón Lourenzo documenta xa no século XV en portugués, e mais o substantivo *embaraço* ('molestia, estorbo, dificultad') e da nosa área lingüística pasan para o español, italiano, francés e mesmo inglés.

Só na península ibérica (galegoportugués, castelán, catalán) *embarazar* e *embarazo* teñen o sentido particular de 'engravidar, preñar/empreñar' e mais de 'gravidez, preñez'.

E é o momento de lembrarmos a abundante iconografía medieval, imaxes e pinturas nas que as mulleres grávidas portan vestidos lixeiros cingidos (mais non apertados) por unha baraza, cinta ou fita.

Necesitan liberdade de movementos e comodidade ante as dificultades que se derivan do seu estado.

Están *em-barazadas*, o que ven sendo o mesmo que *en-cintas*.



As moi ricas horas do duque de Berry : mes de abril. (1411-1416)

Facer canteira

Non me estou a referir á expresión de uso maiormente futbolístico ou deportivo en xeral –mais tamén trasladábel a outros eidos- senón a unha locución que creo de orixe recente e ámbito galego: *facen canteira* ‘provocar rotura e destrozo’.

A locución ten en principio un sentido propio, derivado do traballo do canteiro ao petar sobre a pedra, rompendo o chan ou a parede (*Tiven un problema no fregadeiro da cociña e para amañalo fixéronme unha canteira enorme*) aínda que despois adquire un uso figurado e coloquial, normalmente no campo da medicina. Particularmente en contextos de golpear algunha materia dura coma os dentes e moas (*-Tiven que ir ao dentista por unhas moas que tiña moi mal. -E fíxoche moita canteira?*) ou mesmo cos osos.

Hoxe fálase con frecuencia do *albanel*, mais o termo tradicional da profesión de quen traballaba coa pedra e construía casas é *canteiro*. A palabra procede de *canto* ‘pedra’ da que derivan moitas outras palabras como *cantil* e *acantilado*, *cantazo* e *acantazar*, *cantullo*, etc. E a arte de traballar a pedra (ou o mesmo material) e á *cantaría* ou *cantería*, mais nunca debemos dicir *canteiría*, que é un falso galeguismo, como *reloxeiría*, *libreiría*, *panadeiría* ou *cabaleiría*.

Claro que existen tamén palabras homónimas (é dicir da mesma forma e diferente significado) dese *canto* ‘pedra’. Así *canto* ‘esquina, ángulo, beiril, extremidade’ que nos leva a falar do *canto* dun libro, do *canto* da man, do *canto* dunha moeda ou do *canto* dun moble (e dunha *cantoneira*, moble para situar nese *canto*), dun *recanto* ou *recuncho*, do *canto* ou *comisura* dos ollos ou da boca. Diferente sentido que o anterior –aínda que probabelmente relacionado con el- ten un *canto*, *cantelo* ou *canteiro* de pan, un anaco. E, naturalmente, nada ten que ver con todos os que citamos a palabra *canto* no sentido de cantiga, canción.

Volvendo á canteira de pedra e aos dentes lembraremos que os dentes caninos son tamén chamados en galego *os canteiros*. Por picaren na dureza.

E dúas locucións novas cos dentes, logo: *non lle folga o dente*, é dicir ‘non para de comer’, e mais *gañalo cos dentes para comelo coas enxivas* é ‘dicir aforrar de novo para ter de vello’.

Non imos xa repetir o que dixemos no artigo “Regañar” tocante a *regañar os dentes* ou *regañar o fociño*. Sinxelamente apuntar as variantes *regañar as moas* e *regañar a dentamía*.

E, como aínda hai varias cousas interesantes por falar referentes a estes cantos, continuaremos co mesmo asunto no próximo artigo... no canto de abandonalo.

Máis canteiros

Como prometimos a semana pasada, continuamos co mesmo asunto no canto de abandonalo. *No canto de*, velaí unha nova locución equivalente a 'en lugar de'.

O « Dicionario da Lingua Portuguesa » da Porto Editora, recolle como segunda acepción de *canteiro* (a primeira é « artista que traballa em cantaría ») a de « pequena área demarcada de terreno ajardinado ». Failles pensar iso nalgo ?

Pois claro : nese xardín público e zona de paseo que os galegos, mesmo en castelán, chamamos *cantón*. Moitas cidades e vilas galegas conservan os seus cantóns : A Coruña (Cantón grande e Cantón pequeno), Ferrol, Lugo, Ourense, Ribadeo, Ortigueira, Chantada, etc. Outras perderon a superficie axardinada e foron enlousadas conservando o nome (cantóns de Betanzos ou de Padrón) cando non desapareceu o nome (como en Ferreira do Valadouro) ou se esfumaron xardíns e mais denominación. Curiosamente, a palabra *cantón* con ese significado –que non existe en castelán – non figura no dicionario *on line* da Academia Galega, onde só existe co sentido coñecido de circunscrición territorial suíza ou francesa.

Pois, recuriosamente (permítanme a brincadeira) as dúas palabras -a do xardín e a da circunscrición territorial- parecen remontarse a unha orixe común, a de *canto* como 'esquina, beiril, etc.' e a de 'recanto, recuncho' que xa comentamos no artigo anterior. O cantón non é un prado senón zonas axardinadas cercadas por beiras baixiñas, orixinalmente de pedra. Como se ve, tamén confluímos coa palabra *canto* no sentido de 'pedra'.

E pasaremos agora á fala grupal, o latín dos canteiros, *verbo xido* ou *dos arxinas*. Trátase –igual que outras falas profesionais (barallete dos afiadores, falas de cesteiros ou de telleiros, etc.)- dun amplo léxico que permite falar sen que os de fóra da comunidade entendan o que se di.

No latín dos canteiros hai algunhas palabras que teñen orixe no euskera. Efectivamente, parece que a partir do século XVI foi abondosa a presenza de canteiros bascos na Galiza, chamados para reconstruíren castelos, torres, pazos e igrexas derrubados polos Irmandiños. Esa é a razón pola que no léxico que os nosos canteiros crearon aparecen voces como *arria* 'pedra', *chacurro*, 'can', *oreta* 'auga' ou o adverbio de afirmación *bai* 'si'. E a propia denominación dos canteiros : *arginas*

Diremos, para rematar que o apelido *Harguindey* é orixinal de Iparralde, País Basco Norte ou País Basco francés. A súa forma orixinal é *harguindegui* e o seu significado... *casa do canteiro*. Poucos dos meus familiares máis ou menos próximos han coñecer seguramente a orixe do apelido. Claro que os nosos devanceiros instaláronse en Compostela xa hai máis de douscentos anos.

E, por certo, non viñeron traballar como canteiros senón como coireiros, como curtidores.

De cortar o alento

Entre os motivos polo que se pode producir nunha persoa un corte momentáneo do alento, unha interrupción da respiración, está o dunha repentina e fortísima impresión. Bate nela coma un lóstrego mais decontado se recupera, senón morrería.

Podemos falar dese corte da respiración como algo figurado: simplemente é recibir unha forte impresión. Iso indica unha frase que presenta variantes en distintas linguas: dende o *cortar la respiración* español ao *couper le souffle* francés. E de aí que, usada con valor de adxectivo, a frase *de cortar a respiración* signifique «impresionante». Normalmente nun sentido positivo: algo impresionantemente fermoso. Naturalmente, podemos construír a frase cunha certa variedade, sinalemos por exemplo o portugués *de ficar sem fôlego*, que ten como variante *de tirar o fôlego* e é equivalente do español *de quitar el hipo*. Neste caso en galego poderíamos dicir *de quedar/ficar sen alento*, *de quedar/ficar sen fala*; moito mellor que un suposto *de quitar/tirar o impo* (tradución sen máis do español *de cortar el hipo*)

Hai varias palabras en galego que entran no campo semántico de *respiración*, *forza*, *ánimo*, etc. Sinalaremos un par de sinónimos dalgunhas destas:

Folgo (ou *folgos*) ten como sinónimos *respiración*, *ánimo*, *alento*, *forzas*, *azos*.

Alento: folgo, respiración, hálito, ánimo, azos, forzas.

Azo (ou *azos*): alento, ánimo, forzas, folgos.

Con estas palabras fórmanse locucións máis ou menos literais, máis ou menos figuradas:

Dar folgo: dar tregua, dar un prazo. *Írselle* (ou *acabárselle*) *o folgo*: acabárselle a respiración, o ánimo. *Tomar* (ou *pillar*) *folgos*: recuperar os azos.

Nun alento: nun pulo, rapidamente. *Cobrar* (ou *tomar*) *alento*: recuperar ánimo e azos. *Deixar sen alento*: deixar alguén paralizado, sen reacción.

Non dar azo de si: estar totalmente paralizado, sen coñecemento e sen alento.

Sinalaremos tamén unha expresión cunha palabra próxima, *arela* ‘ansia, devezo’. Temos así *Perder a arela* ‘perder o ánimo’ locución sinónima dalgunhas formadas coas palabras anteriores.

E como remate volvemos aos folgos para lembrar que tradicionalmente en Galiza e Portugal dise que *os gatos teñen sete folgos* (ou, o que é o mesmo, *sete vidas*)

E terán.

Tocar

Aí atrás citabamos unha nosa cantiga popular (*pousa, pousa e non me toques aquela cousa*) que utiliza o verbo *tocar* xogando co dobre sentido do verbo. A ambigüidade nace entre os dous significados que o dicionario da Academia Galega define como « poñerse ou entrar en contacto físico con algo ou con alguén » e mais « facer soar un instrumento musical ». Esa ambigüidade permite insinuar lenemente no terreo da retranca empregando frases feitas como *tocar o violo*, *o violón* ou *o violín*, *tocar o birimbao* ou mesmo *tocar a gaita* para non ofender á persoa á que nos diriximos.

Naturalmente, sen sermos conscientes da brincadeira non entenderíamos que un son de música puidera ser presentado como desagradábel se fora executado correctamente. *Non me toques o birimbau* en absoluto significa descualificar este instrumento musical presente en case todo o planeta e que serviu inclusive para compor pezas de música clásica. Claro que hai gustos diferentes. *Non me toques o violo, o violín, o violón*, non me abures, non me amoles, non me molestes. Está lonxe o tempo en que estes instrumentos andiveron medio abandonados en mans dos cegos ambulantes e moitas veces, malia o seu lamentábel estado de conservación e malia a escasa formación dos instrumentistas, estes músicos trasmitíronnos un importante legado.

Mudam-se os tempos, mudam-se as vontades e as valoracións sociais tamén mudan : a música popular tradicional e os instrumentos a ela asociados, algún día considerados expresión de menor cultura e de ruralismo oposto á « urbanidade », hoxe son valorados sen prexuízo e a gaita ou a zanfona -por exemplo- son moi apreciados no ámbito académico.

Tamén a percusión ou o metal, de ser considerada unha simple « fonte de ruído » pasa a ver recoñecidos os seus importantes valores expresivos e rítmicos que poden nun determinado momento asociarse prioritariamente a estes instrumentos. En calquera caso, locucións populares como *cargado de bombo* ‘facendo un ruído excesivo’, *a toque de corneta* ‘obedecendo unha disciplina férrea’ ou *a toque de caixa* ‘cumprindo ordes estrictas e inmediatas’ proceden con seguridade do eido militar.

E volvendo ao doce son do violín sinalaremos outra frase feita que se emprega nun uso normalmente coloquial, familiar e rexoubeiro: *de violín*, é dicir ‘gratis, de moca, de clo-clo’. Como por exemplo en :

Hoxe fun de restaurante e comín de violín.

Como se pagásemos o servizo cunhas suaves notas da súa melodía.

Que nunca precisan de ser afogadas polo balbordo, por máis que o efectismo busque o aplauso e ás veces o atope cargando de bombo.

Mico

É frecuente, en distintas linguas, a partir de voces como *mi*, *miá*, *miañ*, *miñá*, *mix*, *mic*, etc. construír palabras relacionadas co gato e as súas accións, palabras onomatopeicas que evocan os sons emitidos por este animalíño. Por exemplo, en galego, *miar*, *miañar*, *miadela*, *miadura* e a propia denominación familiar que usamos para o gatiño: *mico*, *mica* (ou *mico*, *mica*).

Ten sona o gato de escolleito á hora de comer: non lle vai calquera cousa nin é comedor de grandes cantidades, de aí a expresión *comer coma un mico* (ou *como un miquiño*). Claro que o arquetipo de comer pouco encárnano normalmente en galego outros animais ben máis pequeniños ca el: o paxaro e o pito. *Comer coma un pitiño*, *comer coma un paxariño*.

Con toda probabilidade, desa atribución de pouca comida ao gato naceu a frase estar *feito un mico* ou *quedar feito un mico* ‘estar [unha persoa] moi delgada’.

A dozura da penuxe do gato vese salientada na comparanza tradicional galega *fino/fina como a lá de gato*, referencia á dondeza do contacto físico co animalíño.

O agarimo que a suavidade das maneiras do felino desperta e a sensación de fragilidade que evoca ás veces, fai que os meniños e meniñas sexan chamados entre nós falangueiramente polos adultos *mico* ou *mica*. Como anécdota sinalaremos que a escritora galega Emilia Pardo Bazán chamaba ao seu amor afastado e escondido, o novelista Benito Pérez Galdós, “miquiño mío”. Este uso agarimoso aparece, como é sabido, tamén noutras linguas (lembremos o divertido filme “What’s New, Pussycat?”).

Tampouco non é moi corpudo outro animal que igualmente chamamos *mico*, un macaco pequeno e de longo rabo, orixinario da Amazonía. O nome – ao parecer procedente da lingua caraíbe– é coñecido tamén en galego aínda que lóxicamente no noso país é moito menos empregado que o do outro animal, o gatiño. Non sabería eu, daquela, determinar se as frases *deixar a alguén feito un mico* (‘deixalo moi avergoñado’), *darlle/meterlle a alguén un mico* (‘amolalo, enganalo’) ou *levar un mico* (‘levar un desengano, unha desilusión’) teñen que ver con algún dos dous micos citados. O que si no Brasil é moi corrente é a locución *pagar mico* “Passar vergonha por causa de uma situação vexante ou disparatada”.

En galego a maiores da xa comentada frase de *levar un mico*, para expresar desilusión, desengano, amoladura, etc. temos estotra que significa o mesmo: *dar* (ou *levar*) *un zape*.

E volvemos ao miquiño: en portugués un *zape* é unha pancada (ou o ruído dela), e a interxección *zape!* emprégase para afuxentar o gato (como o

noso *flux! flux!*). En galego temos para o mico as interxeccións *zape!* e mais *gache!* As dúas son onomatopeas.

E velaí outro moderno *zape* para botar fóra ese animal de compañía contemporáneo chamado televisión mudando de programa; ven da onomatopea inglesa *zap!* E con ela facemos *zapping*.

Farruco

Choncha, Suso, Lela ou Canducho son formas familiares de nomes de persoas en galego para Concepción, Xesús, Manuela e Cándido. Son o que se coñece co termo técnico de *hipocorísticos*. A esta categoría pertence tamén Farruco, un dos hipocorísticos de Francisco, compañeiro dos tradicionais Fuco, Chuco, Pancho ou Chisco e dos máis recentes e españolizantes Paco, Quico ou Fran.

O mundo dos hipocorísticos é ben suxestivo e lectoras e lectores interesados en afondar nel poden ler en liña un traballo -filolóxicamente serio e divulgativamente claro e ameno- da profesora Ana Isabel Broullón: “Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia”

A Academia Galega no seu dicionario en liña rexistra os seguintes significados para o adxectivo *farruco* :

- 1 Que manifesta insolencia, arrogancia e atrevemento na maneira de comportarse ou pola actitude que adopta. *Púxoseme farruco e tiveron que ameazalo.*
- 2 Que se aferra con enerxía e empeño a unha idea ou a unha maneira de actuar, persistindo nesa actitude. *Como se poña farruca non hai quen lle faga cambiar de idea.*
- 3 [Persoa] que se mantén áxil, con saúde e con bo aspecto, mesmo a pesar da idade. *Está moi farruco para os anos que ten.*
- 4 Cheo de fachenda e con moita satisfacción de si mesmo. *Puxo o seu mellor traxe e saíu á rúa todo farruco.*

O termo non parece existir en portugués mais si en español e o dicionario da Academia Española en liña rexistra -a maiores do significado nº 1 do da Galega- o adxectivo e substantivo “Dicho de un emigrante: Gallego o asturiano.” e os substantivos femininos (*farruca*, logo) “Palo flamenco procedente del norte de España que se interpreta con aires de soleá” e “Baile que se ejecuta al compás de la farruca”.

Curiosamente o DRAE atribúelle á palabra unha orixe árabe coa que discrepa o etimólogo Joan Coromines que a deriva de Francisco relacionándoa co galego. O certo é que ese hipocorístico noso, Farruco, se espallou por España adiante. Debemos lembrar particularmente as migracións galegas (permanentes e mais temporais) a Andalucía, dende as tempraneiras para a repoboación fomentada por Felipe II a partir do século XVI, ás máis serodias para traballar nas minas de ferro (séculos XVIII-XIX) ou de mariñeiros e familias galegas que se asentaron arredor de Cádiz (século XX). Non resulta tan sorprendente, logo, que un xénero do cante flamenco se denomine cun hipocorístico galego. Ten, ao parecer, a súa orixe en emigrantes galegos do século XIX.

Como tamén tería orixe neses *farrucos* a locución española *ponerse farruco/a* ‘ponerse altanero/a, arrogante’ e a galega paralela *poñerse farruco/a*. Salientaremos que en galego a carga algo negativa que denota a expresión española desaparece totalmente e trócase en positiva cando a locución muda o verbo *poñerse* polo de *estar*, *saír*, etc. como se ve nos exemplos citados do DRAG .

Nesta época de perda de identidades e dos hipocorísticos propios é un exemplo evidente o do galego Francisco Sesto Novás (arquitecto, escritor, político venezolano e ex-ministro bolivariano) que reivindica as súas orixes utilizando sistematicamente como nome *Farruco*.

De ollo

A palabra *ollo*, inicialmente ‘órgano do sentido da vista’ pode adquirir diferentes significados (o ollo dunha pataca, os ollos do queixo, o ollo dunha agulla, etc) e formar parte de numerosas expresións (*a ollo, botar un ollo, ter de ollo, entrar algo* ou *alguén polo ollo*, etc.) Moitas veces son significados e expresións comúns ao conxunto da área románica, aínda que outras son especificamente galegas (e portuguesas) como ter *ollos esbugallados* ou *ollos de boi* (grandes e saltóns), *ollos de peixe morto* (moi lánguidos, como en español *ojos de carnero degollado*) e mais *encherlle o ollo* algo ou alguén a unha persoa (gustarlle moito), *regalar* ou *remelar os ollos* (abrilos moito), etc.

Imos só comentar un feixiño de locucións galegas nas que entra a palabra *ollo* e que resultan moi interesantes.

Ter un ollo no gato e outro no prato é estar moi atento, moi vixiante a todo para non resultar perxudicado. Poderíamos dicir que é *andar con cen* (ou *con mil*) *ollos*. É un bo equivalente da expresión española *estar ojo avizor*.

Verlle os ollos (o cu ou os cornos) á curuxa é atoparse nunha situación moi difícil, mesmo en perigo de morte; a frase está próxima a *verlle as orellas ao lobo*, común tamén co español ou co catalán. Lembremos que a curuxa e o moucho, aves rapaces nocturnas, son consideradas na nosa tradición popular anuncios de morte.

Oullo ao can! é un aviso de precaución, que dun contexto inicial de alerta ante un animal que podería mancarnos pasa a alertar en xeral nunha situación dada. Menos seria, mais humorística, e alixeirada a súa mensaxe pola rima, é a variante *Oullo ao piollo!*

Nun abrir e pechar (ou fechar) de ollos ‘moi rapidamente’ non é exclusiva do galego e o portugués pois existe tamén en castelán e catalán mais a variante *nun chiscar de ollos*, ou as locucións semellantes *no virar dunha man* ou *nun vira-vira* poden ser alternativas plenamente galegas.

Parecido é o caso de *ser o ollo dereito* de alguén ‘ser o preferido/a preferida’. Aínda que exista noutras linguas, podería ser unha expresión galega a relacionar con *entrarlle polo ollo dereito* [a alguén] ‘caírlle ben’ e *non ver máis que polos ollos del* ou *dela* ‘guiarse cegamente por unha persoa’. Igualmente aquí temos unha alternativa ben galega e ben familiar e utilizada : *ser o chichí, o chis-chis* ou *o chiche* de alguén ‘ser o seu preferido ou a súa preferida’. É equivalente á locución que o español, con diminutivo familiar, utiliza dicindo *ser el ojito derecho* dunha persoa.

Debemos sempre ter presentes, chantarmos nelas os ollos, as formas auténticamente galegas para usalas como cómpre. E mirar para elas sempre, aínda que *sexa de esguello, de remelo*. Nunca *de reollo* ou *polo rabiño do ollo*, que é calco do español.

A más ver!

Moi difícil

Cando unha acción resulta moi difícil de realizar, que costa moito traballo facela, dicimos en galego figuradamente que *custa ferro e fariña* ou que *custa ferro e fouce*. En español, o seu equivalente sería *costar Dios y ayuda*.

No outro extremo estaría a acción moi doada, a situación moi fácil. En galego, dunha maneira coloquial e máis ou menos figurada poderíamos caracterizar esta facilidade dicindo : *iso faino calquera, iso faino un rapaciño* (ou *unha rapaciña*), *iso faise co pé* (ou *co dedo mendiño*), *iso faise cos ollos pechados* (ou *durmindos*), etc. aínda que tamén podemos empregar algunha frase feita para dicilo. O estudoso L.C. Carballal, nun artigo en liña (« Expresións enxebres » no seu útil blogue *Extensión do galego*) ofrécenos unha recadádiva de locucións entre as que figura *ser porta de tarabelo* para significar unha acción moi doada. Esta sería realmente unha locución ben galega e non *coser e cantar* ou *ser pan comido* que son simples calcos do español.

Normalmente, a facilidade ou dificultade dunha acción vai de par co tempo que leva a súa realización. Ás veces, daquela, *costar ferro e fariña* expresa fundamentalmente na frase ese matiz temporal : *Costounos ferro e fariña pero ao final fixéronnos caso*. Coa mesma, para a rapidez de realización dunha acción podemos empregar a frase *chegar e encher*. Así, por exemplo : *-Tivestes que esperar moito ? -Nadiña, foi chegar e encher !* Se quixeramos atopar un equivalente castelán deste noso *chegar e encher* teríamos que dicir *llegar y besar el santo*.

Chegar e encher non pode ser é un dito que aconsella ter paciencia, igual que a aconsellan (e realismo) outros, algúns deles xa comentados como :

Urdir e tecer non pode ser
Non se pode querer sol na eira e chuvia no nabal
Non se pode fiar e munxir a vaca ao mesmo tempo

A frase máis coñecida en español equivalente destas ven sendo *No se puede estar en misa y repicando* (ou *No se puede repicar y estar en la procesión*)

É curioso : *Dios y ayuda... besar el santo... misa... procesión*. A influencia da relixión resulta manifesta en español neste eido da fraseoloxía e contrasta coa súa ausencia nos exemplos galegos, equivalentes, baseados no cultivo e no labor diario.

Claro que sen moito esforzo podíamos citar decontado media ducia de frases galegas con presenza da relixión :

Costa abaixo todos os santos axudan

Ir lle gardar os pitos ao señor abade
Deus te compoña ! (ou ...te faga bo)
Ver o ceo aberto
Etc.

Tamén é certo que ás veces os ditos galegos revelan unha moral moi pragmática como esa afirmación de *Deus é bo e o demo non é malo*, ou –se se considera dende unha visión inquisitorial- pouco devota e mesmo irreverente como o *Boh, vai rezar* co que mandamos alguén a paseo.

Bicos

Unha das palabras máis populares do noso idioma -tanto entre propios como entre foráneos- é *bico*. A palabra esperta entre nós un inmediato sentimento de agarimo e de dozura. E, naturalmente a súa pegada na nosa lingua foi grande, tamén no eido da fraseoloxía.

Mais debemos contar antes algunhas cousas para que se entenda ben o que imos dicir.

O latín empregaba a palabra *oscŭlum* (que significaba literalmente «boquiña») para denominar o signo de afecto ou de saúdo que dá unha persoa pousando os beizos na fronte ou na cara doutra. Un bico lixeiro e casto. Para os bicos de pracer utilizaba outra palabra: *bāsium*. Esta distinción foi desaparecendo ao irse perdendo *oscŭlum* e ficar *bāsium* sen a carga erótica. Por parte, en latín entrou un termo de orixe celta, *beccum* para denominar o peteiro das aves, maiormente do galo.

Destas dúas palabras latinas proveñen as galegas *beixo* e *bico*. *Ósculo* é unha palabra que, como noutras linguas románicas, se utiliza só nun nivel moi culto. O galego preferiu dicir *un bico* e o portugués *um beijo* mais -como acabamos de dicir- o galego conserva nalgúns zonas *beixo* e, a maiores, tamén creou o termo *un chucho*, cunha carga erótica clara, a partir do verbo *chuchar*.

Ese uso metafórico do galego (bico da ave>punta da boca da persoa > acción de tocar con ese bico>xeneralización da acción nun emprego cariñoso) é moi característico da nosa lingua, mais non é exclusivo dela pois, por exemplo, no francés de Suíza e do Quebec o tradicional é *donner un bec* e non *donner un baiser*.

Bico é unha palabra moi presente en galego que algunhas persoas substitúen sistematicamente por *pico*, o que non se debe facer pois, en primeiro lugar, non sempre son sinónimas e, en segundo, porque non debemos perder a súa riqueza e polivalencia.

Neste artigo limitarémonos ás expresións que sinalan o bico como zona da boca dalgúns animais como as aves ou o porco e mais das persoas. No caso destas últimas, o bico pode facer referencia ao queixelo e, sendo a boca o lugar polo que se emite a voz, temos locucións como *calar o bico*, *non abrir o bico*, *pechar o bico* ou *ter moito bico*. *Torcer o bico* indica desagrado por parte de quen fai ese aceno, igual que *facer o bico* é amuar, amosar expresión de ir chorar. *Mollar o bico* é beber e *pasarlle a alguén unha cousa polo bico* é -en sentido propio ou figurado- facerlla desexar, degorar. Finalmente, a frase *Limpa o bico!* utilízase para burlarse de alguén ao que se lle atribúe facerse demasiadas ilusións, como se babase de contento.

Rematemos por hoxe este bico cunha fermosa cantiga popular :

***Eu quixera ser merliño
e ter o bico encarnado
para facer o meu niño
no teu cabelo dourado***

Moitos bicos

Dixemos no anterior artigo que o bico é segundo unha definición moi simplista da Academia Galega : «*1 Boca das aves.2 Boca das persoas e de certos animais.* ». Máis completa podería ser estoutra, tirada do dicionario online de portugués Dicio : «*Órgão constituído por duas partes córneas que, nas aves, cobrem as maxilas. Por anal. A boca proeminente de alguns outros animais. A boca do homem [...]* ».

En explicación nosa, tamén simplista, diremos que as aves, os paxariños, lévanlles ás crias que agardan no niño a comida. Lévanllela no bico e por iso lle chamamos *a bicada*. De aí a expresión *pillar, coller bicada* que ven sendo herdar (dos pais en principio), recibir un beneficio económico ; nun sentido lato equivalería ao español *sacar tajada*.

Dixemos tamén, xa, que podemos empregar *bico* para outros animais (o *bico* ou fociño do porco) e mesmo para as persoas figuradamente (*Sempre tes que andar a meter o bico !*). Igualmente dixemos que *bico* é sinónimo de *beixo, chucho* ou *ósculo*.

Mais existen aínda outros bicos : o *bico* da xerra (e outros útiles e aparellos por onde escorre o líquido) asemella a parte inferior do bico das aves encamiñando o líquido para que escoe centrado. Tamén lle chamamos *bico* ao da fonte, aínda que neste caso remata moitas veces nun cano redondo, un picho.

O bico é un remate en punta, e falamos así do *bico do peito, do seo* ou *da teta*, é dicir do mamilo, e do *bico do queixo* naquel que imita a forma do seo. Igualmente pensando nas puntas dicimos, por exemplo, *camiñar nos bicos dos pés*.

Naturalmente, ese remate non ten por que ser necesariamente cara a abaixo e falaremos así do *bico dunha montaña* ou do *bico dunha escaleira* para o punto máis alto. O *bico* ou *pico* coas súas moitísimas variantes : o *bicarollo, o bicarelo, o picouto, o perico, o pericoto, o píncaro*, etc.

A *biqueira* é a punta do zapato; en tempos reforzábase cun arquiño metálico que cando batía nas pedras facía muxicas, de aí o expresivo *ir a lume de biqueira* para significar 'ir correndo moito'. Na vida corrente ou no xogo do fútbol fálase de *dar unha biqueira* (ou *un biqueirón*) para un puntapé.

O remate en punta pode tamén ter forma angular como cando se fala do *bico* dunha lancha como sinónimo da proa.

É tempo de nos envisarmos na poesía de Novoneyra, como me lembra o meu amigo Pepe Pereiro. Tamén o poeta do Courel era dos que levaba *no bico un cantar* :

*No bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño.*

*No mesmiño
bicarelo do bico do brelo.*

Escachar

Comentamos xa un día diferentes locucións formadas coa palabra *cacho*. Eran elas :

Andar de cacho para testo (ou *para cabazo* ou *para cribo*) = ir dun sitio para outro sen parar, estando a persoa algo perdida, en español *de aquí para allá, de la ceca para La Meca*.

Mexar fóra do cacho (ou *do penico*) = dicir inconveniencias, cousas que non son oportunas ou non veñen ao caso.

Estar mal do cacho/estar fóra de cacho = estar mal da cabeza, da *cachola*, fóra de razón,

Tirar/tirarse os cachos ás olas = asemellaren os fillos aos seus pais.

E *coller/pillar cacho* 'lucrarse, tirar proveito', = unha locución moderna equivalente ás tradicionais *coller bicada, tirar tallada*.

Poida que lectoras e lectores lembren que a palabra galega *cacho* que aparecía nelas tiña distintas orixes relacionadas coa cabeza, a ola de barro e os anacos dela (e mais tarde os anacos en xeral), o caparazón da certos crustáceos, o caldiño que se prepara nel ou a mestura para lavar a cara na mañá do día de San Xoán feita con herbas aromáticas, o acio ou racimo de uvas...

Imos hoxe comentar algunhas locucións formadas co verbo *escachar*, 'romper, partir, lañar' que procede de *cacho* 'anaco, fragmento'. *Escachar* sería, logo 'facer anacos' e dese verbo deriva o intensivo *escachizar* 'facer moitos anacos ou anacos moi pequenos'. Sempre, en todo caso, *escachar* refírese a obxectos de material fráxil (vidro, louza, cerámica, etc).

Co verbo *escachar* fórmase a denominación festivo-familiar do dedo gordo da man, o *escacha pulgas e piollos*, debido á función que con humor se lle atribuíu.

Un neno algo fedello e enredante, un pouco descarado e rillote, é calificado decontado de *escachapedras* ou *escachacruces*, de *escachado*.

Tamén é unha metáfora ben expresiva empregar o verbo *escachar* no sentido de 'rir moitísimo, partirse de risa'. *Escachar a rir* (ou *coa risa*) e mais *rir a cachón* son equivalentes de *esmenrellarse*. Igual metáfora empregamos para os líquidos que gurgullan ao ferver, o mar cando rompe, un río cando cai en fervenza, e mesmo o lume ao facer chama: *a cachón, cachoadada, cachoeira, cacharela*...

Escachar 'partir, romper' (e de aí 'abrir') ten como variantes *escochar* e *escanchar* e falamos así das *sardiñas escanchadas* ou *escochadas* (tamén

sardiñas lañadas), as que -despois de limpas de magas, espiñas e cabezafican abertas, planas.

Coa mesma entendemos a orixe da expresión *a escanchapernas* (ou *a escachapernas* ou *a escarranchapernas*) e entenderemos tamén a locución *a escacha-pexegueiro*, é dicir 'con toda, forza, con toda intensidade, chegando ate o exceso, a cachón', como se fósemos escachar, partir e fender a árbore, o obxecto ou a persoa abaneada.

Cantaremos, para remate, aquilo de :

*Que estou escarranchado,
que estou escarranchado :
unha perna téñochoa aquí
e outra no teu tellado.*

Con r

Dende hai séculos, tras aquel tempo dos irmandiños, moitos galegos e galegas perderon a fe nas súas propias forzas, na súa capacidade para mudaren a súa condición e o seu futuro e interiorizaron o papel de servos e criados que a nación galega segue asumindo e afondando. A pequena resistencia deses mandadiños manifestouse simplemente de xeito manso na desconfianza e o distanciamento ante o poderoso e na emigración calada, o abandono da Terra.

Hoxe, os que aínda viven na Galiza están a abandonar a simple conciencia de país e os trazos da súa comunidade, a comezar polo idioma que nos uniu durante centos de anos. Mesmo hai quen deturpa con efecto retroactivo a nosa tradición cultural e canta os cantares de pandeiro en español (*Déjame subir al carro carretero. /Déjame subir al carro que me muero, / morena por tu amor*) cando a escasa presenza do castelán no noso cantigueiro popular tiña unha evidente finalidade estilística como marca de retranca (*Eres unha e eres dúas / e eres tres e eres cincuenta / e eres unha catedrale / donde todo el mundo entra*).

A cautela, a autoprotección fronte o foráneo descoñecido que pode chegar a ser un inimigo, un axente ou instrumento do poderoso, maniféstase tradicionalmente en Galiza de dúas maneiras. A primeira consiste na negación de información que poida ser utilizada contra nosa (por aquilo de *Eu non digo nada, que todo se sabe !*), ben respondendo con circunloquios evasivos (*Por un lado xa ves e por outro que queres que che diga ?*) coa intención de desviar o asunto ou ben respondendo á pregunta con outra (*E, logo ?*) co fin de coñecer as intencións e de gañar tempo para preparar a resposta. Esta é unha forma de autodefensa pasiva, unha simple precaución. A segunda maneira de autoprotección consiste na resposta ou reclamación por medio da retranca. Trátase agora dunha autodefensa activa, dunha mobilización, mais esta forma de ironía, de reposición da realidade mandando unha mensaxe inversa, non é ferinte, agresiva, non chanta o aguillón e o ferrete, non é destrutiva, senón que a retranca é unha ironía correctiva, conténtase con recompór as cousas sen ridiculizar nin mancar, provocando mesmo un sorriso : bótaas rindo. Sexa por natureza tolerante ou por conciencia da debilidade propia.

Naturalmente, as creacións orais tradicionais galegas gardan exemplos destes procedementos. Vémolo tamén na fraseoloxía.

Se o desexábel na vida é *ser ben levados* (forma máis enxebre que *levarse ben*), o ideal é *levarse coma o pan e o leite* ou *partir peras con alguén*, é dicir 'levarse moi cordialmente' pois iso implica o casaren tan ben eses dous alimentos ou o compartiren a mantenza varias persoas.

Claro que temos que ter coidado se nos advirten *Esa pera rabo leva !* porque nos avisan de que hai segundas intencións no asunto. Igualmente poderíannos advertir *Vai con r !* é dicir, con rabo, con retranca.

Velaí unha cantiga popular chea de retranca, de r :

*Ao criado do gaitero
déronlle un oso a xantar ;
dixo que se fose un can
tiña ben en que rillar.*

Autodefensa activa : hoxe máis ca nunca precisa.

De min a ti

Nos pronomes persoais de primeira e segunda persoa temos en galego dúas series de formas diferentes que aparecen na frase da cabeceira de hoxe: *eu/min* e mais *tu (ou ti)*/ Imos comentar esas formas antes de entrarmos no contido da locución.

Eu e *tu/ti* son formas do pronome persoal que realizan na frase a función de suxeito :

Eu penso que a cousa está difícil
Non hai queixa ningunha do que eu fago
Que cres tu/ti que podemos facer?
Tu/ti e eu dámolo feito ben

Min e *ti* realizan outras funcións como as de complemento con preposición. Digamos o mesmo por medio dunha construción con preposición :

Para min que a cousa está difícil
Non hai queixa ningunha de min
Segundo ti : que podemos facer ?
Entre ti e min dámolo feito ben

Neste último exemplo o *ti e min* é o correcto galegoportugués fronte ao calco do español *entre ti e eu*.

Agora ben, se -mesmo con preposición- o pronome persoal fose facendo de suxeito dun verbo (en infinitivo, por exemplo) a forma daquel sería *eu* ou *tu/ti*

Para eu facelo terían que mo rogar moito

Min e *ti* son tamén as formas que se utilizan no segundo elemento das comparacións e mais en construcións similares (e non *eu* ou *tu*) :

Ela é máis nova ca ti
Queres saber tanto coma min
Tu/ti fai coma min

Coa mesma, imos agora coa locución que citabamos : *De min a ti*. Esta frase tan tradicional ven equivalendo a *Se eu fose ti*, *De eu estar no teu lugar...* etc. (o español *Yo en tu lugar...*)

De min a ti non llo dicía

Igualmente a expresión pode marcar a confidencialidade do que se conta, similar ao *inter nos* latino que empregamos con frecuencia:

De min a ti : anda con tino con esa xentiña

E, naturalmente, pode ter o seu valor literal e direccional na frase :

De min a ti sempre houbo moito cariño

Lembremos outra locución ben tradicional : a do verbo *ter* co pronome persoal en obxecto indirecto e co significado de ‘considerar, pensar, estimar’, etc:

Teño para min que o asunto é grave

Digamos como remate que para ‘falar cunha persoa con proximidade e familiaridade, tratándoa co pronome persoal *tu/ti*, ‘a normativa propón o verbo *atuar* aínda que tamén existen *atutar e tutear* (esta variante existe en portugués). De todos os xeitos, seguen moi vivas locucións como *falar de ti/tu* a alguén e mais *tratar por tu/ti* ou aínda *tratar ti por ti*.

E velaí unha cantiga con catro pronomes persoais :

*Se soubera que ti dabas
pasadiñas por me ver
tamén eu che prometera
de outros amores non ter*

De cans

Daría para varios artigos a fraseoloxía galega sobre os cans. Algunhas desas locucións (*O meu can pillou unha mosca, cheira a can, por un can que matei xa me chaman matacáns...*) xa as temos comentado e outras son comúns con varias linguas polo que nos reduciremos, daquela, a algunhas frases só.

A maiores do significado propio do animal, atribuímoslle nelas distintas características á súa vida. Acertadamente unhas veces e outras non, pois sempre é abusivo xeneralizar e de aí ven que ás veces teñamos frases contraditorias entre si. Velaí expresións do tipo *de pasar máis fame ca un can, ser delgado coma un can, morrer coma un can, ser fiel coma un can, poñer cara de can, cariñento coma un can, traballar coma un can*, etc. Claro que as distintas e contraditorias frases explícanse polas diferentes épocas e tratamentos para con estes compañeiros das persoas.

Hai algunhas locucións que aluden as persoas por medio deste animal doméstico : *non quedou can tras palleiro, todo canto e gato hai*. É como cando en español se di *todo bicho viviente*. E aínda que os cans que tiñan dono andaban tradicionalmente ceibos na vida rural, moito máis era o caso dos *cans sen dono*. Uns e outros servían, en todo caso, de medida para distancias nunha frase tan usada e tan imprecisa como *a carreiriña dun can*. Mais debemos ter presente que *andar a paso de can* (ou *de cadela*) é andar lixeiro.

Os cans teñen sona de duros e fortes polo que dicimos dunha persoa moi resistente *que ten carne de can*, aínda que os cans, naturalmente, sintan tamén igual que todo ser vivo. *Non paran nin os cans* define un momento de frío moi intenso.

Contarlle os pelos a un can caracteriza unha acción imposible e *dame pan e chámame can* ponse en boca da persoa que acepta de forma oportunista ser maltratada con tal de tirar proveito.

Meter os cans na bouza é unha frase que significa ‘encerrar’ (o castelán *meter cizaña*) e *pelexar os cans pola carniza* é disputarse encarnizadamente por un un botín.

Cando non vemos ou non atopamos unha cousa que temos practicamente diante dos ollos, recibimos a advertencia doutra persoa : *Se fose un can trabábate*.

Andar de can é estar sempre fóra da casa, dun sitio para outro, de paseo ou de farra. Tamén pasea o *can merendeiro*, unha persoa que anda duns a outros traendo e levando contos, como un can que come aquí e acolá en todos os sitios onde lle dan. Que perde o tempo, logo, sen cumprir a súa obriga. Xa o di o refrán : *Can merendeiro non garda palleiro*.

Velaí, para remate, unha cantiga que advirte:

*Non mas botes ao dereito
nin mas botes ás retortas,
que ben sei que tes de oficio
o meter os cans na bouza*

Paxariños

É lóxico que para expresarmos as voces, os sons, que emiten determinados animais, acudamos á onomatopea, á transcripción ou imitación deses sons. Temos así, en galego *ouvear/oular* para o lobo ou o can, *miar/miañar* e outras para o gato, *mear* para a ovella e a cabra, *urrar* para o gando vacún e outros animais bravos, etc. Mesmo o noso habitual *berrar* ten unha orixe onomatopeica da que xa, co uso, non somos conscientes.

Tamén *piar/chiar* ten orixe na onomatopea que lembra o *pi-pi*, *chi-chi* dos paxariños. Se queremos facer máis expresivo o verbo podemos dicir *pipiar/chichiar* ou aínda *rechouchiar*. Eses chíos e rechouchíos expresan os harmoniosos trinos.

Piar/chiar pode aplicarse ás persoas, maiormente para expresar réplica, protesta, resposta discrepante, como en *Cando ti llo lembraches non piou* ou en *El escoitoute e non deu chíó*. En español, o equivalente sería *no dijo ni pío* ou *no rechistó*.

Reparemos en que o verbo *chiar* expresa tamén un ruído agudo e por veces desagradábel -e mais o *chiar* dos ratiños- e que con el formamos a expresión *chiarlle* [a alguén] *os ouvidos*, que en castelán ven sendo *cantarle los oídos*. Anotemos a maiores un emprego moi recente de *chío*: nas redes sociais da web utilízase para denominar cortas mensaxes en comentario a unha noticia ou a outro comentario previo.

E variantes de chiar como chilar, chirclar, chirlear e nomes como *chirlo, chirloverlo* e outros teñen evidente relación con esa onomatopea.

Sinalaremos que do latín *pīpionem* ‘paxariño’ derivou un francés *pigeon* e un italiano antigo e rexional *pippione* do que procede o español *pichón* (en galegoportugués chamámoslle *pombo*). Parécenos evidente que a inxenuidade atribuída ás crías dos paxaros e das aves (e por extensión dos humanos) vai de par coa facilidade de seren enganadas estas criaturas que teñen aínda moi pouca experiencia da vida. É así que un *pipiolo* / unha *pipiola*, en galego é un novato/ unha novata, alguén que está, como se dixeramos, aprendendo a voar.

En español a palabra podería ser un galeguismo se temos en conta ese sufixo expresivo e caracterizador -olo (como en *pedrolo, barrigolo* ou *paiolo*) e mais que, con ese significado, *pipiolo* aparece máis tarde en español que en galego. Item máis: o galego *ser un pipiolo* está en liña con *ser un pimpín* ou *ser un parrulo* para caracterizar as persoas noviñas e inocentes ás que se engana con facilidade. Neste sentido, a frase equivalente en español sería *ser un pardillo*.

Non sempre en galego *parrulo/parrula* teñen esa leve carga negativa; pola contra son moi usadas como expresión de agarimo, maiormente cos pequerrechos e pequerrechas: *meu parrulo, miña parruliña*. Igual que

rula/rulo ou *rola/rola* (outra palabra de orixe onomatopeica) que como parella representa o paradigma da fidelidade dos namorados.

E como pensamos que xa moitas lectoras e lectores do *Sermos* coñecen a bonita lenda tradicional que xoga cos nomes do chasco e do pimpín (velaquí unha versión en galiciadigital.com/opinion/opinion.10246.php) reproduciremos o xogo onomatopeico protagonizado polo pombo e recollido hai anos polo filólogo Anibal Otero :

Dicíalle o pombo á femia namentres facían o niño

- *Pon, pon! Pon, pon por aquí! Pon, pon! Pon, pon por alí!*

Até que ela, cansa de tantas advertencias, lle replicou enfadada:

- *Pon, pon, pon tu! Xa que tanto sabes, faino tu!*

Merecida resposta, non sí?

Arrichar

Como arricha esta nena ! Que arrichada está ! dixemos máis dunha vez ante unha cativiña que espile e medra mostrando os seus avances e botándose de maior. Naturalmente, é unha gabanza.

Empregamos tamén o verbo en sentido crítico ou burlesco : *Mira ti o vello, como arricha !* Neste caso non se botaría de máis maior senón de mozo, presumindo.

Trátase dunha palabra moi característica da nosa lingua. Tanto é así que é usada con frecuencia por galegos e galegas falando en castelán pensando que o verbo *arrichar* existe nese idioma. Ocorre o mesmo que con outras palabras nosas (*esmagar, reseso, colo* ou *pota*) que non existen en castelán.

O verbo *arrichar* non é pronominal, reflexivo, como erroneamente sinala o dicionario en liña da Academia Galega. Nin tampouco é exacta a definición que del dá.

Diciamos que a cativiña do exemplo era espelida, e o verbo *espelir* tampouco non existe en español : o seu equivalente sería *espabilar*. *Espelido* é sinónimo de *esperto, vivo, rápido, intelixente, agudo*, etc.

Algunhas locucións idiomáticas que caracterizan unha persoa espelida son *Sentir nacer a herba* (a frase completa sería *Sentir nacer a herba baixo os pés*), *apañalas no aire* ou *sentilas vir*, por exemplo :

É dos que senten nacer a herba baixo os pés

Éche moi lista, apáñaas no aire

Non a enganan doadamente, séntelas vir.

E comparanzas como :

É fino como a lá de gato,

É listo coma un allo.

Claro que tamén *espelir* (como o castelán *espabilar*) é sinónimo de *moverse, darse presa, andar rápido*, etc.; sinónimo, logo, de *bulir* e mais de *xurdir* cando ten este último significado :

Vai bulindo para a casa, que te están esperando !

Xurde, neno, que senón non chegamos !

E para despedida lembraremos hoxe un vello pregón con que as peixeiras ambulantes coruñesas e doutros portos de mar proclamaban a frescura das sardiñas que levaban na patela :

Van bulindo !

Contas

Ás veces, non é que as cousas non nos saian ben senón que nos saen moi mal. E, daquela, xa non nos conformamos con frases da expresión lingüística normal e cotiá (*Saíume mal isto* ou *aquilo*, *Saíume mal a xogada* ou *o choio*, ou *o asunto*, *Saíronme mal os plans*, etc) senón que buscamos unha expresión máis gráfica, que resalte a intensidade do desastre. E acudimos ás frases feitas, máis expresivas.

Como *Saír o tiro pola culata*. Poderíamos utilizar esta locución? Seguramente si, o portugués utilízaa tamén (*Sair o tiro pela culatra*) mais tamén temos outras frases feitas tradicionais galegas non menos expresivas.

Por exemplo: *Saír a Pascua a venres*. É sabido que a Pascua de Resurrección, unha das festas máis importantes da liturxia cristiá celébrase en domingo, non en venres, sexta feira. O resultado querido está, logo, moi distante do buscado, como se non se acabara de « chocar » ; un malparto

Tamén parece que *Saír o can sen rabo* parte desa mesma insatisfacción pois o animal non naceu « completo ». E *Saír a cadela can* indica o resultado ben diferente do previsto.

Dúas expresións máis insisten sobre os reveses que botan abaixo os proxectos económicos ou de subsistencia. *Saír a porca capada* ou *Saír a galiña choca*.

Igualmente temos a frase *Saír grila*, que debemos relacionar co feito de os rapaces colleren grilos e metelos nunha caixiña onde esperan que canten. Como é sabido, as femias dos grilos non cantan, por iso ante unha mentira dicimos *Esa é grila !* e empregamos a expresión *meter unha grila*. *Grila*, e o seu sinónimo *caroca* (os dous existentes tamén en portugués) e máis *trola* contan con variantes como *grola*, *garola* e *adrola*.

E indo xa aos números, falaremos de *contas*. Parece como se nelas puidese haber un buraco polo que escapasen as cantidades, e daquela empregamos a expresión *Saír as contas furadas*. Pasa como coas famosas *contas da leiteira* que ve afundírense os seus proxectos, esvaírense no aire coma o fume. *Non se poden botar as contas sen a taberneira*, como xa dixemos máis dunha vez. Por iso unha cantiga galega aconsella :

*Palabriñas, palabriñas,
todo se volve palabras,
se buscas algo con elas
sáenche as contas furadas*

É dicir : números, datas, feitos, non *palabriñas*.

As palabras non son sempre neutras e inequívocas. E o retruque que nos dean pode non levar sempre boa intención, como di estoutra cantiga de igual sentido na que esas *palabriñas* utilizan unha expresión ben enxebre en galego : *facen conta* é dicir ‘contar con, esperar’ :

*Non hai cantiga no mundo
que non teña o seu refrán,
nunca ninguén faga conta
senón do que ten na man*

Correr e voar

É galega a locución *o que non corre, voa* ? En principio, parece que se trata dun calco do español *el que no corre, vuela* e que se documenta só a partir do século XX mais iso tampouco non fornece unha resposta definitiva, que precisaría dun estudo máis fondo. O que si se constata é que aos falantes tradicionais do noso idioma sóalles a importado, a ese galego « recente » distinto do deles. Na súa cultura hai outras locucións para expresar a mesma idea.

A frase non é o que entendemos xeralmente como *refrán* (unha paremia ou locución que presenta un aserto xeneralizábel a todos os momentos e situacións) como, por exemplo, *Home pequeno, fol de veneno, O que non chora, non mama, Cereixas e mentiras, unhas das outras tiran, ou Agosto madura e setembro vendima as uvas*. Pola contra, a frase que comentamos aplícase en forma de advertencia ou de consello para un contexto, un lugar ou un momento determinado : *Aquí o que non corre, voa, Hoxe en día o que non corre, voa*. A advertencia, o consello, están claros : « Estamos nunha carreira e todas as persoas irán rapidamente facer o que ti dubidas polo que, se non te moves, has quedar baixo delas. Espile ! ». A vida, segundo iso, non é cooperación senón competición

En portugués, a locución tamén existe (*Quem menos corre, voa*) mais o que si é certo é que –como dicíamos– o galego tradicional conta con outras frases de sentido próximo a ela. Unha destas é *O que pode puxa, e o que non, tarruxa*, e dicir « O que é capaz sae para adiante, e o que non, desespérase, queda por baixo, no chan, a rente da terra. Ergo : Móvete ! Espile ! ».

Tamén temos en galego para utilizar nese sentido, a frase feita *O que non salta, brinca*, é dicir : « Tes que ser moi áxil nesa carreira, que a outra xente vai moi rápido, a chimpos ».

Curiosamente, o castelán *Aquí el que no corre vuela*, vai moitas veces acompañada dunha continuación *...y el más tonto hace relojes*, frase do mesmo carácter que nos advirte de estarmos ante competidores realmente intelixentes. « Tes que ser moi fino para non quedares atrás »

En galego existe outra locución equivalente a esta : *Aquí o máis parvo fai culleres*. Nesta frase aludimos nós á habilidade necesaria para elaborar a man, con navalla ou similar, as culleres de pau utilizadas dende tempos inmemoriais na cociña. Esas que se mercaban nas feiras

Seguiremos a falar de culleres no próximo artigo mais como despedida deste lembraremos estouta cantiga :

*O bandallo do meu home
vai na feira das culleres,
se mo vedes por alí
sacaimo de entre as mulleres*

Non se perda o pobriño !

Culleres

Comentabamos no artigo anterior a expresión *Aquí o máis parvo fai culleres* e dicíamos que facer unha culler de pau era unha peza difícil de realizar cunha simple navalla. Engadimos agora que quere tempo e xeito. Nesa liña entenderemos ben un dito moi popular que ten diversas variantes :

O vagar fai culleres
O lecer fai culleres
O tempo fai culleres
O xeito fai culleres
Quen ten vagar fai culleres

O sentido da frase é que con tempo suficiente todas as persoas son capaces de facer un labor considerado difícil; é, logo, unha frase que tamén se utiliza para animar alguén a facer algo pouco doado. Viría sendo algo así como “con tempo todo se dá feito”

Tamén en portugués temos o dito: *Quem tem vagar faz colheres*, ao que pode engadirse *de pau*.

Este uso en positivo non desbota que ás veces se poida utilizar, alén e aquén Miño, en negativo, como medio de crítica. *Quem tem vagar faz colheres (de pau)* aparece así explicado como “quem não tem que fazer emprega o tempo en futilidades”.

A relativa ociosidade á que o labor de gardar as vacas ou as ovellas obrigaba aos rapaces na vida do agro, facía que moitas veces estes se entretivesen en labrar cunha navalla un anaco de madeira, facendo unha culler ou unha figura. Esta iniciación artística non era en xeral máis que un lecer, aínda que houbo quen continuou esa actividade ao longo dos anos. Mesmo houbo artistas consagrados que comezaron de nenos a se achegar á arte por ese camiño, como foi o caso do gran escultor Xoán Piñeiro.

En calquera caso, a chamada Arte Pastoril resulta non só unha interesante manifestación etnográfica senón unha vizosa mostra da arte popular. En Portugal leva tempo exhibíndose unha exposición que non por casualidade leva o título de *Quem tem vagar faz colheres*.

Facerlles rabo ás culleres é unha locución que cómpre unir a estoutra cando critica, pois alude a facer cousas inútiles, a perder o tempo sen realmente traballar: *Levas todo o día facéndolles rabo ás culleres*. Como se ve é unha expresión semellante á de *mangar o cazo*.

Non esquezamos a advertencia de *Polo rabo da culler vai o gato á ola* é dicir: “Ollo, que por unha regandixa pequena pode entrar o perigo!”.

Despidámonos hoxe cuns versos de Manuel María popularizados por Fuxan os Ventos e que constitúen unha homenaxe a estes rapaces e rapazas artistíñas.

*Labrado da miña mau
fixen coa miña navalla
un aradiño de pau.*

~~~~~



## SÍLVIA LÉZICO QUEM TEM VAGAR, FAZ COLHERES.

Apresentação pública de seu trabalho que Sílvia Lézico - Designer e ilustradora - tem vindo a desenvolver desde 2012, a partir de um dos mais significativos valores culturais alentejanos - a "Arte Popular", património que tem explorado no seu potencial artístico contemporâneo.

A presente exposição cria as áreas da ilustração, do design, da etnografia e da arte popular, no sentido de uma atenta reavaliação aos padrões e identidades partilhados da Beira Interior e do Alentejo.

**Exposição**  
**20 Jul > 30 Out**  
**2018**

Centro Cultural Raiano  
Idanha-a-Nova



Hótelica

De Terça-feira a Domingo: 9h-6h-13h00 / 14h30-17h00  
Encerra à Segunda-Feira

INFORMAÇÕES:  
Tel.: +351 277 202 300  
Url: [www.idanha.pt](http://www.idanha.pt)  
Pte. JCC Raiano  
Email: [centroculturalraiano](mailto:centroculturalraiano)

IDANHA-A-NOVA  
TERRITÓRIO UNESCO



## Diálogos ?

No eido da Fraseoloxía, ou parte da Lingüística que estuda as frases feitas, os grupos de palabras adquieren, por riba da súa función habitual, a comunicativa, unha función expresiva. As locucións, as frases feitas, non transmiten xa o seu significado literal senón un novo. Se eu digo *Tomei un café con leite*, a frase ten un significado literal e o grupo *café con leite* (complemento de obxecto directo na frase) significa o que significan literalmente as palabras que o forman; agora ben, se digo *Durmín coma unha pedra*, a frase non pode interpretarse na literalidade das palabras na función comunicativa (Durmín igual que durme unha pedra) senón que o seu significado é novo, expresivo, de complemento circunstancial de modo: *Durmín profundamente*. De aí que para esa expresividade as linguas adopten diferentes fórmulas; en español, por exemplo, *dormir como un tronco*

Os grupos de palabras, as « unidades fraseolóxicas », poden ser breves e gramaticalmente seguren a exercer a súa función de complemento con ese significado novo, mais tamén poden perder completamente a súa función significativa e gramatical, vella ou nova. Así a unidade fraseolóxica *Manda chover na Habana!* transmite outra función nova e totalmente distinta e única: a expresión dunha sorpresa (ou indignación, etc.) maiúscula.

As unidades chamadas hoxe *paremias* son frases mais ou menos cortas que transmiten unha idea, unha conclusión, un ensino. Son adaxios e aforismos universais que cada cultura incorpora (*O home é o único animal que tropeza dúas veces na mesma pedra*, *O fin non xustifica os medios*), locucións proverbiais (*Amiguiños si, pero a vaca polo que vale*, *A non ter chega calquera*), refráns -normalmente bímembres e rimados que pretenden unha aplicación válida en todas as situacións (*Chegar e encher non pode ser*, *Baguiño a baguiño fixo a vella unha pipa de viño*)- etc.

Dentro das *paremias* son moi doados de recoñecer os *dialogismos*. Consisten en atribuírmos a persoas, animais ou cousas falas que encetan ou completan un diálogo con outras persoas, animais ou cousas ou con nós propios. Pode que nelas apareza expresamente o verbo *dicir* :

« *Palabra* » -díxolle o lobo á cabra

- Díxolle o leite ao viño : « *Ven pra acá, meu amiguiño !* »

-*Verza: por que non cocèches?*

-*Porque antes non me meteches.*

Dado que neses diálogos vai algo de retransca, non sorprenderá que moitas veces a réplica dunha persoa nunha situación real dea pé a unha resposta bulreira doutra persoa en forma de *dialogismo*:

-*Ola!*

-*Non é pota nin cazola!*

*-E agora?*

*-Coller a pucha e pola!*

*-Cada cousa é para o que é!*

*-E o zapato para o pé*

E velaí para remate outro dialoxismo que adopta a forma de cantiga (ou cantiga que adopta a forma de dialoxismo, pois que tanto ten):

*-Preguiciña: queres pan?*

*-Si, señora, se mo dan.*

*-Pois vai buscar o coitelo.*

*-Ai, non señora, non quero!*

## Potes, potas e cazolas

A cociña -e a lareira no seu momento- é unha das dependencias máis importantes da casa, se non é a máis importante. Nela prepárase a comida de todo o día para a familia enteira. Certo é que os hábitos alimentarios foron mudando co tempo e a evolución social e mais co tamaño das familias e o reparto de traballos e que tamén mudou o deseño das casas nas que o xeral era antes que contasen cun comedor independente onde tiñan lugar as tres ou catro comidas: almorzo, xantar, merenda e cea. Tamén antes as mulleres (que pandaban e seguen pandando maiormente con ese duro traballo) pasaban horas a fregar potas, cazolas e demais utensilios de cociña. E o cú das potas, negro polo contacto directo co lume, non era doado de limpar.

É moi lóxico que ese ingrato labor dera pé a frases feitas que aluden a el.

Velaí o diálogo dos potes e potas, que cal persoas discuten e se lanzan ferretes e picadas. Que teñen ciúmes entre eles e algúns insisten en se diferenciaren dos outros : hai clases e categorías. Como pretende aquel outra paremia que xa citamos *Non somos todos iguais : paxariños e pardais*.

Pois ben, ese dialoxismo das potas é tan coñecido en Galiza que poderíamos citar un par de dúcias de variantes. Partiremos dun arquetipo : *Díxolle o pote á tixola « Vaite de aí que me lixas ! »*. As variantes poden afectar aos protagonistas : *Díxolle o pote/a pota ao caldeiro, Díxolle a tixola ao cazo, Díxolle o cazo á cazola*, etc. E tamén pode variar a mensaxe concreta, conservando o sentido : *« ... achégate aló/ tírate alá/tente pra aló/arreda de min »*, etc. *«que me luxas, non me lixes, non me tingas»*, etc.

Tan coñecido é este dito que non fai falta citalo enteiro senón simplemente aludir a el co comezo : *Díxolle o pote á tixola...* É de abondo para que captemos a intención.

E cal é esta intención ? Pois é moi clariña a crítica : *« Mira tí quen foi falar ! »*. Criticamos a alguén que critica nos demais algo que tamén el ten, e se cadra en cantidade maior. O vello conto do argueiro e a trabe no ollo do que tamén falamos xa.

Esa mesma idea está presente noutros dialoxismos. Como neste :

*Díxolle o burro ao mulo : « Tírate alá, orelludo ! »*.

Ou nestoutro :

*Díxolle o corvo á pega : « Bótate alá, que es negra ! »*

E para rematar, velaí unha cantiga ben realista :

*O bo tempo está no pote,  
que en habendo de comer,  
chova ou trone, vente ou neve,  
ese bo tempinho é.*

## Correr ou parar

Cando queremos deixar constancia de que algo non nos interesa nadiña e que non imos mover unha palla para preocuparnos diso, podemos empregar o dito ben expresivo *Tras do que non corro, non canso*, é dicir « non penso perder un minuto nin fatigarme o máis mínimo nese asunto ».

Algunhas persoas hanse sorprenden co uso non pronominal do verbo *cansar* en lugar do pronominal ou reflexivo *cansarse* (*non canso* por vez de *non me canso*). As dúas son posibeis en galego e portugués, mais entre nós a forma máis tradicional é a non reflexiva (*Cansaches ? Parece que estás canso*). Aproveitamos para sinalar tamén o adxectivo *cansativo* ‘fatigoso, extenuante, etc.’ que é moi común en portugués e temos ouvido en galego aínda que non o rexistren os dicionarios (*Ten un traballo moi cansativo*)

Lembraremos que o xerundio do verbo correr (*correndo*) admite a incorporación do sufixo -iño non como diminutivo senón como intensivo : *Ven correndiño* non significa « ven correndo pouco » senón « ven correndo moito ».

O contrario de correr é *parar*, *estar quieto*, etc e tamén resulta algo reiteraiva e redundante a construción *parar quieto*, que tan empregada é en galego :

*Para quieto, ho ! A ver se paras quieto dunha vez !*

En fin, que de quen non *para quieto* (ou *quieta*) dicimos que *non ten paraxe* ou *parada* :

*Esta rapariga non ten paraxe*  
*Este neno non ten parada.*

Temos en galego moitas locucións para denominar persoas destas características, sexan noviñas ou adultas. Algunhas destas locucións repiten o verbo da acción que aquelas fan, subliñando así a continuidade (*un bulebole, un fuxefuxe*) outras aglutinan nela palabras que manifestan ben o significado do conxunto (*un furafollas, un fervellasverzas, un fervellocaldo, un fervellasfabas*) ou forman un simple substantivo derivado do verbo que resulta claro (*un fervello* -de ferver- ou *un fedello* -de fedellar). Pode, mediante un uso metafórico ou unha simple comparanza, o substantivo remitirnos a un animal ou un obxecto que se caracteriza polo seu constante movemento (*ser un besbello, ser un saltapalletas, ser como un sarillo*) . Finalmente, unha frase enteira pode caracterizar esa persoa que non para moito tempo en sitio ningún, que é un *cú de mal asento* : *non fai fume nun sitio/ non fai lama nun sitio*.

E por aquilo de que *no medio está a virtude* imos fuxir dos extremos, nin correr nin parar, ímonos mover pouco a pouco. Son tamén moitas as locucións galegas que ilustran esa progresión tranquila. Repararemos só nun

moliño delas: *amodo, ao xeito, aos poucos, de vagar, engorde...* ás que lle damos máis agarimo se as poñemos en diminutivo : *amodiño, ao xeitiño, aos pouquiños, de vagariño, engordião*, como amosa este arrollo recollido por Xaquín Lourenzo en terras da Limia :

*Entra ben de vagariño,  
non vaiandes topexar,  
que está durmindo o meniño,  
non mo fagandes chorar*

E tampouco non convén esquecer o tan rosaliano *paseniño* :

*Paseniño, paseniño,  
vou pola tarde calada  
de Bastavales camiño.*

## Sopa no mel

*Caír como sopa no mel*, dicimos en galegoportugués. Imos explicar o significado da locución, mais antes é precisa unha notiña sobre a evolución da palabra *sopa*. Velaí :

A palabra *suppa*, de orixe xermánica, entrou no latín medieval e despois en distintas linguas románicas. Denominaba o anaquiño de pan que se enchoupaba nun líquido e se comía. É un significado que perdura no galego dos nosos días (*Cortou media bola e fixo con ela sopas nunha cunca de leite*). Naturalmente, o líquido onde se fan sopas pode ser outro, como o viño das famosas *sopas de cabalo* (ou de *burro*) *cansado*. Desta primeira acepción procede a expresión figurada *mollado/mollada como unha sopa*. Posteriormente a sopa denominou o conxunto dun plato cociñado no que o pan non era necesariamente o ingrediente, chegando á actualidade con ese novo uso dominante (sopa de fideus, de arroz, de verduras, de peixe, etc.)

A locución *Caír como a sopa no mel* é agora doadiña de entender : « Vir moi ben, moi oportunamente, ao xusto ». Se lle buscamos unha equivalencia en castelán, acudiríamos a *venir al pelo*.

Volvemos a unha frase que xa citamos : *É darlle sopas de mel a un burro*, o que ven sendo ‘Tratar demasiado ben a alguén que non o merece pois non o sabe agradecer’.

Conservo o verbo *caír* a mantenta, aínda que o Dicionario online da Academia Galega –sorprendentemente- o proscriba. A forma *caer* foi a primeira en aparecer en galegoportugués como derivada do verbo latino *cadĕre* e posteriormente –seguramente por analoxía con outros verbos como *saír*- apareceu *caír*, que hoxe é a única na normativa portuguesa e está presente en boa parte do territorio galego. Sería esperábel que a nivel normativo fosen, daquela, recoñecidas como lexítimas as dúas formas, moi vivas ambas. Non se trata dunha manía, pois que en época relativamente recente declaraba o dicionarista Eladio Rodríguez González (traducimos) :

*Moitos dos nosos escritores utilizan con preferencia a forma caer para este verbo, mais nas bisbarras nas que se fala ben o galego, maiormente nas provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra e parte da da Coruña, pronuncian invariabelmente caír (voz caír. Diccionario Enciclopédico Gallego –Castellano, Tomo I, 1958).*

Nesa mesma época (1953), José M<sup>a</sup> Pereda recollía ben no norte, en Viveiro, a locución *Non che me ha caír nas pallas !* co significado de ‘No me ha de alcanzar eso’.

E o propio Constantino García constataba máis tarde *caír* como variante de *caer* (*Glosario de voces galegas de hoxe*, 1985).

**Ven moi a xeito para poñermos remate a este artigo, cai coma a sopa  
no mel, esta cantiga tan verdadeira :**

*O bo tempo está no pote,  
que en habendo de comer,  
chova ou trone, vente ou neve,  
ese bo tempinho é.*

**Éche boa verdade !**

## Doutra maneira

Falabamos esoutro día, no artigo *Sen folgos*, do mecanismo de infiltración dun idioma dominante sobre dun idioma dominado, e de como a invasión de características lingüísticas alleas en substitución das propias coñece a fase de creación dun crioulo e leva á desaparición da lingua « feble ». Traemos hoxe de novo o asunto engadindo novas perspectivas con máis exemplos da invasión de modelos fraseolóxicos importados ou impostos.

Nos últimos anos foise utilizando en español -ata se facer monótona, cansativa e ridícula- a frase *como no podía ser de otra manera*. Hoxe, máis que novedosa, orixinal e fresca, a expresión resulta cursi e resesa, característica de políticos de terceira e de aprendices de pedantes. Naturalmente, tamén chegou ao galego. Como non podía ser doutra maneira !

Ora ben, se o tal enunciado é relativamente recente, a idea, claro está, é anterior e circulou baixo outras formulacións. Pensemos, por exemplo, en *No faltaría más !* (posteriormente abreviada en *Faltaría más !*).

É natural e vello coma o mundo que os xeitos de falar, as locucións neste caso concreto, se anoven. Dixemos tamén noutro artigo que o algún día innovador e moderno en castelán *más perdido que un pulpo en un garaje* soa hoxe tópico, caduco e devaluado : máis deluvado que unha man metida dous días nun caldeiro de auga. Igual aconteceu con aqueloutra expresión de *colega y sin embargo amigo*, expresión copiada do francés onde xa previamente (nos anos 1968-70) fixera furor: *cher collègue et néanmoins ami*.

A repetición excesiva dunha locución moi alén do momento impactante denota unha simpleza evidente, unha pobreza lingüística e mental da persoa que a emprega, sexa ou non propia da súa lingua nativa a tal locución.

A maiores, se a expresión é unha simple importación dunha lingua allea que relega as creacións existentes na lingua de quen fala, esa difusión pode ser moi negativa. E isto acontece coa frase comentada *Como non podía ser doutro modo/Faltaría máis !* En galego temos unha frase tradicional asentadísima para esa función : *Era boa !/ Érache boa !* Debemos asegurar a nosa creatividade lingüística, a nosa independencia idiomática, conservando o tesouro secular.

O que levamos dito fainos pensar noutro mecanismo próximo que tamén expresa simpleza e baixo nivel mental. Tamén modernamente algunhas persoas importaron unha expresión española que as erixe a elas propias en único e absoluto argumento de autoridade. É a autocita (*como digo yo*), trasladada por algunhas persoas ao *como digo eu* cando os falantes tradicionais do galego -marxinadiños eles, os coitados- nunca ousarían atribuírse esa importancia. O malo é que -por riba- esa autocita resulta

ridícula pois as máis das veces pretende apropiarse dun falar que é colectivo. *Estoy hasta el moño* (por poñermos un exemplo) é en castelán unha frase moi utilizada que pertence xa ao patrimonio da lingua sen que ninguén poida pretender a súa autoría, a súa propiedade, dicindo *Estoy hasta el moño, como digo yo*.

Apropiarse do público, privatizar o que é de todos. Non lles soa moito iso a lectoras e lectores ?

## Diante

É doado decatarse de que a orixe do adverbio de lugar *diante* está en *de ante*. Mais ese *de* que tiñamos antes témolo xa esquecido, polo que non dubidamos en volver poñelo, desta vez despois : *diante de*. O mesmo acontece co seu adverbio contrario, *detrás* (e *detrás de*).

Tamén, podemos mesmo repetir o primeiro *de*, co que o teríamos realmente tres veces : *Estaba de diante de min*. E, naturalmente, facer preceder ese *diante* por outras preposicións formando nalgúns casos diversas locucións prepositivas :

*De aquí en diante ímolo facer doutra maneira*  
*Iso non pode ir adiante*  
*Levouno para diante dela.*

Sinalaremos de paso que en zonas da Galiza mariñeira aparece con moita frecuencia a forma *avante*, procedente igualmente de *ante* (latín serodio *ab ante*) que as veces é apocopada, truncada no seu comezo, no seu diante, en *vante*.

*Iso non vai avante.*  
*De hoxe en vante temos que deitarnos máis cedo*

Nalgunhas locucións facemos de certos adverbios de lugar un substantivo e normalmente poñémolo asociado ao seu contrario, en oposición a el. Dicimos así :

*Levas a camiseta co diante para atrás*  
*Puxeches a fotografía co de riba para abaixo*  
*Levaba os calcetíns co de fóra para dentro*

*O diante*, é dicir ‘a parte de diante’ –como *o de riba* ou *o de fóra*- pode tamén ser *o de diante*.

Esta construción tan tradicional é confundida as veces con *cú diante/cú de diante* debido á súa pronunciación na que convén deterse un pouquiño.

Como é sabido, o vocalismo galego conta con sete graos, sete vocais diferentes na pronuncia, na articulación. Cando dicimos *co diante para atrás* pronunciamos un *o pechado*, bastante próximo do *u*, de aí a confusión nalgúns persoas. O mesmo acontece -por citarmos outro exemplo- na palabra *fociño* na que debemos pronunciar nos dous caso o pechado. E paralelamente o *e pechado* está moi próximo do *i* (o primeiro *e* de *dereito* ou de *cereixa*, por exemplo). De aí que no pasado se producira na escrita unha certa vacilación : *fociño/fuciño*, *dereito/direito*, *cereixa/cireixa*, etc. Agora, a normativa establece unha grafía, mais na prosodia, na pronuncia, debemos estar atentos para non caírmos en criterios alleos na lectura e na

articulación mecanizada ; non nos debemos deixar influír pola fonética do español (por moito que se nos venda envolvemento na famosa « claridad del castellano ») senón polo trazo lingüístico propio, o da nosa lingua, a maior riqueza vocálica.

Lembremos, daquela, esta cantiga popular :

*Heime de casar na aldea  
anque sexa cun rapaz ;  
heille de peinar o pelo  
co de diante para atrás*

E mais esta triada que non desmerece do escarnio e o maldicir medievais :

*Cara de pan barolento,  
heiche de virar o coiro  
co de fóra para dentro !*

## O alén

O alén: o outro mundo no que os vivos queremos crer para nos acollermos ante a idea de desaparecer para sempre. Un mundo que ás veces o tabú da morte nos fai evitar de mentar. Dicimos sinxelamente *alá*. Non é preciso concretar, pois tanto quen fala como quen escoita sabe ben que *ir alá* é morrer, finar, acabar, rematar, derramarse de súpeto:

*Alá vai o espello ! Alá vai a festa ! Alá vai a tranquilidade !  
O seu irmán xa vai alá hai oito anos.*

Unha maldición tradicional era a de *Alá irás, lobos te coman !* E ante alguén ou algo que desapareceu hai moito tempo, constatamos: *Onde el /ela vai ! Vaiche bo/boa !*

Temos tamén en galego e en portugués unha frase tradicional coa que expresamos o noso desagrado e a nosa decepción ante unha repentina perda da que nos laiamos: *Alá vai todo canto Marta fiou !* é dicir 'Derramouse o traballo todo, perdeuse o esforzo feito'. En ocasións podemos atopar que o protagonista habitual non é Marta senón María ou Marica. Non sei se esta dualidade Marta/María fai alusión ao evanxeo e á vida de Cristo ou se a muller que fía é unha representación da Parca que ten na súa man o fío da vida. Tampouco non é aquí o lugar de tratalo, limitarémonos a sinalar que noutras áreas próximas culturalmente á nosa –como é o caso da Provenza– tamén se alude ao tempo recuado como *o tempo no que Marta fiaba*.

Descoñecemos a existencia da frase en español. Un equivalente, canto ao sentido, sería *Nuestro gozo en un pozo !*

Naturalmente, ese sentido específico teno o *alá* (con *ir*) só nestes contextos, pois nos outros conserva o seu significado primeiro e literal de adverbio de lugar:

*-E non dixeches que túa nai ía ir á farmacia ?  
-Xa vai alá.*

Reaparece Marta como protagonista noutra locución tamén moi empregada en galegoportugués: *Morra Marta e morra farta*, unha expresión coa que se xustifica comer de máis ou comer daquilo que lle pode facer mal ao corpo (mais non á larpada nin á larpeirada). É como se dixeramos (e por veces dicímolo, pero *coa lingua pequena*) *De algo hai que morrer !* Ou como o coñecido dito español *Lo que no mata, engorda*.

E xa que estamos a lembrar os defuntiños e defuntiñas faremos unha incursión rápida e discreta nese terreo tan ricaz lingüísticamente e tan íntimo como é o da morte. Sinalaremos tres mecanismos habituais na creación de locucións ben expresivas para aludir ao acto de morrer. Nuns casos, a frase constata a reacción corporal que o momento leva emparellado (dicimos así, por exemplo, *Enfriárselle o ceo da boca* ou, en símil animal,

***Recachar o rabo*), noutro a finalización do traballo habitual, da vida laboral activa e o relevo que se produce (*Deixar a ferramenta/ Pasar a ferramenta*), e no outro, o feito de ser enterrado na proximidade familiar do cementerio da aldeíña, nunha alusión chea de humor mais non exenta de respecto : *Irlle gardar os pitos ao señor abade / Irlle contar os pitos ao crego*.**

**Sexa no outro mundo do alén ou neste, aquí mesmo, á nosa beira, o importante é que as finadiñas e finadiños teñan acougo .**

**Como dí a frase tradicional : *Que en paz estean !***

## Prebe

O vello truco. Está un tranquilamente na casa cando chama o teléfono: “Somos da empresa X e chamámolo para comunicarlle que nun sorteo celebrado hoxe correspondeulle o premio de X (unha manta/un robot de cociña/unha colección de libros/ etc. ) polo que queremos enviarllo ao seu domicilio. Unicamente son ao seu cargo os gastos de envío polo que queremos a súa conformidade...”. Total, que o que che regalan por un lado cóbrancho polo outro.

A frase axeitada para dicir nese momento –no que non se nos ocorrerá, seguramente- sería: *É máis caro o prebe que o peixe*. Ou, o que é o mesmo: *Costa máis o caldo que as talladas*.

A palabra *prebe* tería que ser realmente *pebre*, mais os galegos e galegas vímolos dicindo así cando menos dende o século XVIII, como constataba xa o padre Sarmiento. O douto frade sinalaba o desprazamento de sons dentro da mesma palabra –hoxe chamámoslle *metátese*- tamén noutros casos como *probe*, *craba* ou *crongo*.

Volvendo ao rego: *prebe* procede do latín *pīpĕre* ‘pementa’ e chegou a nós (probabelmente a través do español) dende o catalán *pebre*. Con todo, a lembranza da pementa foise perdendo e as receitas non teñen por que levar xa ese ingrediente. *Prebe* convértese nun simple sinónimo de *salsa* ou de *mollo*. Se lemos dous anacos do mesmo poeta e do mesmo ano (Xoán Manuel Pintos, 1858) veremos que nun deles fala dos “*choquiños de Redondela,/ co seu prebe que gorenta/ e ben polo trago tira*” e no outro de “*tan rico dozariño/ no seu prebe azucarado/ que almibre de millor punto/ non se cata no real pazo*”.

Poida que estea tamén- xa lonxe- relacionada con aquel *pīpĕre*, con aquel *prebe*, a palabra *peperete* (ou *pipirete*, que é como din os portugueses), e *peperetada* que hoxe ven significando, segundo definición da Academia Galega « *Cousa de comer de gusto doce e moi saborosa* ».

Tampouco o *peperete* se entendeu sempre exclusivamente como cousa doce, azucarada. Velaí como o definía o dicionario de Cuveiro en 1876 : « *Vianda extraordinaria y corta que se confecciona además de la comida general u ordinaria* ». E o de Valladares, en 1884 : « *Especie de platillo o guiso delicado con motivo de alguna festividad o cosa tal* ».

Tamén metafóricamente se atopa o emprego de *peperete* para indicar unha rapaza bonita : « *Mariquiña era un pipirete delicado que ninguén mellor que el podía lambetear* » di Gonzalo López Abente nunha súa novela en 1922.

Se cadra falando de manxares delicados e de riquezas do mar e mais da terra é acaído lembrarmos a cantiga popular que proclama :

*Debaixo da auga nacen  
cousiñas que saben ben,  
eu tamén me vou criando  
para o amparo de alguén.*

**Peperetes. Con prebe ou sen el.**

## Mar

Galiza é un país marítimo. Mil cincocentos quilómetros de costa conforman un amplo arco atlántico na punta suroccidental de Europa. E na banda da beiramar vive a maior parte da poboación galega. Naturalmente, a poboación do interior non vive a carón do mar, mais tampouco de costas a el. De xeito directo ou indirecto toda a nación é mariñeira.

E na lingua tamén ten reflexo ese mar cotián : na articulación da fala do galego do litoral (coa gheada e seseo das Rías Baixas ou sen elas como na Altas) e mais no léxico e na expresión cotiáns. E tamén, claro, na fraseoloxía. A maiores de todo o que comparte co « galego xeral », o galego mariñeiro impregna decote eidos específicos e agroma a cada paso sorprendendo a falantes chegados doutras terras do país. Así, cando escoitamos, por exemplo *Embarcaron no autobús, Deulle co remo e tirou con el no chan* (no que ese remo é de carne e oso, o brazo) ou *Púxéronlle a proa e non puido facelo* ('opuxéronse a el e...'). Ou tamén *Aínda non botes o peixe ao mar*, é dicir 'Aínda non está todo perdido'.

Repararemos, pois, hoxe e nalgún artigo próximo nestas locucións mariñeiras. Lembramos que ocasionalmente temos xa citado algunhas como *É como a carioca, que leva o rabo na boca* ('é un círculo vicioso'), *leva unha lura* ('ten unha bebedeira'), *fai magas* ('é o triunfador indiscutido') ou *tal para cal, maragota e media* ('tan bo é Xan como seu irmán').

Onde o galego común dálle azos a alguén que está en apuros dicíndolle *Aínda non está todo perdido /Aínda te podes salvar*, o galego da beiramar concretará expresivamente *Aínda non caíches no mar!* Onde o galego xeral aconsella non esaxerar indo aos extremos e di *Nin tanto «Arre!» que fuxa nin tanto «Xo!» que pare*, o mariñeiro dirá *Nin tanto ao mar nin tanto á terra*. Onde un galego do interior tranquiliza *Podes estar tranquilo /Por aí non tes dúbida*, etc. o galego das rías dirá *Por aí non lle entra entra auga ao barco*. E onde unha persoa de terra adentro advirte *Así a cousa vai mal* outra da Galiza mariña advertirá *Así o barco vai ás pedras*.

Naturalmente, o peixe, despois de pescalo hai que vendelo e diso quen se encarga normalmente, no mercado, por solto, é a peixeira, que ten que engadar tamén : agora ela á clienta. *A quen lle queres vender o peixe é*, daquela, unha frase que ven significando : 'a quen pretendes convencer?'. Digamos, de paso, que as linguas románicas utilizan comunmente a palabra derivada do latín *mercatus* (no noso caso *mercado*) para denominaren o lugar dunha poboación no que se agrupan os postos de venda de produtos alimentarios. Esta palabra de orixe latina está presente tamén nas denominacións doutras áreas lingüísticas europeas. Xa dende antigo aparece asimesmo en español e portugués a palabra *plaza/praza* co sentido de mercado, ben proceda de *plaza* como 'espazo urbano entre rúas onde se ubica o mercado' ou como o de 'canon, taxa, aluguer que se paga por un lugar, unha praza, no mercado'. En calquera caso, moitos pensamos que os rótulos *Praza de abastos* deberían ser substituídos en Galiza por *Mercado* como é

norma en Portugal, en liña cos países de linguas neolatinas e moitos outros de Europa.

E merquemos ou procuremos as cousas no lugar axeitado, non fagamos o que di esta cantiga bulreira :

*Fun ao monte por sardiñas,  
fun ao mar cargar de toxo,  
polo monte fun nadando,  
polo mar nun burro coxo.*

## A virada

Falabamos no artigo anterior na diferenca entre o galego mariñeiro, o da nosa beiramar, é mais e do interior e xeral. Tampouco o galego « mareiro » constitúe un falar homoxéneo e hai variantes entre unhas áreas e subáreas e outras. No libro do filólogo Francisco Fernández Rei *Dialectoloxía da lingua galega* (Xerais, Vigo, 1990) podemos atopar unha cabal e rigorosa información con útiles cadros, gráficos e planos. Nós limitarémonos a sinalar que a costa galega da provincia de Pontevedra e case toda a da Coruña usa na pronuncia a *gheada* (ghato) fronte a case toda a da provincia de Lugo (gato) e que a zona de seseo total (quer inicial como en *sinco*, quer final como en *des*) é algo máis reducida, pois entre ela e a de non seseo (*cinco*, *dez*) se atopa unha franxa de seseo unicamente final (*des* pero *cinco*). Outros varios trazos lingüísticos diferencian zonas e subzonas.

O léxico tamén as diferencian, e- a maiores da riqueza e da multiplicidade de nomes locais de peixes e mariscos que atopamos na nosa beiramar- ás veces facemos unha oposición algo simplista de máis. Opomos, así, moitas veces, o galego « das rías baixas » co seu *rapante*, *polbo*, *lura* e *caramuxo* ao « das rías altas » coa súa *meiga*, *pulpo*, *calamar* e *mincha*.

Mais isto nin sempre foi exactamente así nin continúa a selo hoxe. Podemos, por exemplo, recoller unha locución como *andar ás minchas/estar nas minchas* ‘andar perdido, aboiado, ensimesmado’ no Morrazo ou en Portonovo. Claro que hai quen emprega *andar ás minchas* como ‘pasar fame, subsistir con dificultade’. A mincha é un molusco moi pequeniño, de aí que se lle chame *un/unha mincha*, *un/unha minchiña* ou *minchiñas* a alguén moi pequeno. Adoita comerse fervido, por *iso mandar alguén a fritir minchas* é mandalo a facer algo que resulta case imposible, coma quen di *mandalo a paseo*.

Unha locución moi popular na Galiza mariñeira fala da *virada*, que en sentido propio é a manobra de unha embarcación dar volta, de virar no mar, ás veces nun espazo pequeno que a fai unha operación difícil. Por iso, en sentido figurado podemos escoitar *Se me dá a virada, mañán paso pola túa casa* ou *Ao final tiven un problema e non me deu a virada*.

O peixe, nos mercados ou polas rúas transportábase e exhibíase maiormente en cestas chamadas *patelas*, nas que aínda fresquiño ía saltando. De aí que, con orgullo, se diga aínda en sentido figurado na nosa beiramar *Na patela !* é dicir ‘Velaquí están ! Non conto mentira ningunha ! Velaquí os tés ! Feitos e non palabras !’

E desde logo, o que non se pode é enganar, *meter un merlo no medio do peixe*. É natural que o mariñeiro ou a peixeira que non enganan, protesten : *Ei, ti ! Cóllesme o folio cambiado !* o que traducido ao galego xeral -xa que o folio é o documento de identificación do barco- quere dicir *Ei, engánaste, que eu non son ese ou esa que pensas !*

As cousas deben estar sempre claras e para iso, para que non se enleen e atrapallen derramando a pesca, non podemos deixar *liar o palangre*.

Porque aínda que hai quen dí que *no mar todo é peixe* ou que *todo o que ven na rede é peixe*, é dicir 'todo vale, todo se aproveita ou todo se pode facer', os feitos contemporáneos desménteno pois a este paso vai haber só plástico en lugar de peixe.

E *non se pode vender o peixe antes de pescalo*, facendo castelos no aire e soñando con proxectos que non van adiante porque carecen de base, como no conto da leiteira.

Penso que cómpre considerar máis que unha simple curiosidade o feito de dicirmos en galego de alguén -como prototipo irónico- que *é un bo peixe*, cando en español se di *es un buen pájaro*. Porque en Galiza, mesmo na interior, o mar está sempre presente ; velaí outra proba : no seu utilísimo dicionario, Crespo Pozo (*Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego*, 4 vols, 1972-1985) recolle como os xogadores de Verín usan a frase que xa citamos *Non chores, que aínda non caíches no mar* para significar que aínda non está perdida a partida.

Poidamos os galegos seguir dicindo aquilo de *Para mariñeiros, nós !*

E para mariñeiras !

## Fío

O fío, nunha definición primaria, podemos dicir que é a fibra de materia téxtil que serve para coser ou para tecer, para confeccionar un tecido, unha tea, un pano. E ao coser unimos dous puntos, prendémolos e apertámoslos co fío nunha puntada. Dar unha puntada sen fío sería non coser, unir en falso o que se había separar no instante. *Non dá puntada sen fío* é unha frase que se aplica metaforicamente a alguén que non perde proveito ningún, que todo o fai moi meditadamente pensando no su propio interese. A frase existe tamén en portugués cunha forma igual en substancia : *não dá ponto sem nó*.

Podemos tecer, formar un tecido, entrelazando fíos, ora en sentido horizontal ora en vertical ; ao final teremos unha tea ou pano. Naturalmente, a confección de roupa é unha das grandes conquistas da Humanidade mais ás veces esquecémolo é referímonos figuradamente co verbo a accións pequeneiras, sen importancia : *Miña nai, anda aí pola horta, tecendo*, dicimos para caracterizarmos laboriños miúdos. Outras veces ese sentido figurado refírese ás voltiñas que dá o pensamento, á actividade de cabeza : *Pasa a tarde alí metido, tecendo*, é dicir, matinando, barallando.

É moi importante que o tecido formado non se desfaga, non se esfiache, e así un procedemento para evitar que isto aconteza co roce é facer na roupa de vestir (saia, pantalón, etc) ou noutras pezas unha dobra no extremo que se cose para protexer o fío : é unha *baíña*, e *abaiñar*, facer unha baíña, chámasele tamén a facer esa voltiña na masa da empanada que se recolle cun churriño. A locución *abaiñar as palabras* é coidar ben a expresión, o que se di e mais o como se di, evitar que a fala se esfiache ou se derrame toda por fóra. Escribo baíña coa grafía galegoportuguesa tradicional e a española antiga, mais lectoras e lectores deben saber que a normativa actual do galego prescribe *vaiña* en consideración á procedencia do latín *vagina* (do que provén o cultismo *vaxina* e os derivados españois *vaina* e *vainilla*)

O fío ven representando o paradigma da delgadez (*delgado como un fío*) e hai quen traslada esa semellanza a unha planta de talo fino : *delgado como un fiúncho* ; para facelo, a maiores da semellanza visual foi importante a semellanza fónica.

Resulta doado comprender a expresión *a fío*, que utilizamos para caracterizar un líquido que corre sen interrupción : *a auga da billa corría a fío / o cativiño choraba a fío / onte á tarde chovía a fío*, etc. E esa continuidade é a que expresa o fío nalgunhas frases feitas como o *fío do lombo* ou columna vertebral (tamén chamada doutras maneiras figuradas como *o carrolo*).

O fío denomínase tamén en galegoportugués *liña*, e non só son liñas as de pescar senón tamén as de coser. Un personaxe mítico da tradición galega é « O xastre das Baíñas » : *o xastre das Baíñas, que cose de balde e mais pon as liñas*. Representa a inxenuidade, ou unha especie inexistente que todos

quixeramos ter de man, algo así como o que en castelán chaman un *mirlo blanco*.

O tal xastre, que tamén pode aparecer como « o xastre do Vío-vío » : *O xastre do Vío-vío que cose de balde e mais pon o fío.*

Cosamos coas liñas desta cantiga popular :

*Tes uns olliños na cara  
que son liñas de bordar ;  
nacemos un para o outro :  
qué lle habemos de esperar !*

*Coa lembranza amiga de Ramón Muñiz,  
que deu sempre a resposta que cumpría.*

## **Resposta**

Temos xa falado da frase, tan empregada en Galiza, de *Agora xa foi, Marica, non chores!* para dicir que a situación non ten remedio, que é tarde de máis. É igual a aqueloutra tamén citada de *Tarde piaches!* No mesmo contexto emprégase en castelán *¡A buenas horas mangas verdes!* e en galego dicimos *Des que a burra vai no pó: xo, burra! Xo!* Porque a solución haina que poñer cando é tempo.

Hai quen cando xa non se pode facer nada pregunta: *E agora?*

Tamén hai quen finxe facerse a pregunta ou arremeda facelo, insinuándolles realmente a outros que axuden a resolver a papeleta. Claro que eses outros poden facerse os xordos ou responderen con ironía.

*-E agora? – Fabas na ola! (É dicir: Agora teste que privar moito!)*

*-E agora? – Coller a pucha e pola! (Agora tés que ir polo mundo!)*

*-E agora? – Agora asubíalle! / Asubíalle ás botas! (Xa non volve o que escapou!)*

*-E agora? – Tíralle do aire! (Arranca ben o motor e lisca!)*

Porque xa non hai que lle facer, xa voou. Respostas galegas semellantes ao español *Échale un galgo!* aínda que as nosas levan un aquel de ferrete.

Outras veces, a resposta retranqueira é un freo que lle intentamos poñer a alguén que está tratando de nos enganar, de contar unha mentira que detectamos e que non queremos deixar pasar. E normalmente, acompañámola cun aceno consistente en levarmos o noso dedo índice debaixo do noso ollo dereito e baixarmos así un pouquiño a pel da zona inferior ao tempo que dicimos:

*- Sóprame aquí, que teño un lixo!*

Ese mesmo aceno, coa mesma finalidade, faise en Marín adaptándose ao lugar concreto e construíndo unha rima bulreira:

*- Mira para min, que son de Marín!*

Outra posibilidade aínda é retrucarlle (ou cortarlle directamente á persoa interlocutora) cunha pregunta que ven significando con ironía “Se agora, que aparentas falar a verdade, ves con esas: como has facer cando me queiras enganar?”.

Esa mesma pregunta subiume decontadiño aos beizos esoutro día ao bater por acaso co editorial dun chamado medio de comunicación, deses que reciben cuantiosas sumas dos cartos públicos galegos. Lavaba a cara da situación do país vendendo o peixe co título de *La longevidad como economía para Galicia*.

E comezaba así:

“Galicia, siempre a la cabeza de la estadística de los desequilibrios demográficos, percibe el envejecimiento como una grave amenaza y casi nunca como una virtud detrás de la que también existen posibilidades de especialización económica.”

Polo que me veu á boca a tradicional pregunta galega :

- *E cando mintes : como fas ?*

Porque lembrei a palabra retranqueira e indignada de Celso Emilio Ferreiro no seu *Plan de Desenrolo* :

*O meu país predilecto é un emporio  
de cousas nunca vistas:  
os homes viven fora da lei da gravidade,  
pro coñecen moi ben a lei do embudo  
i o principio da palanca e do fungueiro.  
Un país que vive de milagre.  
Produce ao ano xustos doce meses  
e tres mil romerías de San Roque.  
Quinientas toneladas de labercas,  
setecentas de grilos,  
vinte de volvoretas  
e sete de tabáus incontrolados.  
Suma e sigue:  
Oitenta mil arrobas de maletas,  
dous mil metros cuadrados de ataúdes,  
sete lobos per cápita,  
dez raposos por cada contribuínte  
e chumbo, moito chumbo,  
que esportamos,  
transportamos,  
soportamos.  
Item mais:  
Cinco mil toneladas de carneiros  
e un castrón por parroquia.  
¿É que cicais non somos  
un país ben desenrolado?*

É aquilo de *Mexan por nós e queren que digamos que chove*.

## Pano

Na fraseoloxía das diferentes linguas son abondosas as paremias, os ditos, que sinalan como os descendentes, fillos e fillas, asemellan -quer no físico quer no comportamento- aos seus proxenitores e proxenitoras, pais e nais. En galego temos numerosos exemplos, e xa que estamos tratando en fíos, tecidos e panos, citaremos a locución *De tal pano tal saía*. A frase pode ter unha aplicación máis ampla e servir para sinalar que cunha causa dada, a consecuencia que cabe esperar é a que nos aparece.

Co esquema construtivo desta frase podemos atopar outras do mesmo sentido : *De tal niño tal paxariño / De tales terras tales nabos* ou estouta moi popular -e tamén existente en portugués- *De tal pau tal racha*, literalmente coincidente co español *De tal palo tal astilla*.

Dígase dunha forma máis elegante ou expresiva (*Sempre os cachos tiran ás olas / Fillo de peixe peixiño é*) ou máis primaria e algo pexorativa (*Fillo de porco marrau seguro / Ou nas unllas ou nos pés has imitar a quen es*) a idea é que esa semellanza ven dada pola Natureza e non hai por que se avergoñar dela : *Non erra quen aos seus asemella*.

*Andar con panos/paniños quentes* caracteriza o que se entende como medias tintas, medias medidas, accións non axeitadas (igual que se a alguén enfermo lle aplicásemos simplemente ese pretendido remedio) e mais tamén se usa para caracterizalas de contemplacións, de compromisos finxidos que non constitúen a verdadeira solución a un problema. Por similitude, facemos sinónima desa locución a de *andar con panxoliñas* que ten un aquel de curiosidade : unha panxoliña é un canto relixioso tradicional do Nadal e a orixe da palabra estaría no latín *Pange lingua* que comeza un coñecido canto eclesiástico. *Non me veñas con panxoliñas* viría sendo como *Non me veñas con cancionciñas, con musiquiñas*, onde estas son presentadas negativamente, seguramente pola incomprendibilidade dun texto latino.

Cando de alguén dicimos que *virou a chaqueta* estamos falando en sentido figurado para sinalarmos que esa persoa mudou súbitamente de pretendidas ideas, adoptando as contrarias por simple oportunismo. Dícmolo, daquela criticamente. A expresión existe en distintas linguas. En troco, *Aínda rompe unhas mangas novas* é unha frase puramente galega que gaba a boa saúde de alguén de idade : aínda lle habería durar moitos anos unha prenda nova.

E se esoutro día falabamos do xastre das Baíñas e do do Vío-vío, hoxe citaremos outro ben pavelo, o de Barcia : *O xastre de Barcia / éche tan agudo / que toma as medidas / por un garabullo*. Escusa metro.

Hai persoas que non son xastres nin costureiras e mais tamén -figuradamente- cortan panos coa lingua, e de aí que moitas veces dicimos delas que están *afíando a lingua* (ou o *peteiro*) pois o que fan é criticar con

forza a alguén, normalmente ausente, como se estivesen a picar con agullas de coser e a cortar con tesouras. Dicimos figuradamente que lle están *cortando un vestido* ou *facéndolle un traxe* a alguén.

Velaí unha cantiguiña que lles quere ben.

*Onte mesmo, pola tarde,  
unhas lerchas de veciñas  
cortáronme o meu vestido.  
E sen tomarme as medidas !*

Mellor que o xastriño de Barcia, pois nin garabullo precisaron, seica.

Mais a agudeza dos xastres non a teñen. Novo exemplo, estoutro, do que fora coser a unha casa e lle deron a escoller merenda :

*- Ovos ou magras, xastriño ?  
Que merenda quer mellor ?  
- Pois logo, miña señora,  
tortilliña de xamón.*

Érache parvo!

## De balde

*Gratis et amore*, di unha expresión latina significando « por graza, (graciosamente, gratuitamente) e por amor ». E nós, os falantes de distintas linguas–e case sempre sen sabelo– seguimos a empregar esa locución latina, agora abreviada en *gratis* :

*Hoxe xantei unha laconada gratis*

Poderíamos dicir tamén *de balde*, ‘sen coste, sen pagar’, expresión galega, portuguesa e española que procede do árabe. Primitivamente a expresión *de balde* ou *en balde* tiña o significado de ‘inutilmente, en van’ que aínda ás veces conserva :

*Se ves por aquí por verme,  
queridiño, Deus cho pague ;  
se ves por outra cousiña  
gastas zapatos en balde.*

Hoxe, en galego « coidado », esta locución está facendo desaparecer outras palabras que significan o mesmo, como a devandita *gratis*. Todo aparece caracterizado como *de balde* (aparcamento de balde, entrada de balde, viaxe de balde, etc.) e é raro atoparmos *gratuíto, libre*, etc. formas non menos galegas.

Naturalmente, aínda que as palabras e as expresións poidan coincidir no seu significado, ás veces o seu uso diferénciase pola utilización ou non que fagamos dela en distintos ámbitos sociais ou profesionais : é o que en Lingüística se chama « rexistro » (rexistro culto, rexistro popular, rexistro familiar, rexistro científico, deportivo, etc.). Así, por exemplo *de moca* é unha locución equivalente a *de balde* mais de rexistro fundamentalmente familiar ou coloquial. Para ben ser, no exemplo que puxemos ao primeiro trocaríamos seguramente tamén o verbo :

*Hoxe papei unha laconada de moca*

Ao ser a moca unha tradicional arma defensiva e ofensiva (tamén en portugués, onde ten como sinónimos *cacete, clava* ou *maça*) chamada en español *cachiporra*, asáltame a dúbida dunha hipotética explicación. Seica o motivo de ser convidado é pensar que é mellor asumirmos unha persoa o coste da outra antes do que recibirmos un golpe de moca ?

Derivaremos cara a un segundo *balde*, outra denominación do caldeiro, que a Academia Galega define así :

Substantivo masculino.

1 Recipiente, en forma de cono truncado ou de cilindro, cunha asa ou dúas, de madeira, metal, plástico etc., que se emprega para transportar e conter auga.

2 Por extensión: Calquera recipiente máis alto ca ancho e con asas.

### 3 Contido de calquera destes recipientes.

Non hai acordo entre os etimoloxistas sobre a orixe desta palabra, que non procede do árabe como a da expresión xa comentada enriba. Joan Coromines considera que en castelán debeu entrar procedente do galego-portugués. O padre Sarmiento dicía en 1755 que o balde era “unha vasilla para auga, polo común de madeira con arcos”, o que lembra un tipo de sella, xusto o que –en madeira ou metal- se segue a chamar no Morrazo un *balde*.

Despidámonos, xa, cunha cantiga popular que tamén xoga con dúas palabras que soan igual e significan distinto:

*Do queixo non che me queixo,  
que o queixo ben che me sabe;  
quéixome de quen mo vende  
que non mo deixa de balde.*

Que presten o queixo e mais os peperetes das festas !

## Pescada

En galegoportugués preferimos dicir *peixe*, mais iso non significa que non poidamos empregar *pescado* (participio do verbo *pescar* e, daquela, tamén, 'o que se pesca', sinónimo de *peixe*).

Un peixe específico, unha especie moi estimada, é a do *merluccius merluccius*, que é a que adoita recibir na área galegoportuguesa o nome por excelencia de *pescada*. Mellor que o españolismo *merluza*, debemos utilizar aquela denominación, ben viva, por outra banda, Lembremos, como exemplo, unha canciónciña que lles serve aos rapaces e rapazas para xogar saltando á corda :

*Pepe Repepe, camisa rachada,  
foi á cociña lamber a pescada...*

Unha denominación ben antiga da pescada é a de *peixota*, *pixota* ou *pexota*, que aínda se utiliza en certas zonas galegas como Marín. Mesmo que voces tan autorizadas da Etimoloxía como Joan Coromines ou da Lexicografía Galega como Carme Ríos Panisse apunten a posibilidade de relacionar o nome con *pixa*, poderíamos pensar na derivación co sufixo aumentativo -ote/-ota (rapazote/rapazota, vellote/vellota, rillote/rillota, etc). O que cadraría, a maiores, coa explicación tradicional de Peixoto, apelido luso-brasileiro baseado no sufixo -oto/-ota naquela área.

Indo xa ás nosas expresións idiomáticas citaremos unha moi expresiva, a de *comer sardiña e arrotar pescada* que se lle aplica a quen presume do que non ten, que fachendea de máis: *Ese é dos que comen sardiña e arroitan pescada*.

E estoutra non menos expresiva : *Pagar en cartos de sardiñas*, é dicir, pagar algo mediante a entrega periódica de pequenas cantidades. Está documentada na Galiza interior, en terras de Verín, e en portugués tamén existe : *dinheiro de sardinhas*.

Pequena tamén a é a cría da pescada, que precisa unha forte protección se non queremos rematar coa especie. En galego coñecemos o nome de *carioca*, e xa temos sinalado que -ao presentarse en xeral para a comida en forma circular, meténdolle o rabo na boca- deu orixe á locución *é como a carioca, que leva o rabo na boca*, para caracterizar unha situación sen saída, na que se volve sempre ao principio, o que coñecemos tamén como *un círculo vicioso*.

É ben sabido que *carioca* é asimesmo a palabra que denomina os habitantes do Río de Janeiro, ou o que está relacionado con esa cidade brasileira. Tamén podemos utilizar o substantivo e adxectivo *fluminense* (procedente do latín *flumen* -*fluminis* 'río') que non é preciso explicar. A orixe da denominación *carioca* parece estar na lingua tupí: nesa lingua

amerindia *kari'oka* viría significando 'casa do branco'. Non está probada a hipótese de existir relación entre ela e a denominación do noso peixe.

Lembrando os afoutados mariñeiros que se xogan a vida para nos traeren bós manxares, despedirémonos desexándolles a lectoras e lectores un ventureiro ano 2019 con esta cantiga tradicional :

*Con castañas asadas  
foxe o friíño;  
con pescada salpresa  
n'hai ruín viño.*

## Ela e el

Existe na nosa lingua un feixe de locucións formadas co pronome persoal suxeito de terceira persoa *el/ela, eles/elas* nas que destaca a maior presenza do feminino e case sempre cunha caracterización predominantemente negativa. Pegada do sexismo na fala?

É o caso da expresión *ser ela* que empregamos en galegoportugués para caracterizar unha situación grave, case de catástrofe, un conflito moi importante: *Entón si que foi ela!* Se quixeramos traducila en español por unha frase da mesma expresividade e da mesma intensidade penso que teríamos que acudir a *Entonces se armó la gorda / se armó la de Dios /la de Dios es Cristo* ou unha similar.

Esta mesma idea de disputa, de porfía, de enfrontamento, está presente noutra locución como *estar nela/andar nela* ou *estar a ela /andar a ela*:

*Sempre andan a ela, o día enteiriño!*

Todos entendemos que o que se dí é que andan a discutir, a pelexar, a se botar ferretes, etc.

Esta pugna non transmite a idea dunha desigualdade entre os contendentes senón dun equilibrio, dunha proximidade de forzas. É por iso que cando nunha partida ou partido dúas persoas ou equipos van moi igualados se dirá que *andan a elas*: nun momento a vantaxe é da primeira e noutro da segunda, a cousa está disputada.

Tamén, cando dúas persoas discuten, poden acudir a dirimiren o resultado mediante o xogo (*Imos a elas?*) que se solucionaría a miúdo co doado e rápido *chinchimonis* (ao parecer nome procedente do inglés *change money*), xogo coñecido en español como *los chinos*. Esta é unha derivación moderna da morra, xa presente na Antigüidade no que o que cómpre adiviñar non é o número de moedas ou pedriñas senón de dedos das mans estendidos.

Noutras locucións, nesa *ela/elas* non está presente o sentido de discusión e pelexa, de competición, e a palabra *ela/elas* debe ser substituída por outra. Así, por exemplo, cando dicimos *Hoxe non estou para ela /para elas* querendo significar '*Hoxe non estou para festa /para lérias, etc.*' Igualmente cando dicimos de alguén que *bota por ela* para expresarmos que presume, fachendea, fala de máis e sen medida nin autocontrol, enténdese doadamente que esa *ela* é a boca. Unha persoa desa caste é moi posíbel que se vexa reprendida irónicamente polo interlocutor ou interlocutora que lle diga con retranca: *Bota por ela, Xan de Varela!*

Non deixaremos de citar unha locución ben galega e ben curiosa, na que o pronome (neste caso masculino ou feminino, segundo o caso) vai

construído con dúas preposicións: *en por el / en por ela*. Co verbo *pórse/poñerse* forma unha expresión que significa ‘establecerse pola súa conta, independizarse’. Por exemplo:

*Esa rapaza traballou primeiro como avogada no despacho da nai e despois púxose en por ela.*

Lembraremos unha cantiga tradicional dirixida a alguén de excesiva presunción:

*Non botes tanto por ela!  
Non teñas tanta fachenda!  
Á túa porta non chegan  
tantos carretos de renda!*

Porque outramente han acabar dicindo de quen así fala que é *un/unha botaporela*.

## A escape

Falamos xa hai tempo de locucións que caracterizan unha acción ou progresión lenta, como *a modo* e outras semellantes. Corresponde tamén, pois, falar de mecanismos gramaticais e locucións que marcan a présa, a rapidez ou a inmediatez temporal. Xa citamos os adverbios e locucións adverbiais *axiña, decontado, pronto, deseguida/enseguida*, etc e expresións como *a fume de carozo, a lume de biqueira, no virar dunha man, nun vira-vira, nun chiscar de ollos, ser un bulebole, un fervello, un sarillo*, etc. e había que engadir *andar nunha roda viva* e outras equivalentes a *non ter paraxe*.

Aínda convén lembrar *a escape, a correr, á presa, nun pulo, nun brinco, ás carreiras* e outras locucións que indican rapidez. Entre as distintas frases feitas que serven para exemplificar desprazamentos velozes, hainas que aluden aos modernos medios de viaxe como *a toda máquina* ou *a todo tren*. A este grupo semella pertencer unha expresión de primeiras desconcertante: *a todo filispín*; a locución seica procede do inglés *full speed* que rotula unha das distintas posibilidades na panca de velocidade dun motor ou nunha maquinaria: a velocidade máxima. Viría sendo, logo, igual que *a toda velocidade, a toda mecha*. Porque a frase ten un aquel de familiaridade e de humor, de expresividade amistosa.

Igual rexistro familiar teno a locución moderna *ir/andar mangado*, na que o verbo *mangar* ten o significado de 'lanzar, precipitar, arremesar, botar con moita forza'. Sobre este modelo apareceron tamén *ir/andar fungado* e mais *ir/andar furado*, expresións doadas de entender pois a primeira alude ao ruído dun motor que funga ao acelerar e a segunda ao feito de un vehículo atravesar vertixinosamente o espazo furando o aire.

Claro que non sempre o que anda a escape (a pé ou nun motor con *tubo de escape*) anda escapado.

Para o verbo *escapar*, fuxir, e para o verbo *marchar* (sexa ou non precipitadamente) ou para o que expresa sinxelamente o sentido de *botarse a andar* temos en galego un bo feixe de locucións para utilizarmos en lugar do español *poner pies en polvorosa, tomar las de Villadiego* ou *pies ¿para qué os quiero?*

Hai expresións que simplemente describen a acción no seu movemento (*apertar as pernas, bater coas patas, bater o zoco/darlle ao zoco*) en tanto que outras aluden ás consecuencias dese movemento (*sacar o formigo dos pés*). Outras aínda enuncian sinxelamente o feito de poñerse a camiñar (*tocar a andar, coller o andante*) ou reclaman figuradamente a axuda dos pés (*chamarlles aos pés compañeiros*) ou insisten no carácter repentino e precipitado da marcha (*non pedir pan para o camiño*). E, naturalmente, hai comparacións elocuentes (*fuxir como un lóstrego, como unha lebre* ou *como un can coa vincha ao rabo*).

Un grupo de expresións moi curiosas aluden ao preparativo que posibilita a marcha (*largar a tranqueira, darlles sebo ás canelas*) ou aos

fatelos e ferramentas necesarios (*coller os frois ao lombo, coller/tocar o pendín*) ou á actitude da marcha (*tocar de esgueiro, irse de esgueiras*). Lembremos que a *tranqueira* ven sendo a tranca que mantén pechada a porta, que os *frois* son os útiles e a roupa miúda que se levan como muda nunha viaxe, que *esgueirarse* é apartarse, desviarse, oblicuarse, e que o *pendín* viría sendo un manto.

Unha frase alude inequivocamente aos afiadores : *coller os ferros e a roda*.

Ao nos despedirmos, honraremos a memoria deses traballadores infatigabeis que percorreron o mundo nunha vida dura e sen paraxe, de moi difícil arraizamento nun lugar. Farémolo co anaquiño dun poema escrito por Xosé Ramón e Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey) unha das persoas que máis teñen feito por dignificar e popularizar aquela figura . Nel emprega o autor tres palabras do barallete, a fala propia dos afiadores : *cambuzar* ('mudar, trocar'), *tola* ('taberna') e *meixúa* ('pousada').

*Dálle así coa roda cen voltas ao mundo,  
cambuza a diario tolas e meixúas  
e despois de andare por tódalas rúas  
fúndese coa terra baixo un ceo de chumbo.*

E cando lle pregunten por como vai a súa saúde e a súa vida en xeral, ha responder, incansábel como sempre: *Ímola virando !*

## Á miñoca

Seguramente as nosas lectoras e lectores terán utilizado ou escoitado esta locución co significado de ‘moi pobremente’ e formando parte dunha frase que utiliza o verbo *andar/vivir/casar/morrer* e algún outro.

Para entendermos ben o porqué deste significado debemos primeiro entender a construción da frase. E para iso temos que sobreentender un verbo que non está expresado nela: *andar á miñoca*, por exemplo, viría sendo *andar a* (*apañar, coller, buscar, pillar, etc*) *a miñoca* > *andar á miñoca*. Naturalmente, pódese apañar miñoca para algunhas funcións determinadas como a de servir para senrada ou cebo da pesca, mais no caso que nos ocupa -como alimento, como mantenza- o que expresa é unha situación ben extrema, quer falemos en sentido literal quer figurado. A frase resulta bastante máis expresiva que a súa equivalente española de *andar a la cuarta/quinta pregunta*.

Usamos moito en galego esta construción (*andar*+preposición *a* + artigo determinado + substantivo) para indicarmos unha actividade regular (por exemplo *O Luís agora anda ás nécoras, antes andaba á sardiña* ou *Cando eramos cativos andabamos aos moquetes por calquera cousa*) e se esta actividade non é sistemática senón momentánea prefírese utilizar o verbo *ir* (*Vou ao pan e volvo loguiño*)

Temos na nosa lingua diversas variantes de *andar á miñoca* como *andar ás minchas* ou *andar aos grilos*, aínda que estas poderían tamén significar ‘estar distraído, aparvado, aboiado, etc.’ Neste último caso preferimos construílas coa preposición *en* (*andar nas minchas* igual que *andar nas verzas, andar nas patacas, andar nas nubes, etc*). Con todo, o significado máis xeral é o de vivir pobremente, pasar fame; velaí un dito galego ben ilustrativo:

*Cando a raposa anda aos grilos, mal para a nai e mal para os fillos*

Esta miseria, esta laceira, esta larica, plásmase en locucións idiomáticas ben expresivas como algunhas que xa temos comentado, ou outras como *non ter máis que o día e a noite* ou *non ter leito nin teito*. E en comparanzas como *ser máis pobre que as arañas* ou *pasar máis fame que un can*.

Hoxe, os catro cabaleiros do Apocalipse campan furiosamente polo mundo e a miseria vai engulindo a cada paso máis terra e máis xente, por moito que nos pregue o aparato de propaganda do sistema. Como pretende esa consigna -espallada polo globo en diferentes linguas- de que *diñeiro chama diñeiro*, que o que teña un pouco, moi logo, a poder de agudeza, terá doadamente máis e hase poñer rico decontadiño, ou cando menos poder vivir folgadamente.

Un dos contos populares galegos recolleitos por Laureano Prieto na fermosa fala da terra ourensá de Viana (*Contos Vianeses*, Galaxia, 1958) e titulado precisamente *Diñeiro chama diñeiro* narra o caso dun inxenuo mociño, que aforrara uns cartiños do que ía esmolando e se deixa cegar polo fulgor das moedas de ouro dun gran establecemento ao lle faceren soñar cun enriquecemento rápido. Ao final queda sen nada porque a cousa é certa, pero algo distinta: *diñeiro chama diñeiro... pero é o muto ao pouco*.

Diríase o conto actual da banca e as súas promesas.

A sabiduría popular ben o advirte: *a non ter calquera chega*. Cómpre, polo tanto, ter moito siso e prudencia, como aconsella esta cantiga:

*Terche moito non convén,  
tampouco convén ter pouco,  
p'ro cómpre, por eso, ter  
sexa moito, sexa pouco.*

Cando menos para ir indo.

## Nin...

Ás veces, para negar dous elementos, atopamos frases negativas construídas cun primeiro adverbio *non* e un segundo *nin* ( por exemplo: *Hoxe non almorcei nin xantei*) aínda que tamén podemos –e é máis frecuente– construír a frase con *nin* nos dous casos (*Hoxe nin almorcei nin xantei*). As dúas teñen practicamente o mesmo significado.

De todos os xeitos, coa mesma construción *...nin...nin...* podemos atopar maiormente tres empregos diferenciados:

1.- Negar exclusivamente as dúas posibilidades, simplemente os dous extremos, como en:

*Nin almorcei nin xantei,  
Nin chamou nin escribiu  
Nin veu en tren nin en avión*

É dicir, non foi nin unha cousa nin a outra.

2.- Negar as dúas posibilidades, os dous extremos, abrindo unha terceira vía, un “territorio do medio” que si se aceptaría:

*Non collas nin tanto nin tan pouco*

Suxeriríase unha posibilidade intermedia

A construción aparece abundantemente con este uso en frases feitas e locucións xa citadas ou novas, como:

*Nin tanto “Arre!” que fuxa nin tanto “Xo! que pare  
Nin tanto ao mar nin tanto á terra  
Nin dous nin douscentos  
Nin moito aló nin moito acó*

3.- Negar as dúas posibilidades, os dous extremos, e mais a totalidade do que se pode incluír no que eles representan:

*El nese asunto nin ata nin desata*

Neste caso, para ben entendermos o sentido, poderíamos utilizar un verbo que englobe os dous significados, acompañado do adverbio de cantidade *nada* (ou *nadiña*, que aínda é máis expresivo e intensivo). No exemplo proposto viría sendo *El nese asunto non decide nadiña/non manda nadiña*.

Naturalmente, esta terceira posibilidade, este sentido absoluto, débese desprender do contexto da utilización da frase, e o normal é que o

teñan unha serie de locucións como *nin pouco nin moito*, *nin arre nin xo* ou *nin pía nin toa*. Por exemplo:

*Non comeu nin pouco nin moito* (= non comeu nadiña)

*Eu chamaba, e el nin “Arre!” nin “Xo!”* (=non se movía en absoluto)

*Ti vela? Nin pía nin toa.* (=non reacciona nada)

Esta última expresión (*nin pía nin toa*) que hoxe citamos utiliza os verbos *piar* e *toar* como sinónimos de ‘non emitir ningún son, non dar sinais de vida’ e de aí pasa a ‘permanecer silencioso e inmóbil, non facer caso ningún’. Unha variante da locución, co mesmo significado, é *nin toa nin zoa*.

E lembremos para remate (aínda que neste caso o *nin...nin...* está incorporado á palabra) un expresivo modismo galego: *ser un ninguén que vai para ningures*. A frase viría equivalendo ao español *ser un don nadie* ou *non pintar nada*.

Despidámonos, xa, cun fermoso arrollo tradicional:

*Non te troco, meu meniño,*

*non te troco, meu amor,*

*nin pola prata da lúa*

*nin polo ouro do sol!*

Por nadiña!

## A pre

É moi empregada en Galiza, mesmo falando en castelán, a locución *a pre* (estar a pre, quedar a pre, saír a pre) e úsase para sinalar un balance de igualdade entre dúas partes ou persoas: non haber perdas nin gaños. Diríamos que *queda a pre* alguén que lle paga a outra persoa a cantidade que lle debía, ou que lle volve un favor que lle fixera, ou lle fai como troco un servizo ao que se sentía obrigado.

A locución úsase moi raramente en España e cando se fai, faise maiormente cun sentido distinto. Así Miguel Delibes utilízaa (*andar a pre / llegar a pre / quedar a pre*) co significado de ‘sen diñeiro ningún’.

É moi probábel que estes dous sentidos contrarios procedan da mesma orixe: o francés *prêt* ‘préstamo, paga diaria dos soldados’, palabra que entrou en portugués e en español (e mais en galego) pronunciada *pre*. Xa en 1813 temos na nosa lingua constancia do sentido de ‘salario’.

O *estar a pre / quedar a pre* galego aludiría ao feito de ter recibido esa paga pendente, ese soldo; viría sendo ‘estar pago, non ter débedas pendentes nin a recibir nin a satisfacer’. O español, pola contra, vería o asunto dende outro punto de vista, anterior a ese momento que non daba chegado: sería ‘estar sen cartos, pendente de recibir o soldo, o pré’. Falando da guerra carlista, un libro de 1869 afirmaba expresivamente: «...Sus denodados hijos se encuentran descalzos, sin pre ni vestuario...». Dous puntos de vista opostos: en galego *estar a pre (recibido)* fronte ao español *estar (a esperar) pre*.

Para os galegos e galegas *estar/quedar a pre* ten no xogo, nas competicións deportivas, nas votacións, etc. un significado próximo ao do verbo *empatar*, producirse un empate, finalizar con igualdade no resultado. Por exemplo:

*Na clasificación hai dous equipos empatados en cabeza*

*Nesa partida quedamos empatadas*

O verbo *empatar* procede, ao parecer, do italiano *impattare*, onde ten o mesmo significado e desde onde pasou a outras linguas románicas como o catalán, o galegoportugués e o español.

No pasado, unha frase habitual nas liortas das romarías era *Quen ma empata?* é dicir ‘Quen ma iguala?’ coa que os mozos desafiaban aos outros a mediren a súa forza con eles.

Outro verbo galego *empatar*, significa ‘unir, prologar, encanar’ e tamén ‘enfiar’ e mais ‘prender os anzós nas liñas’. Nas Rías Baixas úsase *embosar* para ‘atar, empatar, dous cabos de corda’.

E ollo coa diferenza entre a familia de palabras deste segundo verbo e a do primeiro citado, porque no caso que nos ocupa *botar un empate* é o mesmo que *botar un remendo*.

Hai persoas que máis que faceren favores semella que fan investimentos para despois pasaren factura ou pretenderen presionar a quen os recibiu. Desa xentiña mellor é non recibirmos nada, ou, senón, volverllo decontadiño, como se desprende desta cantiga popular:

*Favores que me fixeches  
na cara mos vas botando;  
favores non dan amores,  
libre quedo en chos pagando.*

A pre.

## Gorxa

Tan instalada está entre nós a palabra, que a maioría das persoas se sorprende ao saber que é de orixe francesa. Pois si: *gorxa* ‘garganta’ procede do francés *gorge*, de onde pasou a outras linguas románicas como o catalán e o galegoportugués ou o español (que aínda a conserva en derivados como *gorjeo* ‘rechouchío’). En galego prendeu ben e ancorouse na fala até hoxe. Non por iso é menos galega a palabra *garganta*, documentada xa na nosa escrita medieval en tanto que *gorja* apareceu en portugués só no século XVI.

A gorxa ou garganta é a parte anterior do pescozo oposta á columna vertebral, aínda que tamén nos poidamos referir coa palabra á parte interna, particularmente á farinx e á larinxe. Debemos lembrar que os alimentos e o aire da respiración pasan pola nosa boca á farinx e, despois -abrindo ou pechando a canle- a epiglote envía o aire para os pulmóns pola larinxe e a tráquea e os alimentos e bebidas ao estómago polo esófago.

No galego popular é moi frecuente utilizar a denominación en plural, *as gorxas* (por exemplo, *Colleuno polas gorxas e case o afoga*), o que concorda co feito de os dous últimos condutos que acabamos de sinalar -a tráquea e o esófago- recibiren denominacións populares moi expresivas: *gorxa do aire*, *gorxa do alento* ou *gorxa do vento* a tráquea, e mais *gorxa da comida* o esófago. E, cando, por un mal reflexo da epiglote, a comida ou o líquido colle unha canle equivocada, sentimos un afogo que nos fai tusir para non nos esganarmos. E dicimos que *foi pola gorxa pequena* (sería esta a larinxe), *pola outra gorxa*, *pola gorxa do aire*, etc. Por certo, é curiosa a denominación que a gorxa do alento recibe por terras de Ribeira e que me pasa Fidel Vidal: *o tubo da risa*.

Realmente, cando falamos de *gorxa do aire* (e variantes) ou de *gorxa da comida* non estamos empregando unha locución idiomática senón unha denominación co seu significado literal, aínda que de rexistro popular fronte a un rexistro científico (*tráquea* e mais *esófago*). Caso diferente é cando algunha das palabras que forman a expresión -ou a expresión toda ela- adquire un significado novo, figurado, metafórico; por exemplo, cando dicimos de alguén que é *un cabeza de vento* ou cando dicimos que *ten pouca cabeza*, ou que *é unha chaviña louca*.

A esas persoas inmaduras, das que dicimos que *lles falta unha cecedura* ou *unha fervura*, chamámolas á prudencia, a seren precavidas exhortándoas a *gardar das risas para as choras*, é dicir, a pensar que non sempre todo vai ser boandanza e que poden vir tempos duros para os que cómpre estar preparados.

Estas advertencias claras, maiormente se se fan cunha certa severidade, podemos denominalas, remitindo a un xogo de cartas, *cantar as corenta*, e en español existen locucións como *llamarle al pan* “pan” y *al vino* “vino”, *cantar cuatro verdades*, *cantar cuatro frescas*, etc. Nós, en galego,

temos locucións como *chamarlle ao gancho “cousa torta”* ou *cantar/ dicir as do barqueiro*

A locución derradeira ten a súa orixe nun coñecido conto popular protagonizado polo raposo. Ten el que pasar un río e, como non conta cos cartos que o barqueiro lle pide, promete pagar contándolle *as tres verdades do barqueiro*. Ao comezar a travesía cóntalle a primeira (*Hai quen di que o luar é coma o día, pero eu digo que non, porque mellor vese de día*), de mediada dille a segunda (*A xeadá, hai quen di que é coma a auga, pero eu digo que non, porque a xeadá come os froitos, e a auga, ao contrario, dáos*), e despois de saltar á terra bérrolle, bulreiro, a terceira das verdades (*Ai, compañeiro, se todos che fan coma min, non che fai falta bolsa para o diñeiro!*).

A dura verdade: estás pintando o parvo.

Despidámonos volvendo á alegría e aos rechouchíos da cantiga popular con esta que transcribimos tal e como a recolleu na Limia Xaquín Lourenzo:

*Canta tu, gorxa de sílgaro,  
que a do melro xa cantou;  
o cantar é alegría,  
eu xempre a cantar estou.*

## Mal, e a peor

Ás veces ofuscámonos ante un problema difícil e non lle damos atopado solución, non damos visto a saída, mesmo que a teñamos de diante dos ollos. Como di unha frase feita utilizada en distintas linguas: *as árbores non nos deixan ver o bosque*.

Esta situación é descrita tradicionalmente en galego con frases dunha mesma estrutura, na que facemos variar sinxelamente os elementos que denominan o conxunto e mais as partes integrantes. Dicimos así :

*Estar na aldea e non ver as casas*  
*Estar na horta e non ver as verzas*  
*Estar na leira e non ver os coleiros*  
*Estar na parra e non ver as uvas*  
*Estar na corte e non ver as vacas*

Todas estas frases, que seguen o mesmo padrón, empréganse para caracterizar unha situación momentánea, transitoria, pasaxeira (aínda que poida durar moito). Se quixermos aludir a unha situación permanente, derivada das carencias da persoa que a protagoniza utilizaríamos outro modelo : *ir a... e non...* como temos en *ir á fonte e non ver a auga* ou *ir ao mar e non atopar auga*. Así podemos escoitar :

*Ese é dos que vai ao mar e non atopan auga*

Tratando de escapar dunha má situación podemos ter éxito ou non ; por veces fuximos dun perigo e damos noutro, estamos igual (ou peor aínda) mais cómpre sempre intentalo. Esa idea de escapar de algo e atoparse co mesmo -ou peor- é a que transmite unha frase tradicional moi coñecida e que ten múltiples variantes :

*Fuxir do lume e caír nas brasas*  
*Fuxir do lume e caír na borralla*  
*Fuxir do fogo e caír na brasa*  
*Fuxir da cinza e caír nas brasas (ou na borralla)*  
*Fuxir da chama e caír nas brasas*  
*Fuxir da tixola e caír nas brasas, etc*

(Repárese en que unificamos a mantenta -polas razóns que xa espuxemos no seu día- o verbo en *caír*)

Esa mesma idea podemos expresala tamén coa locución *fuxir do vento e collelo a un* (ou *collela a unha*) *o corisco*. Por exemplo :

*Fuxín do vento e colleume o corisco*

Ou tamén coa de *saír dun souto e meterse noutro* :

*Saíches dun souto e metécheste noutro*

Tamén é unha idea próxima a de facer por unha banda e desfacer pola outra, gañar algo e perder parte, abrir por un lado e pechar polo outro :

*Abres unha porta e pechas un portelo*

Poidamos nós sempre responder como nesta cantiga :

*- Como che vai, miña prima ?*

*Como che vai, miña flor ?*

*Como che vai, miña prima ?*

*- De cada vez a mellor !*

## Xan e Pedro

Xoán e mais Pedro son dous dos nomes máis populares nas linguas europeas dende a aparición do cristianismo, e proceden do hebreu. Os dous – é ben sabido- denominan dous apóstolos seguidores de Cristo dende a primeira hora, e a masiva transmisión dos seus nomes no mundo – coa adaptación concreta a cada área lingüística- fixo que despois deles outros santos e santas do cristianismo levasen o mesmo nome de bautismo.

Mais, ao tempo desta popularidade e devoción, ao se espallaren na Idade Media masivamente entre todas as clases sociais -e moi particularmente entre o campesiñado- fixo que se desvalorizara algo, maiormente no caso de Xoán. Non é preciso procurar moito para atopar esa carga pexorativa como en *João-Ninguém*, *Juan Lanas* e *Jean-Foutre*, ou simplemente unha perda de identidade para tipificar xenericamente a poboación anónima : *Juan Pueblo* ou *John Bull*, o noso *Xan Paisano* ou *Xan de Outeiro*. En galego ese aspecto negativo que ten *ser un Xan* (forma familiar, acrecentada en *ser un Xan de debaixo da cama*) vese compensado ricazmente polo emprego en contextos e cargas positivas (o fértil e luminoso mes de San Xoán, coa súa noite de cacharelas, herbas e sardiñas, ou a xoaniña, ese insecto que collemos amorosamente para deixalo voar).

Sexa como for, Xan é Pedro –próximos no calendario- adoitan ir xuntos (*tan bo é Xan como Pedro / tan bo é Xan como Pericán*) cando non forman un só personaxe como parece neste recitado infantil :

*Xan Perillán (ou Perellán, ou Pericán)  
a cabalo dun can;  
o can era coxo,  
tirouno nun pozo;  
o pozo era frío,  
tirouno nun río;  
o río era branco,  
tirouno nun campo;  
o campo era roxo,  
tirouno nun toxo;  
o toxo picaba,  
Xan berraba  
e o can escapaba.*

E na nosa literatura popular Xan e Pedro son os nomes que ostentan dous compadres case sempre rivais: o raposo e o lobo. Aquí Xan é o agudo pillabán que as mais das veces triunfa sobre do grandón e o fortón (algo parvo) do lobo.

Outro Pedro benquerido na tradición popular galega é *Pedro Chosco*, que personifica o sono e ven adurmiñar os cativiños e cativiñas cando chega o tempo de iren para a cama. É unha especie de avó (*O que non sabe dos bicos*

*do avó non sabe o que é bo)* que lles vai pechando os olliños. E tamén el lles chosca ou chisca os ollos en sinal de amizade e de complicidade.

Chisquémoslle, logo, o ollo a estoutro Pedro nós tamén. Cunha cantiguiña ou arrollo ben fermoso:

*Pedro Chosco é meu amigo,  
e el venme visitar.  
Cando Pedro Chosco ven  
horas son de me deitar.*

Durme, meu ruliño, miña ruliña.

## Como como

Se dicimos *Ese rapaz é un pimpín, engánano todos* estamos facendo unha metáfora. Se dicimos *A ese rapaz engánano todos como a un pimpín* estamos facendo unha comparanza, unha comparación.

A vella distinción escolar diferencia entre estes dous tipos de atribución a unha persoa ou cousa de cualidades ou comportamentos que non lle son propios. No primeiro caso –a metáfora– facémolo afirmándoo rotundamente (aínda que de xeito figurado), sen matizarmos nada. Por exemplo, na coñecida frase *O home é un lobo para o home*. No segundo –a comparanza– introducimos un pequeno matiz mediante algunha palabra que expresa que a semellanza (de igual, de máis ou de menos) non é real senón aparente. Así poderíamos dicir *Ese rapaz come como un lobo*. Como se fose, é dicir non o é aínda que o pareza.

Todas as linguas teñen un amplísimo fondo de comparanzas tradicionais e a miúdo coinciden estas en moitos idiomas. A proximidade cultural, as formas de vida común e o medio natural e social compartido propician ese troco. E, naturalmente, hai comparanzas universais, pois sénteas e enténdelas o conxunto dos seres humanos ; así cando dicimos *ser como o día e a noite, ser doce como o mel ou correr como un lóstrego*.

Ao longo destes artigos de *Como dicilo ?* no Sermos fumos xa aludindo a distintas comparacións (*alegre como un pandeiro/unha gaita, contento como un cuco, comer como un pitiño, ir como un reiciño nun cesto,, durmir como unha pedra, ser como mallar en ferro frío, etc.*).

Imos engadir algunhas outras.

De primeiras, as referidas a adxectivos (e que se construírían co verbo *ser* ou *estar*) :

- *amargo como a xesta*
- *bravo como un toxo*
- *bo como o pan de comer*
- *calado como un peto*
- *duro como un croio*
- *firme como un penedo*
- *forte como un buxo*
- *frío como a xeadá*
- *mollado como un pito*
- *pobre como as arañas*
- *torto como un fouciño*
- *vello como os camiños*

Outros referidos a diferentes accións verbais :

- *correr como o sapo pola cinza*

- *andar como a galiña cos ovos*
- *medrar como o leite no lume*
- *sangrar como un carneiro*
- *saír facendo « fúu ! » como o gato*
- *darse como cogumelos*
- *tremar como unha vara verde*
- *quedarse como un paxariño*
- *andar como a faba na ola*

Naturalmente, a comparanza pode ser irónica, retranqueira, e así a temos en *amiguiños como o can e o gato* ou en *parecerse como un ovo a unha castaña*. E tamén podemos remitirno a un personaxe (real ou imaxinario) como cando dicimos de alguén que *fai como o mestre Cirola, que non sabe ler e xa pon escola*.

Despidámonos, logo, cunha comparanza :

*Os teus ollos, queridiña,  
non son pequenos nin grandes :  
son como cunchas vieiras  
que andan nas costas de Rande.*

Pois seica medianeiros tampouco non son.

## Tanto e máis

Citabamos en artigos pasados (*Xan e Pedro, Como como*) algúns exemplos de frases feitas nos que nunha comparanza a relación era de igualdade. Lembrabamos, por exemplo, *tan bo é Xan coma o seu irmán* (e variantes) e mais comparacións do tipo *calado como un peto* ou *tremar como unha vara verde*.

Podiamos tamén agora engadir outras sobre o mesmo modelo :

*Tan bo é o demo como a súa nai*

*Tan honrado é o caldo como as castañas*

A primeira das frases -negativa para a nai do demo- vese, con todo, contradicida ás veces polo seu comportamento nalgúns contos populares. É ela a miúdo quen acocha e protexe os cativos e cativas en perigo e os libra do seu fillo. Despois de todo, unha nai é sempre unha nai e axuda a fillos alleos que o precisen.

As comparanzas de superioridade adoitan a se construír co verbo *ser* ou co verbo *ter* :

Ser máis parvo que feito de encarga

Ser máis coñecido que a ruda

Ser máis festeiro que unha gaita

Ser máis falso que unha mula

Ser máis forte que unha noz ferreña

Ser máis negro que as ás do corvo

Ser máis vello que andar a pé

Ser máis longo que un día sen pan

Ter máis anos que un carballo vello

Ter máis cravos que unha porta vella

A conto de *encarga*, ímonos deter un pouquiño na chamada «derivación regresiva». Consiste esta na creación de palabras, de substantivos, a partir de verbos para denominarmos a acción indicada por eses verbos, mais en vez de agrandarmos a palabra (como cos sufixos *-ión*, *-ento*, *-ura*, etc.) facemos o substantivo máis corto que o infinitivo : así de *encargar* > *encarga*, de *pechar* < *peche*, de *traballar* > *traballo*, etc.

En galego é moi frecuente a derivación deste tipo formando femininos en *-a* como na locución que nos deu pé. Case todos proceden de verbos en *-ar* : de *falar unha fala*, de *achegar unha achega*, de *sachar unha sacha*, de *conversar unha conversa*, de *estrear unha estrea*, de *regar unha rega*, de *mallar unha malla*, de *obrigar unha obriga*, de *fretar unha freta*, de *rapar unha rapa*, de *mercar, unha merca*, de *salgar unha salga*, de *fartar unha farta*, de *secar unha a seca*, de *labrar unha labra*, e tantos outros. É pouco frecuente en verbos en *-er* (de *perder unha perda*, de *vender unha venda*, de

*render unha renda, de escoller unha escolla...*) e moi raro en verbos en *-ir* (de *subir unha suba*).

Manteñamos sempre a fala, o diálogo, a comunicación, compañeira da solidariedade e do benquerer como recolle esta cantiga :

*Dáme da pera que comes !*

*Da mazán un bocadiño !*

*Da túa boca unha fala !*

*Do corazón un cariño !*

## Cabeza

Iniciamos hoxe -cando imos pondo remate a esta serie de artigos en Sermos- un rapidísimo e pequeniño percorrido do corpo humano no que á fraseoloxía se refire. Comezamos, loxicamente, pola cabeza ou testa, da que xa temos falado algo.

Enriba da testa adoita haber pelo e, en sentido figurado, cando é moi abondoso pódese dicir dunha persoa que *ten moita tella*. Naturalmente, un pelo é unha cousa miudiña, e de aí que cando faltou moi pouquiño para se realizar algo, dicimos que *faltou un pelo* (ou *un peliño*) para que acontecese. Claro que tamén podemos querer dicir -ironicamente- o contrario cando exclamamos *Por un peliño de a metro* !

Tamén é bulreira a afirmación de que a alguén lle *chove na cabeza* (ou que lle *chove dentro*) cando insinuamos que non lle funciona ben.

Distintas locucións caracterizan a expresión da cara: *ter cara de ferreiro* ('de poucos amigos'), *cara de can* ('hostil'), *cara de pau* ('seria'), *cara de lúa chea* ('redonda e cordial'), *ter cara de leite fervido/ ser un caralavada* ('ser un desvergoñado', en español *caradura*), etc. E un dito asegura dunha persoa que a *cara llo dá*, é dicir que os seus trazos faciais informan de como ela é. Cousa que a realidade non confirma.

Lembremos que a locución española *de cara* ('gratis, de balde') é en galego *de moca*.

Tamén temos sinalado xa expresións referentes aos ollos. Sinalamos aquí *botar lume polos ollos* (equivalente ao castelán *echar chispas*), *varrérselle a un a vista* ('marearse, desmaiarse'), que tamén pode ser *varrérselle o sentido / a memoria* e mesmo *o mundo*, *chorar a fío / ás cuncas / os sete chorares* ('chorar seguido, abundantemente'), e -chegando xa ao nariz- *pingar o moco*, forma paródica de dicir *chorar moito*.

A boca é unha das fontes máis ricas da fraseoloxía galega e universal (cousa que non se diría, en vendo os poucos exemplos que aquí traemos); unha importante motivación é o seu papel no comer e outra -a maior aínda- no falar. Á fala refírense *dicir coa lingua pequena* ('falar para un mesmo ou sen que se saiba moito') e o seu contrario *dicir a boca chea*. *Dicir algo de boca para fóra* é só para aparentar, sen crer realmente no que se di, *ser un boca podre* ou *un bocalán* dise de alguén que emprega unha linguaxe mal considerada pola colectividade e *andar na boca da xente, na boca do mundo* ou *na boca de todos* é ser moi criticado socialmente.

Na boca temos a lingua (denominada ás veces coa expresión de *a sen oso*), e cando alguén fala de máis ou o que non debía dise que *bota a lingua a pacer*. Tamén falar moito é expresivamente *darlle ao badal*, en lembranza do son dos sinos ou campás, e máis *darlle ao tarabelo*, que nos remite a algo que dá voltas sen parar.

Na boca, chantados nas enxivas, están os dentes. Claro que non sempre estarán, pois cos anos van caíndo, xusto no momento en que á persoa se lle fai difícil traballar para sobrevivir. De aí este consello que ven da noite dos tempos : cómpre aforrar para a manenza futura, hai que *gañalo cos dentes para comelo coas enxivas*.

E coidadiño, que os *cantos dos beizos* non son cancións senón recantos, comisuras, igual que as dos ollos !

Para expresarmos que estamos fartos de algo ou de alguén dicimos que estamos *até as orellas* (en español *hasta la coronilla*), locución que tamén pode constatar un simple estado de saturación, de encherse ao completo. Neste segundo suposto tendemos mellor a empregar *cheo até os cumios* (o pincho do tellado) en frase equivalente ao español *lleno hasta la bandera/hasta los topes*. E falando do máis alto sinalaremos a locución *estar no peneiriño*, no máis alto da atención pública, no foco da actualidade, equivalente ao español *estar en el candelero* ; *traer unha persoa no peneiriño* sería colmala de atención (como o español *en palmitas*)

Rematando co nariz -do que ben pouco falamos- reproduciremos uns versos que un día improvisou festivamente Eduardo Pondal :

*Cando Eduardo Pondal  
a unha ventana se asoma,  
sal narís, narís, narís,  
e a cara de alí a unha hora.*

Igual o bardo bergantiñán tiña na mente unha cantiga popular que di :

*Eu petei á túa porta  
e no mesmo punto e hora  
saíume narís, narís,  
e a cara de alí a unha hora.*

Teñamos sempre bo humor !

## Colo

Preguntáballe un día a un seu colega unha pediatra nicaraguana temporalmente en Galiza : « *Que es lo que las madres les dan aquí tanto de comer a sus hijos ? Que es eso de colo ? Porque claro -me dicen ellas- el niño me pide colo, no quiere más que colo, y yo... le doy colo !* ». A benquerida e valente Mirna levou unha boa sorpresa ao saber o que era.

Efectivamente, *colo* é unha palabra moi definitoria da nosa relación materno-filial e aos galegos e galegas tráenos un arreguizo de bicos e agarimos. É unha das nosa palabras máis características. Tan nosa se foi facendo que excluiu, na práctica, entre a poboación de orixe galega (mesmo se fala castelán) o vocábulo *regazo*. Moitas persoas hanse sorprenden ao saberen que estoutra palabra é tan galegoportuguesa como española.

*Colo* -que tamén existe con este sentido en portugués- é definido polo dicionario en liña da Academia Galega como :

1 Especie de asento, á altura do peito, formado polas mans e os brazos, ou ben entre a cintura e os xeonllos, cando se está sentado.

*Colle o neno no colo.*

*O neno ía, no autobús, sentado no colo da nai.*

SINÓNIMO *regazo*

2 Parte do corpo que une a cabeza co tronco.

*Inflamóuselle o colo á vaca de tanto rozarlle o xugo.*

OBSERVACIÓNS: Esta acepción primaria foi practicamente desprazada pola forma *pescozo*, particularmente tratándose de persoas, mentres *colo* se especializou na acepción anterior

Engadamos nós que a acepción orixinal da palabra é a segunda, e que a primeira é unha derivación dela. Reparemos -para nos decatarmos ben- en que habitualmente un pequerrechiño ou pequerrechiña (un *nenos/nena de colo*), para se sentir en seguridade, bota o brazo ao pescozo, ao *colo* da súa nai ou da persoa que o leva.

Continuemos co dicionario da RAG:

3 Por extensión. Parte de certas pezas de vestir que rodea o pescozo.

*O colo da camisa.*

4 Por extensión. Parte máis estreita dalgúns órganos ou recipientes.

*O colo dunha botella.*

SINÓNIMO *gorxa* CONFRÓNTASE *vinca*

*O colo do útero.*

Dos distintos significados de *colo* derivan as palabras *colar* ('peza de adorno, de protección ou de amarre de persoas e animais que rodea o pescozo', 'zona das pezas de roupa que rodea o pescozo' e tamén denominación galega equivalente do castelán *solapa*), *colete* ('peza de vestir sen mangas que se pon xeralmente por riba da camisa'), *coleiro* ('cesto alto, moi utilizado na vendima, que se carga rente ao pescozo') e mais *coligada* ('golpe dado no pescozo coa man').

Debemos sinalar un par de locucións relacionadas : *darlle colo a unha botella* (ou recipiente similar) é inclinala deixando pasar ben o aire para permitir a saída do líquido ; *dicir alguén algo para o seu colete* é falar consigo mesmo (en castelán *decir para sus adentros, para su fuero interno*)

E en vez do españolismo *colleja* (derivado de *cuello*) utilicemos *coligada* (equivalente exacto noso) ou outros sinónimos : *calugada, gulifada, pescozada* ou *pescozón*, este último termo tan galego como portugués ou español.

Mais no remate é obrigado lembrarmos de novo o aloumiño da nai :

*Durme, meu roliño, durme,  
durme, durme, meu rolo,  
e cando despertes dime  
se hai berce como o colo*

## Tronco

Seguindo coa fraseoloxía creada a partir da totalidade do corpo humano, temos agora o tronco, que por tras está constituído -dende o pescozo ao van ou cintura- polas costas ou lombo e mais -dende o van ao comezo da perna- polo cu ou traseiro, que chamamos *as nádegas* na súa carnosidade exterior (de aí a expresión *dar/levar unhas nadegadas*).

*Lombo* e *costas* son palabras sinónimas que empregamos indistintamente, non sendo en certas expresións que indican situación ou posicionamento (*estar de costas a, volver/virar as costas, poñerse de costas...*) nas que non poderíamos utilizar *lombo*. Outramente son practicamente intercambiabeis e mesmo aparecen ás veces con ambas formas nas frases feitas. É o caso de *medirlle o lombo /as costas a alguén, andarlle no lombo/nas costas* (ambas expresións co significado de 'baterlle, zouparlle'), *baixar o lombo/as costas* ('traballar' ou 'someterse'), etc.

*O aro do lombo, o fío do lombo, o carrello do lombo* son expresivas denominacións populares da columna vertebral.

E velaí algúns exemplos de frases feitas ben ocorrentes e irónicas:

Cando alguén pide axuda a outra persoa e esta responde que non pode darlla, que lla foi pedir a unha persoa máis necesitada aínda, pode atopar como resposta :*Ti que non podes, lévame ás costas!*

Cando se está caracterizando unha falsa solución, que non resolve un problema, pódese dicir: *É como ter tose e rañar o lombo.*

Cando no medio dun grave problema se quere dicir que a cousa aínda puido ser peor, podemos escoitar: *En canto o pau vai e ven, descansa o lombo.*

A zona do van, dos riles, da cadeira, é chamada na nosa lingua *os cadrís* (palabra galega e portuguesa que non figura no dicionario on line da Academia Galega). Tradicionalmente dise que doen os cadrís, non os riles ou as cadeiras, nin que se ten lumbago.

No remate traseiro do corpo está o cu, que orixina moitas locucións como *facer do seu cu un pandeiro* 'dispoñer libremente do seu', *verlle o cu á curuxa* 'pasar moito medo por un grave perigo ' (non esquezamos que a curuxa era considerada un paxaro de morte) ou *tanto ten dar no cu como no cu dar* -coa variante *azoutar e dar no cu todo é un-* é dicir 'son exactamente igual unha cousa que outra'. *Facer de boca cu* é obrar ao contrario do que se prometera, volverse atrás do que se dixo e mantivo, algo que vemos (e se cadra tamén facemos) con moita frecuencia.

Na parte dianteira superior do corpo humano está *a arca do peito*, a caixa torácica formada entre as costas e as costelas. En rigor -e para que non

**haxa equívocos- diremos *formada entre as costelas* porque a palabra *costela* non denomina só a parte dianteira (que polo seu aspecto máis pequeno e feble xustificaría o diminutivo orixinal, *cost-ela*) senón que denomina o oso enteiro que, partindo da columna vertebral, fai semicírculo no corpo.**

**E no exterior desa arca, xa na pel, as persoas (mulleres e homes) teñen *os bicos dos peitos*, os mamilos.**

**Sinalaremos tamén unha expresión figurada para denominar unha gran opresión sobre a caixa torácica: *ter unha laxa no peito*.**

**Mais rematemos con alegría dentro de nós:**

***A lúa vai encuberta,  
a min pouco se me dá,  
que a lúa que me alumea  
dentro do meu peito está.***

**En boa arca.**

## Extremo e fin (pondo o ramo)

Rematando, logo, esta serie de « *Como dicilo ?* » que xenerosamente acolleu *Sermos Galiza*, falaremos hoxe moi rapidísimamente das extremidades (brazos e mans, pernas e pés) e o seu reflexo na fraseoloxía.

A locución *a brazo aberto* significa ‘con toda a forza’ e *a poder de brazos* ven sendo ‘a base de esforzo físico’. Tamén *falar polos cóbados* ( como en español *hablar por los codos* e en portugués *falar pelos cotovelos*) indica falar moito e son frases equivalentes dela *falar polas orellas*, *falar os sete falares* ou *falar por sete*.

Levar un brazo inmovilizado, pendente do ombreiro ou do pescozo (o español *en cabestrillo*) é para nós *levar un brazo á estribeira* ou *traer un brazo ao colo*. En relación con isto sinalaremos que por terras do Morrazo, cando unha muller se vía nesa circunstancia recibía a pregunta : *Tiveche un mociño ?* Seica se supuña que podía ser o efecto de levalo no colo.

A man daría para dúcias de palabras e locucións que as forman. Ás veces o mecanismo é patente, podendo nós atopar as palabras separadas ou unidas : *unha man chea/unha manchea*, *a man tenta/a mantenta*, *ter man/termar*. A metonimia *unha man/unha manada* indica un cantidade imprecisa, en principio cinco como os dedos, podendo anunciar máis, e *un mangado* é a cantidade que cabe nunha man. *O tintimán* é o tempero, o correcto funcionamento dun aparato, ou do pulso dunha persoa (e de aí que dicimos *collerlle/saberlle*, etc. *o tintimán* (o que en español se chama *el tranquilo*). *A man* ven sendo ‘perto ou de acceso doado’ e o seu contrario é *a trasmán* (*cadrar a man/a trasmán*). *Un/unha man aberta* é unha persoa moi xenerosa ou que deixa escapar o diñeiro, que non *ten man* dos cartos.

A locución *estar man sobre man* significa estar a persoa ociosa, non traballar e *gañar pola man* caracteriza a situación de alguén adiantarse, coller a iniciativa antes doutra persoa que contaba realizar unha acción.

A frase exclamativa *En boas mans está o pandeiro !* ten habitualmente un uso negativo, non de felicitación senón de queixa, e é moi expresiva *cunha man diante e outra detrás* para caracterizar a pobreza, é dicir en nudez total e tapando as « vergoñas ». E a tan elocuente *cunha man chea de nada e outra de cousa ningunha* non precisa explicación.

As pernas son familiarmente chamadas *as canelas* (por unha metáfora que as considera como canas tesas e finas, como caniñas, can-elas) e de alí ven a locución *en canelas*, é dicir coas pernas núas, ao aire. E falamos da *barriga da perna* (tamén en portugués) ou o *papo da perna*, ou aínda da *mazán da perna* para nos referirmos á parte carnosa traseira situada entre o xeonllo e o tornecelo.

Apuntemos un consello que pode ser útil : *A perna doente no leito, a man doente no peito.*

E finalmente, imos co pé. Aínda que non tantas como coa man, habería expresións en abundancia como a propia de *a dar co pé*, é dicir ‘en cantidade’, o que tamén coloquialmente dicimos *a patadas*. Seguiríamos con locucións como *a pé feito* ‘intencionadamente’, ou *a pé quedo* ‘sen se mover nadiña’, ou *polo seu pé* ‘polos seus propios medios, sen axuda’. Habería que agrupar unha serie de frases que indican ‘camiñar ou proceder con moito coidado, moi cautelosamente’ como *andar con pés de lan/con pés de manteiga/con pés de ferro, andar como a galiña cos ovos, andar a pisar ovos, andar nos bicos dos pés, cos pés no aire*, etc. E remataríamos con frases feitas como *meter os pés polas mans* ‘enganarse moito, cometer un groso erro’ (o que coloquialmente tamén se di en galegoportugués *meter a pata*) e que probablemente procede de constatar un exceso de precipitación ao vestirse e facelo de xeito disparatado.

Unha locución adverbial moi utilizada tradicionalmente en galego é *ao pé de* para indicar proximidade, quer no espazo, no tempo ou na cantidade (*Haberá ao pé de dous quilómetros /Chegou ao pé das doce /Costoulle ao pé de doucentos euros*).

Remataremos esta serie como nos gusta facelo en cada artigo, cunha fermosa cantiga popular.

Daremos antes, de novo, o noso agradecemento explícito a *Sermos Galiza* que tan imprescindible é para a continuidade da nosa lingua, e que nos acolleu durante dous anos. E ás lectoras e lectores que seguiron con paciencia estas suxestións e con certeza han seguir amosando a súa preocupación polo emprego dun galego de calidade; en moitos e ben útiles traballos de especialistas han topar seguro proveito.

Ven moi a xeito, pois, esta cantiga :

*Teño eu unha filliña,  
lista como un allo é ;  
inda me non ten un ano  
e xa anda polo pé.*

E se recibe o agarimo da lingua ha falar galego. E do bo !